GRIAL

117

XANEIRO, FEBREIRO, MARZO

TOMO XXXI / 1993

EDUARDO BLANCO-AMOR

XAVIER CARRO:
Claves para unha lectura de *A esmorga*.

MARCOS VALCÁRCEL LÓPEZ:
Cultura obreira e sinais de identidade do proletariado galego en *Xente ao lonxe*.

CLARA TORRES MARTÍNEZ:
A temática amorosa na narrativa de Eduardo Blanco-Amor.

MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ:
Entrevista con Guillermo de la Dehesa.

ROBERTO L. BLANCO VALDÉS:
O soberano impersoal. Algunhas reflexións acerca dos partidos, a democracia e a democracia de partidos.

XULIO RÍOS:
China: ¿unha longa marcha cara ó capitalismo?

ELIXIO VILLAVERDE GARCÍA:
A forxa dun rebelde con causa: Ramón Suárez Picallo.

XOÁN FRANCISCO FERNÁNDEZ:
¿É monte o monte?

GRIAL

117

XANEIRO, FEBREIRO, MARZO

TOMO XXXI / 1993

Director:
CARLOS CASARES
Secretario de Redacción:
XOSÉ MANUEL SOUTULLO
Consello de Redacción:
XAN BOUZADA, XAVIER CASTRO,
CARLOS FERNÁNDEZ, GUSTAVO ADOLFO GARRIDO,
MODESTO LÓPEZ BOUZAS, HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,
MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, DAMIÁN VILLALAÍN
Deseño: M. JANEIRO
EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Redacción, suscrición e distribución:
Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38. Fax: 22 32 05
Imprime: A. G. GALICIA, S. A., Segovia, 19 - VIGO

ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963

Esta revista é membro de ASEI (Asociación de Revistas Culturales Españolas)

EDUARDO BLANCO-AMOR

5 XAVIER CARRO: Claves para unha lectura de *A esmorga*.

18 MARCOS VALCÁRCEL LÓPEZ: Cultura obreira e sinais de identidade do proletariado galego en *Xente ao lonxe*.

30 CLARA TORRES MARTÍNEZ: A temática amorosa na narrativa de Eduardo Blanco-Amor.

42 MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ: Entrevista con Guillermo de la Dehesa.

60 ROBERTO L. BLANCO VALDÉS: O soberano impersoal. Algunhas reflexións acerca dos partidos, a democracia e a democracia de partidos.

82 XULIO RÍOS: China: ¿unha longa marcha cara ó capitalismo?

99 ELIXIO VILLAVERDE GARCÍA: A forxa dun rebelde con causa: Ramón Suárez Picallo.

114 XOÁN FRANCISCO FERNÁNDEZ: ¿É monte o monte?

127 LIBROS:
XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ, CAMINO NOIA, PILAR CASTRO, HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, CARLOS VELASCO, MIGUEL ANXO SANTOS REGO, XOSÉ MANUEL DASILVA, J. VILAS NOGUEIRA.

147 TEATRO:
DOLORES VILAVEDRA.

149 A CULTURA NO MUNDO

151 ÍNDICE DE COLABORADORES.

Claves para unha lectura de *A esmorga*

Xavier Carro

No ano 1959 publícase en Bos Aires *A esmorga*, primeira novela en galego de Eduardo Blanco-Amor. Esta obra foi considerada no momento da súa publicación como unha "novidade na literatura galega"[1]. Podemos afirmar que a noveliña en concreto inaugura a contemporaneidade na nosa narrativa, con ela iníciase a novela moderna.

A Esmorga, título da novela, alude ó aspecto máis superficial da historia: é unha referencia ó material, á farta de comida e bebida entre varias persoas e o compoñente de troula. Pero ademais encerra unha significación máis polisémica que o lector vai detectando en canto se mete dentro do relato. O título aporta uns compoñentes sémicos: esaxeración, ruptura e transgresión. *A esmorga* é unha novela do exceso, da situación límite duns personaxes collidos nun remuíño entolecedor; é tamén a novela da ruptura "violenta" familiar, social. A enchente, polo que ten de exceso, de violencia que se fai o propio corpo, conleva unha forma de destrucción. A abolición das normas implica ruptura e desorde. A enchente participa ademais da quebra da temporalidade, da anulación do cotián e ordinario polo extraordinario e imprevisto do tempo lúdico, que se converte nunha transgresión que comeza no corpo dos protagonistas ata alcanzar a violencia indiscriminada contra todo, culminando na morte, última e tráxica catarse da ruptura.

1. O profesor Tarrío Varela non dubida en incluíla entre o máis selecto da literatura universal.

A esmorga, como é sabido, consiste na declaración de Cibrán Canedo sobre os feitos cometidos polos dous compañeiros esmorguistas, ós cales acompaña desde a mañanciña do luns ata o martes seguinte. O interrogador permanece na sombra; non se coñece a súa identidade nin as preguntas que lle formula ó reo. Cibrán sobrevive vintecatro horas ós outros e o seu final, a súa morte tráxica (suicidio-crime) queda envolta na ambigüidade dos datos que aporta o recopilador, de maneira que o lector extrae, tendo en conta o contexto dos feitos narrados, o desenlace máis axeitado a unha historia de alcohol e violencia.

Pero a novela é moito máis ca unha declaración xurídica, é o soporte dunha historia de historias encaixadas e artelladas unhas noutras. O esquema é ben sinxelo: un narrador conta un suceso que conmoveu a cidade e aínda está vivo nas xentes. Esta estructura repítese para a introducción de dúas historias (a dona do xardín de Andrada e a festa do pazo) no tecido principal. Son historias que veñen traídas polos personaxes e os seus finais son como un anticipo do desenlace. A historia da dona de Andrada xorde no contexto do discurso como unha anacronía ou unha interpolación fantasiosa que naquel ambiente introduce unha realidade transmutada pola fabulación. Un feito real que vén de moi atrás adquire unha dimensión mítica, xa que a xente do pobo vaino recreando imaxinativamente. O misterio e a irrealidade sérvenlle ós personaxes para vivir unha aventura. As figuras albiscadas na lonxanía (a dona e o señor da barba roxa) enmarcan o carácter do "conto". A imaxinación popular tece unha misteriosa e fantástica historia de amores e aventuras.

O Bocas queda prendido pola lenda. A partir deste punto, eses personaxes da "historia" entran a formar parte do mundo dos esmorgantes e convértense en eixe de accións para os tres protagonistas. A muller do señor de Andrada vaise converter nunha teima para o Bocas e marcará as iniciativas e as accións desde o intre en que constatan a súa presencia na ventá.

A historia da dona de Andrada xorde pola proximidade dos esmorgantes ó xardín e porque o Milhomes propón comprobar a veracidade das faladurías da xente. A invasión do recinto pechado (o xardín) é unha violación dun espacio real e ademais mítico. O Bocas queda enfeitizado ante a visión daquela muller, sente a necesidade de achegarse a ela e para iso ten que vencer toda clase de perigos. Juan Fariña asume o papel de heroe, xa que vai ir ata onde non se puido achegar aínda ningún dos seus concidadáns. Hai un afán de protagonismo, pero cuns presupostos inversos ás funcións reservadas a aquel. Ten que salvar todos os obstáculos para liberar á dona belida do seu raptor, que a ten secuestrada, e logo como recompensa, recibir os favores da dona. O Bocas inicia un camiño inverso ó do heroe das historias fantásticas. A entrada nese recinto alleo vaino levar ó descubrimento do desencanto,

á mentira, á desilusión. Sairá fuxindo cando se atope co baleiro dunha realidade longamente desexada. Ese baleiro desencadeará a vinganza nunha inocente e conducirá á morte violenta do Bocas e do Milhomes, resposta a unha situación existencial conflictiva entre conciencia e mundo.

A frustración dos mitos é o significado que se oculta neste episodio; a negación do irrealismo transcedente. Blanco-Amor plasma literariamente os conceptos da fenomenoloxía sartreana. Esta historia da dona de Andrada vai paralela á historia de Lola a Viguesa, unha puta namorada do Bocas. Hai entrambas as dúas historias contrastes e interrelacións de mundos antitéticos. Por un lado, a fantasía ("sandiós, non somella cousa deste mundo") capaz de suplantar o mundo real ("quero estar cunha muller que non sexa puta"), pero, por outro, a realidade, que cando se descobre (muller-moneca) produce un abalón nos cimentos do mundo ilusorio ou ideal. A confusión do Bocas adquire o espesor da noite, da vinganza e da loucura.

O relato do Pega inscríbese nos contos de enchentes tan do gusto da xente. A historia anticipa o que logo vai acontecer. O Pega deixa o relato do sucedido cando os esmorguistas van collendo acomodo precisamente na bodega do Pazo. Eles fan unha festa moi semellante á contada polo amigo do Milhomes: en ambos os dous casos non están os señores.

Lembrémonos da importancia do espacio para o desenvolvemento das accións transgresoras que van enleando as vidas dos protagonistas e complicando a trama. A proximidade do xardín dá pé á historia da dona de Andrada. O refuxio na bodega do pazo está tirado dun suceso do pasado. Nas dúas historias subvértense as normas morais e sociais. *A esmorga* é unha troula e unha vinganza, proque conleva todos os riscos do exceso. As enchentes e as libacións materializan as carencias dos suxeitos, porque sempre subxace un desexo de esquecer insatisfaccións, aínda que sexa temporalmente. No intre mesmo en que os criados irrompen no espacio dos señores, entran nunha relación liberadora a través dos obxectos e enseres destes, violando toda prohibición.

O alcohol é o bebedizo da fuxida que teñen os pobres para saír da súa vida miserable; mentres duran os efectos etílicos, escamotean a realidade e afúndense nun eufórico e pracenteiro nirvana. A pobreza implica un estado de carencias permanentes. As enchentes e as bebedelas son as outras facianas. Como escribe Domingo García Sabell, "a psicoloxía da fame i a psicoloxía da enchenta son, no fondo, a psicoloxía i a moral do medo e do desespero. Do usufructo e non da posesión". O medo, o desespero e o usufructo son tamén os rasgos psicolóxicos destes personaxes marxinais. *A esmorga* é a novela dun progresivo desamarre da vida, dunha fuxida, dunha viaxe sen retorno. O alcohol é o disolvente das conciencias, ó mesmo tempo que indivi-

dualiza e rompe as escasas atadeiras que unen ó entorno. Dentro da sintaxe narrativa, o alcohol é unha forma de violencia nese proceso de destrucción dos personaxes.

O alcohol é o medio fluído, "líquido" no que os esmorgantes se van "liquidando", única porta pola que se lles permite fuxir. *A esmorga* metaforiza esa voracidade destructora, actitude existencial do estar dos personaxes no mundo. Na novela non hai tampouco acougo, breves altos no camiño para proseguir un ruar entolecido. Ese constante fuxir reflecte o desarraigamento que sacode os pesonaxes atrapados na rolda do desespero.

Hai unha gradual e progresiva aparición da violencia. Os actos violentos comezan polas propias relacións dos personaxes cos seus corpos, nunha actitude autodestructiva; segue co trato entre eles, marcado pola agresividade. Os esmorgantes búscanse e agrúpanse só nos momentos de troula para dar solta ós instintos e violentar a normalidade. A violencia acaba por campar por toda a novela, porque fronte á actuación transgresora dos esmorguistas, atopamos a violencia institucional practicada polos gardas civís no "cuartelillo", así como a violencia do interrogador desde o silencio.

Violencia envolvente e continua de accións que vai empurrando traxicamente os personaxes á nada. Pero a súa culminación está nas progresivas mortes que se van sucedendo e alcanza o seu clímax na crueldade dos representantes do poder que criminalmente rematan a culatazos a Cibrán. Esta morte é a manifestación máxima da violencia e atopámola tamén nunha pasaxe de *La catedral y el niño*. Ambos os dous episodios novelescos, penso, están inspirados nun feito real, a morte de Antón Suárez Picallo a mans dos insurrectos ó comezo da guerra civil.

ESTRATEXIAS DA FICCIÓN

A esmorga é unha novela breve, dunha aparente sinxeleza tanto na estructura coma no argumento. Consta dun preámbulo introductorio e dunha nota epilogal, partes ambas as dúas que enmarcan o corpo central do relato e que funcionan como apertura e fechamento da confesión do protagonista-narrador. Este fai unha declaración na que se confesa inocente de certos cargos que se lle imputan. O lector só coñece as respostas que Cibrán dá á autoridade xudicial ignorando a natureza das preguntas. Estas respostas compoñen os parágrafos que son de extensión variable e tecen o fío argumental.

Na novela atopamos dous narradores que contan a historia. En primeiro lugar, temos un narrador-autor que intervén ó comezo e ó final da novela. É o recopilador dos datos respecto do "caso". Trátase dun narrador prototipo de omnisciencia editorial. En segundo lugar, te-

mos un narrador-protagonista que conta en primeira persoa os acontecementos. Blanco-Amor emprega na novela dúas técnicas. Por unha banda, o relato feito polo narrador-autor no que se presentan testemuños e datos sacados dos papeis procesais para reconstruír o caso, e pola outra, a declaración do reo. Blanco-Amor escribe a novela cun estilo moi próximo ó realismo verista. A verosimilitude é un factor que hai que ter en conta, cando o escritor elabora o seu texto e recorre á declaración-confesión como procedemento narrativo é para conseguir credibilidade.

Esta declaración constrúese imitando a lingua oral, porque deste xeito resalta máis a espontaneidade do acusado. As réplicas recollen o incesante devir interior do falante, as palabras veñen cargadas de ritmos emocionais. A novela en primeira persoa é máis intensa porque conta a realidade (ficcional) desde a palabra vivida do protagonista. O texto novelesco de *A esmorga* recrea un determinado discurso, a confesión xurídica dun reo. Desde a pragmática, a declaración de Cibrán é unha confesión encamiñada a obter un fin concreto: deixar patente a súa inocencia nuns feitos que se lle imputan. O discurso novelesco é exclusivamente unha declaración xurídica en boca do protagonista. O seu valor radica en que é un acto lingüístico producido coa finalidade de modificar os comportamentos do xuíz. A única posibilidade que lle queda a Cibrán é a súa propia confesión, marcada polo emprego dos verbos performativos para conseguir os efectos sobre sentimentos, ideas e accións do receptor.

A declaración xurídica do acusado témola que considerar como un discurso exculpatorio. Esta declaración é tamén unha confesión consciente, exenta de xuramento para que non o comprometa moralmente. O procesado, desta maneira, constrúe un discurso dirixido a un receptor, pero ó seu favor, e que non lle prexudique o relatorio dos feitos. Decatémonos da importancia que ten esta confesión referida ós sucesos inculpatorios, porque se artella desde unha persoal visión, desde a subxectividade. O acusado relata, fai alusións ós acontecementos, vai facendo apostilas aclaratorias e elabora unha confesión encamiñada a modificar a conducta do xuíz, e non ten outro medio para convencelo que o seu propio discurso. A confesión persegue a exención da culpabilidade, abrir outra perspectiva desde dentro, de maneira que as razóns aducidas polo acusado sirvan de probas de inocencia ou ben de atenuantes ó veredicto final.

O narrador-autor (transcritor e recopilador) escribe unha crónica a corenta anos da recopilación dos datos e a noventa dos sucesos. A "documentación" é un texto complementario. O primeiro é soporte do segundo, serve de preámbulo explicativo. O texto da "documentación" é un texto complementario. O primeiro é soporte do segundo, serve de preámbulo explicativo. O texto da "documentación" (A) é

unha presentación da declaración do acusado (B). O enunciado catafórico "escribo esta crónica" nada ten que ver co texto B, que é un interrogatorio tomado de maneira taquigráfica por un invisible escribente que o narrador non menciona na nota explicativa. A crónica sempre é un texto dunha testemuña obxectiva. O texto B é a confesión que conta en orde ós seus fins persoais, ben distintos dunha simple enunciación cronolóxica dos feitos. A crónica caracterizase pola concisión e neutralidade. Nada disto atopamos na declaración de Cibrán, subxectiva e mesturada de reflexións no tempo para mellor comprender os feitos.

En *A esmorga* atopamos un narrador-autor que reconstrúe "o caso" para dar unha versión dos feitos o máis achegada posible á verdade. Aquilo é historia, memoria colectiva. O emprego da primeira persoa interpretámola como unha narración persoal dos feitos da colectividade, asunción xa dun herdo mítico e social. O autor-narrador borra os signos da narración novelesca e busca outro sistema de signos alleo á ficción. Artificio, ironía e xogo de convencións que o lector acepta pola propia dialéctica da ficción.

OS PERSONAXES

Cibrán Canedo fai unha declaración ante o xuíz, preséntase, expón os feitos e vai contando a súa vida. O protagonista moldea o seu discurso desde a subxectividade. Esta delicada construción verbal presenta a un home acurralado polo medo que trata de exculparse. En Cibrán coinciden coherentemente visión, voz e personaxe. O "eu" narrador conta unha historia da cal el tamén é o eixe principal coma personaxe sobranceiro. Todo o que sabe o lector, sábeo gracias a ese personaxe protagonista-testemuña que narra os sucesos acontecidos desde a mañá dun luns no que se incorpora acompañando ós outros dous esmorgantes. Blanco-Amor debuxa un personaxe complexo, con profundidade e densidade psicolóxica. Trátase dun ente de ficción con encarnadura de home, o que nos leva a esquecer a súa condición literaria. Conforme imos adentrándonos nas páxinas da novela, descubrimos aspectos novos do ser e da personalidade do protagonista, que vai pouco a pouco halando e impresionando no ánimo do lector. Cibrán ten consistencia e corporeidade. A súa declaración é un longo monólogo cheo de meandros polos que discorre a súa andadura vital.

Cibrán é un personaxe marcado pola enfermidade desde a nenez, pero ademais esta presencia da doenza salienta a visión da existencia como dor, como sufrimento. O personaxe padece males de distintas orixes. Sofre unha enfermidade conxénita, a epilepsia, herdada como a da súa irmá. Todas inflúen no seu comportamento, alterando ou modificando o seu carácter. Na declaración conta con moito detalle os síntomas e desacougos dos seus males. De neno ten a tiña e xa de adul-

to quéixase de ardentía, sabañóns, epilepsia e ademais é alcohólico. Algunhas enfermidades podémolas agrupar en males do desamparo, outras como sociais.

O protagonista sofre repentinos ataques de epilepsia que el chama "pensamento" por quedarse privado de sentido. A enfermidade é similar á padecida pola súa irmá. Males hereditarios que nos fan pensar nunha sífile contraída polo pai. Salientemos que unha das causas desencadeantes do "pensamento", en opinión de Cibrán, é facer accións contrarias á súa vontade. A enfermidade como sinal dunha alteración da conciencia, como somatización do remorso que o atormenta e o afunde nun estado de gran excitación nerviosa. Ten tanto medo dela que busca no viño un remedio para evitala.

O "pensamento" excede ó sentido estricto da doenza física para se converter en anímica. Atopamos nel moitos rasgos dun enfermo depresivo, pero chega tamén a significar máis dentro do tecido simbólico existencial con que Blanco-Amor gusta de situar os seus personaxes. Neste sentido parece acertada a opinión de Gavilanes[2] de que o "pensamento" toma o significado de anguria vital por causas psicolóxicas existenciais. Na nosa opinión, o "pensamento" é unha manifestación do mal, das moitas que o home atopa na súa existencia.

Na vida de Cibrán ten unha importancia substancial o alcohol que por outra parte actúa como elemento de unión dos tres personaxes de *A esmorga*. Estes podémolos encadrar no grupo de "alcoholismo da miseria", homes desarraigados, con problemas de marxinación e con tendencias psicóticas. A bebedela prodúcelle a Cibrán un estado de euforia e plenitude que lle permite evadirse da realidade.

Na confesión de Cibrán hai un abondoso material para facer o seu retrato moral. En primeiro lugar podemos dicir que se trata dun home carente de vontade, incapaz de se sobrepoñer, de temperamento enfermizo. No plano psíquico acusa un sentimento de desamparo. Escrupuloso, cun acusado sentido de culpabilidade que se materializa nunha inseguridade nos seus actos e decisións que alteran incluso a súa saúde. Asocia os remorsos ós ataques. Cibrán fai alarde de se mostrar como un home calquera, incluso marca a diferencia cos outros dous compañeiros. Séntese optimista e contento de facer as paces coa Raxada. Hai un conato de equilibrio vital nesa relación amorosa, séntese querido; ten propósitos de cambiar de vida. Na declaración tamén confesa a súa desgracia, a mala sorte da que non pode fuxir: todos os seus proxectos viñéronse abaixo. Non pode loitar contra esas forzas que o precipitaron no mal; séntese vencido ante un destino que non o deixa ser un

2. Gavilanes Laso, Xosé Luís. "Perfís estructurais de contido e expresión en *A esmorga*", en *Grial* 69, setembro, 1980.

home de ben. Cibrán ten a sensación de ser un home desgraciado, malfadado, pois non pode librarse do sentimento de que se derruban os seus soños, arrastrándoo inexorablemente a un destino tráxico.

Cibrán Canedo é un personaxe que se inscribe na nómina dos derrotados; é un desarraigado, de escuras orixes, sen historia, marxinal e enfermo. Tiñica ou Puchapodre é un suxeito baleiro de atributos e collido nun entolecido remuíño que o empuxa a un desgraciado final. Non podemos illalo do resto dos personaxes. Cibrán configúrase nesa rede de funcións familiares, laborais e amistosas na que está metido, dentro dunha sociedade concreta. A degradación moral, a animalidade e a miseria son os rasgos desta tríada de personaxes.

Os caracteres negativos do Milhomes e do Bocas son necesarios para potenciar a Cibrán; sen eles, o protagonista non alcanzaría o seu espesor humano nin a súa densidade significativa. O personaxe adquire relevo por oposición a estes e ós representantes do poder. O Castizo, o Milhomes e o Bocas son seres abaixados e o seu concepto da vida está limitado, por unha banda, polos instintos, da outra, por un destino cego e fatalista.

O MILHOMES

Eladio Vilarchao é un dos compañeiros de esmorga de Cibrán e cumpre unha función relevante dentro do complexo tecido de accións e relacións que conforman a novela. Trátase dun personaxe importante porque leva a inciativa case ata o final dese itinerario tráxico. Quizais sexa o personaxe máis profusamente descrito. O Milhomes e o Bocas móvense na marxinación social e moral.

Eladio é de oficio xastre, pero tíralle máis a esmorga e a bebida que o traballo. Ten un carácter irreflexivo, amigo das bromas e cun saliente afán de notoriedade. Cando está bébedo desinhíbese e mostra as súas inclinacións homosexuais; comete pequenos furtos. Por outra banda é o personaxe que máis alcumes ten; todos xiran arredor da súa condición homosexual. Cibrán pon de relevo aqueles rasgos feminoides máis sobranceiros e mostra o seu desagrado polas súas actitudes provocativas que adopta en público. Cando o describe, píntao como brando e fofo, de formas arredondeadas que recordan o corpo dunha muller.

Na declaración, Cibrán insiste en destacar o comportamento sexual de Eladio e a súa inclinación cara ós homes. O alcohol desenmascara e libera ó Milhomes, descubrindo unha homosexualidade agresiva e violenta aínda que tamén desenfadada, groseira e procaz, como sucede con esa afección que ten a asumir o papel da muller. Blanco-Amor ofrece unha visión dura da homosexualidade vivida na marxinación por un suxeito no que converxen toda clase de vicios.

Eladio Vilarchao é un personaxe marcado polo exceso, rasgo característico de toda a novela que se vai materializando na violencia que os arrastra ata realizar toda clase de actos gratuítos, irracionais e criminais. A mentira e a falsidade aparecen nestes delitos cometidos polo Milhomes que remata asasinando ó Bocas.

O BOCAS

O terceiro compañeiro de esmorga é Juan Fariña, alias o Bocas, un personaxe cunha función importante. Blanco-Amor estructura o conxunto ternario con elementos ben diferenciados pero complementarios. O lector fórmase unha idea bastante completa a pouco do relato, non así do Bocas que pasa desapercibido ata que descubrimos o seu protagonismo no desenvolvemento dalgunhas accións. O novelista emprega atribucións menos marcadas, vai presentando pequenos elementos psicolóxicos, soltos e distanciados, que endexamais deixan entrever a complexidade do seu carácter e a súa violenta personalidade.

Cibrán non se prodiga na descrición física de Juan Fariña, soamente se refire ós ollos, ollos anunciadores dos seus estados de ánimo. Por eles amósanse as alteracións da personalidade, poñendo ó descuberto o seu carácter maníaco depresivo. Home de conducta e temperamento estraños, tan pronto aparecía ledo e cheo de confianza, como teimoso ou violento e ofuscado. A súa bebedeira víase máis nas cousas que facía, mostrábase valente e destemido, e sacaba nesas circunstancias dotes de mando.

O Bocas presenta un comportamento agresivo baixo os efectos etílicos que quizais poidamos interpretar como expresión dun conflicto da personalidade. Juan Fariña é un home inestable e a orixe está na súa ambigüidade sexual, que lle xera un desequilibrio psíquico debido a un comportamento reprimido, xa que é un homosexual vergonzante que oculta as súas inclinacións e non quere recoñecer a súa condición. O alcohol acabará sendo un pretexto para dar solta á súa verdadeira sexualidade. Juan Fariña, Alifante ou Peitodemacho, como o sinalan os alcumes, fai gala da súa forza e virilidade sempre que pode, pero esta non existe: é tan só unha máscara para ocultar a súa verdadeira condición. Aí pode estar a explicación desa conflictiva relación co Milhomes. Por outra parte, ten unha fixación erótica, desexa unha muller "ideal", fóra do seu alcance, pois quizais sexa a maneira de sublimar a súa condición homosexual. Esa idealización vaise concretar nesa muller misteriosa do xardín dos Andrada. A brutalidade do Bocas coa Socorrito é a súa vinganza polo engano da muller-moneca dos Andrada, a imposibilidade do soño de conseguir ese obxecto desexado.

O Bocas, igual ca Cibrán, sente un vago pulo de escapar (Cibrán a través da Raxada, e o Bocas no mesmo intre que ve aquela dona que o

entolece), pero non hai posibilidade de saír: a itinerancia é circular e o alcohol un caer no abismo. É o mundo albiscado desde a outra banda do paredón, inalcanzable e prohibido. Representa o mundo da ensoñación, expresado polo réxime diurno ou ascensional. Esta "muller" resulta unha imaxe ilusoria na mente daqueles esmorgantes. Aquel ser visto e pensado como unha muller resulta ser unha moneca. O mundo da ilusión, da esperanza non existe para o Bocas. Élle negado, está condenado ó seu mundo, encadeado a un destino tráxico. A desilusión estala nunha violencia destructora. O retorno do Bocas ó seu mundo orixinario é unha caída na maldade e na loucura.

A violación da Socorrito é ó seu último acto de violencia desesperada. O simbolismo das mulleres relacionadas co Bocas pon de relevo a visión nihilista do autor, unha visión moi próxima ós postulados sartreanos da maldade como forma de expresión dun mundo sen sentido.

O XUÍZ

Ó novelista interésalle a figura do xuíz como representante do poder. Non lle importa o home que desempeña o cargo, por iso carece de nome e de presencia física. A súa misión é suficiente para a súa presencia. Non necesita de rasgos nin de atribucións individualizadoras. A incomunicación entre el e mais o reo é recordada ó lector simbolicamente a través da constante presencia dos guións que a maneira de cortes tallantes rompen a declaración nunha serie de fragmentos imposibles, xa que non serven para modificar a conducta do interlocutor. O xuíz non dialoga, sentencia. Esta presencia-ausencia do interrogador abre unha corrente de simpatía dirixida ó procesado, pois o lector, descodificando todas as claves da mensaxe, o mesmo as grafémicas que as léxicas, aliñase no lado do protagonista, víctima dun poder distante e opresor.

O xuíz representa o mundo da lei, da norma, da moral establecida, todos eles valores abstractos e impostos desde arriba, mentres que Cibrán pertence ó mundo dos de abaixo, elemental e primitivo, que vive de costas á norma social. Cibrán será a víctima deses dous mundos antitéticos e contrapostos incapaz de racionalizar e interiorizar esas forzas encontradas, polo cal será un ser conflictivo desgarrado polos pulos inconscientes e os preceptos emanados dun mundo distante e opaco.

O ESPACIO

O espacio é o marco representativo dun referente xeográfico onde se sitúan os personaxes. O narrador-autor, na "documentación" remite a un espacio concreto, Auria, trasposición de Ourense. O simple va-

lor deíctico sinala a un universo extratextual, transmutándoo xa nun espacio literario. Auria é o marco. A cidade esvaída na néboa, na chuvia e na escuridade da noite cobra presencia no entramado das súas rúas e prazas, percorridas polos tres esmorgantes.

Auria emerxe misteriosa como se fose un corpo ou unha fortaleza, inaccesible ó desesperado troupelear dos protagonistas. En ningún momento hai integración destes con ela, mais ben asistimos a unha incursión por parte deles nese itinerario de fuxida baixo o guieiro do alcohol, o sexo, e a violencia. Nese continuo vagar no que non teñen acougo, a cidade convértese nunha trampa, anulando toda posibilidade de integración, porque eles veñen de fóra, da marxinalidade e mostran un temperamento transgresor como afirmación da súa individualidade fronte a ela, que é o espacio das leis e das normas morais.

A fuxida acaba no Campo das Bestas, lugar empregado como vertedeiro do cisco da cidade. O seu nome énchese de connotación. Hai por parte do escritor unha intencionalidade simbólica ben clara. O referente témolo que buscar na Gehenna de Xerusalén, esterqueira que pasou a ser un lugar maldito, reservado ó castigo dos malos. Este Campo das Bestas é o lugar escollido para situar o escenario final dos feitos. Esta é a única secuencia descritiva dunha paisaxe desolada, repulsiva e irta, un lugar de putrefacción, un espacio infernal para o Bocas e o Milhomes.

A ATMOSFERA

Á creación da atmosfera reforza a carga simbólica que encerra a novela. O ambiente de *A esmorga* está marcado pola presencia da chuvia, condicionante das actuacións dos personaxes como causación física e moral duns feitos. A chuvia e a bebida son dúas constantes que fan de *A esmorga* "unha novela líquida". A fluidez é un rasgo sémico que afecta tanto á itinerancia como á caracteroloxía dos personaxes.

O permanente cambio de lugares imprime unha dinámica destructora. A fuxida nega calquera itinerario: é un xeito de fluír, de deixarse levar. Os personaxes presentan tamén esa fluidez na súa personalidade alterada, no sentido de que está disgregada e disolta polos efectos do alcohol. A fluidez dos líquidos caracteriza de xeito metafórico esa disolución duns personaxes na fugacidade itineraria. Northrop Frye afirma que toda visión tráxica leva consigo o mito da disolución. A atmosfera é un actante negativo máis. A chuvia é consubstancial ó escenario, pero tamén simboliza o diluvio que conduce ó caos. A néboa e a escuridade suxiren unha desoladora tristura.

A frecuencia do vento durante a noite agoira cambios impetuosos, paixóns desatadas, en resume, violencia xa anunciada pola presencia da lúa "grande e clara", anticipadora de mortes e suicidios. Neste episo-

dio da historia, a lúa funciona como enganadora, de aí o seu poder ilusorio. Ilumina á señora Andrada semivelándoa no seu misterio, falsea a realidade converténdoa en fantasmagoría. Baixo o luar, consúmase o fracaso da ilusión, a mentira da realidade.

A atmosfera vai conformando o destino que pende sobre os personaxes. O mal é un modo de realidade na que quedan atrapados e que os conduce a ese fracaso existencial.

O TEMPO

Na "documentación" atopamos un narrador-autor que escribe a noventa anos dos sucesos e a corenta da recolleita do material. Os feitos sitúanse no pasado respecto do acto da enunciación. O tempo da declaración de Cibrán ante o xuíz é un día despois dos sucesos. Esta dura dous días e sabémolo por unhas marcas temporais insertas na declaración. En cada día hai dúas sesións, de mañá e tarde, separadas pola hora de comer; o reo pídelle ó xuíz que non o traslade ó "cuartelillo" e que lle permita quedar alí. A mesma súplica repítese ó día seguinte. O intento de suicidio e posterior asasinato de Cibrán prodúcese ó final da tarde do segundo día. Na declaración de Cibrán atopamos dous eixes narrativos. Por unha banda, o que se sitúa cronoloxicamente no intre da enunciación (o interrogatorio xudicial), e pola outra, o que se asenta nun tempo pasado. (Os feitos que sucederon durante as vintecatro horas de esmorga). Cibrán relata os sucesos linealmente facendo coincidir as dúas temporalidades. O discurso do protagonista sofre cortes e interrupcións no seu devir narrativo porque vai incorporando outras historias que funcionan como soportes estructuradores do relato principal. Cada unha desta rupturas son anacronías e a súa función é dar paso a un suceso con distinta cronoloxía á expresada.

CONCLUSIÓN

A esmorga é unha novela realista, pero tamén é algo máis, pois descubrimos un tecido simbólico no que se encobre toda unha concepción existencial que reforza ese realismo-materialista que encontramos no plano superficial. A novela ofrécenos, ensarillados, unha serie de aspectos que tivo e ten a sociedade galega, ós que o escritor dá entidade temática no relato. A realidade galega, inmersa no discurso, é consubstancial á ficción. *A esmorga* conta a historia duns personaxes vencellados a unha Galicia que "existiu e existe como sociedade alienada e colonizada nos seus estractos urbanos". Para Francisco Rodríguez[3] estes

3. Rodríguez Sánchez, Francisco: "*A esmorga*: opresión e violencia na realidade colonial", en *A Nosa Terra*, Extra 3.

personaxes son víctimas "dun sistema social e económico que acaba por destruír aos non integrados". Antonio Carreño[4] interpreta *A esmorga* como unha metáfora de Galicia da posguerra. Na nosa opinión pensamos que é unha novela enraizada na propia existencia do home. Non esquezamos que os anos nos que se xesta e escribe *A esmorga* coinciden co auxe da novela existencial. A existencia convértese para o home nun camiño viscoso. Este é o pensamento último e amargo que atopamos en *A esmorga*.

X. C.

4. Carreño, Antonio. "La poética de una confesión: *A Esmorga*, de Eduardo Blanco-Amor". en *Ínsula*, nº 473, Madrid, 1986.

Cultura obreira e sinais de identidade do proletariado galego en *Xente ao lonxe*

Marcos Valcárcel López

Nas últimas décadas, a Historia volve a achegarse á literatura, por moi diferentes motivos, tanto pola propia necesidade de chegar a un público máis amplo que o exclusivo dos especialistas como pola súa apertura a temas e enfoques antes ignorados, como as actitudes ante o amor, o matrimonio e a morte, argumentos que sempre fascinaron ós poetas, novelistas e dramaturgos de todos os tempos. A Historia, pois, recorre ás fontes literarias en busca de información sobre temas dos que ás veces é dificultoso acadar documentación, ó tempo que renuncia ás grandes xeneralizacións en beneficio dos casos concretos[1].

No conxunto da literatura galega contemporánea, poucas obras literarias resultan tan pertinentes para o interese dos historiadores como a obra novelística de Eduardo Blanco Amor, que contén todos os elementos necesarios para unha demorada análise historiográfica. Efectivamente, como na narrativa de Otero Pedrayo ou de Vicente Risco, aínda que desde outra perspectiva, estamos diante dunha obra que, ademais do seu valor como singular e esforzado tesouro literario, cons-

1. Sobre as relacións entre Historia e literatura véxase o informe da revista *Debats*, Valencia, nº 27 (1989), pp. 4-26, con colaboración de Isabel Burdiel, José Saramago, Rafael H. Moreno Durán, Jorge Lozano e Larzer Ziff, así como o traballo de Juan Avilés Farré, "Fuentes literarias e historia social", en *Studia Historica*, Salamanca, vol. VI-VII, 1988-1989, pp. 67-78.

titúe un documento excepcional para coñecer unha parte relevante da realidade social da época, sempre peneirada pola peculiar posición persoal do autor.

En *Xente ao lonxe*, por exemplo, podemos encontrar o axustado deseño dunha cidade, coa delimitación concreta dun espacio urbanizado, cunha funcionalidade económica moi determinada e cunha forte presencia do peso da emigración na vida social da mesma. Neste espacio móvese, entre a harmonía e a conflictividade, unha mesta rede de clases e grupos sociais, que van desde a caduca fidalguía, o señorío e o clero ("as vellas familias de A.", "a clerigalla"), ata os sectores proletarios, o *lumpen* proletariado e un recargado conxunto de grupos marxinais como peóns, moinantes e prostitutas, sen esquencer os grupos pequenoburgueses e os comerciantes de orixe foránea. Encontramos, ademais, apuntes relevantes sobre o poder e as súas institucións, a represión, o sistema político (partidos e eleccións), a cultura e a vida social (o idioma, a escola, o papel da muller na sociedade, as formas de relixiosidade e os costumes, as institucións culturais, etc.), así como apuntes menores sobre sucesos históricos concretos como o motín de Oseira, a desamortización, o desastre colonial e a guerra de Marrocos, entre outros. Trátase, cremos, do máis vizoso fresco sociocultural da Galicia da época, enfrontado cunha vocación realista e mesmo de testemuña literaria, histórica e social[2].

Sorprende, en primeiro lugar, a capacidade á vez globalizadora e sintética da novela que comentamos, novela que o seu autor tiña en gran estima e non deixaba de defender contra algunhas críticas non demasiado eloxiosas que suscitou. Pero ¿como era o Ourense dos anos dez, época na que está ambientada a novela e que se corresponde así mesmo coa primeira década da propia biografía do noso escritor?

Era, en primeiro lugar, unha cidade en pleno proceso de transformación urbana, económica e social. Proceso crucial por canto Ourense foi unha cidade practicamente inmutable entre finais do século XV e inicios do XIX. A cidade medieval viviu os seus mellores momentos sobre a especialización económica no viño e na comercialización deste producto con outros lugares de España. As viñas ocupaban un sesenta por cento das terras aforadas, quedando o resto para cultivos como cereais, legumes, horta e plantas industriais como o liño e o sirgo, ademais de árbores froiteiras e pastos no monte para o gando. A riqueza piscícola do Miño, a caza e a obtención de peles eran outras activida-

2. Subliñamos a importancia do carácter testemuñal desta novela en "Historia e sociedade en *Xente ao lonxe*: o mundo obreiro ourensán desde a novelística blancoamoriana", en "Revista das Letras", *El Correo Gallego*, 1-1-1993, pp. 14-15.

des económicas, complementadas por actividades artesanais ou mineiras relacionadas coa construcción e cos labores agrícolas[3].

A cidade só empeza a mudar o seu perfil urbano nas primeiras décadas do século XIX e este cambio pode simbolizarse primeiro no derrubamento dos arcos medievais das portas de acceso á cidade (Porta da Aira, da Burga e Horta do Concello) aló por 1837. Despois virá a apertura de novas vías de comunicación e a ampliación do casco urbano, configurando xa os eixos do Ourense moderno que Otero Pedrayo definiu como "cidade itineraria". A mediados de século iniciase a construcción do Camiño Novo, logo rúa do Progreso, que formaba parte da estrada de Villacastín a Vigo, rematada arredor de 1863, e dúas décadas máis tarde (1881) chegará o ferrocarril, símbolo inequívoco tamén do Progreso e como tal cantado de xeito entusiasta polo poeta civil Curros Enríquez. Outro factor importante foi a obtención da capitalidade da provincia e de servicios públicos fundamentais, como os correos, insinuando xa a futura orientación á vez comercial e administrativa da cidade[4].

Será deste xeito como a rúa do Progreso chegue a se converter no auténtico corazón do Ourense da Restauración, ó carón da cal se instalan novos asentamentos, fondas e mesóns, hoteis, fábricas de curtidos, ferreterías, as liñas dos coches de cabalos e tamén todo o aparello administrativo da cidade (Banco de España, Hotel de Roma, Deputación e Goberno Civil, Facenda e Audiencia, Seminario, Hospital de San Roque, cárcere, etc.). A nova rúa-estrada fixou o novo límite occidental da cidade e produciu unha translación do seu eixo directriz, de xeito que o ensanche natural da cidade faise agora cara ó Norte, en dirección ó Miño, aproveitando as zonas onde o terreo reunía as mellores condicións de amplitude e nivelación[5]. Con razón falou a este respecto Ramón Otero Pedrayo da "revolución más profunda que haya sufrido la ciudad: el coche, la diligencia y la línea de ferrocarril"; ademais, a nova rúa incorporaba á cidade a Ponte Vella ou Romana, no seu nome popular, abrindo a comunicación co entón concello independente de Canedo ou barrio da Ponte Maior (que permanecerá arredado administrativamente ata os anos corenta deste século).

Nace así un puxante e fermoso Ourense modernista que, en tres ou catro décadas, debuxa un novo plano urbano definido polas rúas do

3. Unha visión sintética para este período en Anselmo López Carreira, *Ourense no século* XV, Vigo, 1991.

4. Como ten destacado Andrés Precedo Ledo en *Orense, centro de equilibrio*, A Coruña, 1991, p. 79.

5. A todo este proceso non foi alleo tampouco o carácter de capital provincial da cidade e a súa condición de sede de funcionarios de servicios como Correos, tal como ten destacado Andrés Precedo Ledo, *op. cit.*, p. 79.

Progreso, Paz Nóvoa (hoxe Paseo), rúa do Instituto (hoxe Lamas Carvajal), Santo Domingo e actual Capitán Eloy (antes estrada de Trives e Basilio Álvarez): é o novo centro da cidade, dunha cidade burguesa, moderna, fachendosa de si mesma que ergue nestes espacios novos centros culturais e de espectáculos como o Club Orensano ou o Salón Apolo. Unha cidade de comerciantes, almacenistas e arrieiros que instalan neste novo espacio os seus primeiros negocios, base da futura función comercial e de servicios do Ourense do noso tempo[6].

A sociedade ourensá que viviu o cambio de século estivo, pois, marcada polos cambios urbanos e pola creación de novas infraestructuras que debuxan o perfil definitivo da urbe. Era unha cidade que a penas rebasaba os quince mil habitantes e que vivía entón a expansión dos servicios públicos e de novas empresas e industrias orientadas ó consumo da poboación urbana: a primeira electrificación da iluminación pública pola Sociedad Eléctrica de Orense; a canalización da auga de consumo desde o río Loña, aínda complementada, dada a súa insuficiencia, polas moi abundantes fontes públicas; a mellora das condicións sanitarias e a creación de novos centros de asistencia médica; obras de pavimentación e de redes de sumidoiros, etc. Como "ciudad alegre, clara y limpia, y también una ciudad que progresa y crece" será definida por Vicente Risco nos anos vinte esta urbe que se caracterizaba aínda polo seu carácter semirural, onde "el campo próximo sin que haya arrabales ni suburbios que lo separen de la ciudad, la cual además se ve invadida todas las mañanas por los campesinos que vienen al mercado"[7].

Este proceso de crecemento e transformación urbana segue o seu curso, sen pausa, entre 1910 e 1936: exemplos do mesmo poderían ser a construcción da Ponte Nova entre 1911 e 1918, que don Eduardo tiña que acordar e que sería decisiva no fortalecemento do obreirismo ourensán, coa chegada de líderes sindicais foráneos, e unha serie importante de obras públicas como as reformas na Praza Maior, a urbanización do parque de San Lázaro, os primeiros estudios para a canalización do río Barbaña ó seu paso pola cidade, as construccións dos edificios do Hospital Modelo da Deputación, Instituto de Hixiene, Banco de España, Facenda, Praza de Abastos e Casa del Pueblo (1929), entre moitos outros. O crecemento queda patentizado na crónica de Arturo Espada, redactor da revista *La Ilustración Universal* de Barcelo-

6. Un achegamento interesante ó Ourense da Restauración, a medio camiño entre a erudición histórica e o periodismo, en Luís Rivas Villanueva, *Do Posío ós Remedios* e *Banqueiros ourensáns na Restauración*, Ourense, 1989 e 1990.

7. Vicente Risco, "Provincia de Orense", en *Geografía del Reino de Galicia,* dirixida por F. Carreras y Candi, Barcelona, casa ed. Alberto Martín, sen data (¿1925?), p. 232.

na que fala en 1929 de "una fiebre renovadora y un noble afán por transformar y modernizar la ciudad"[8].

Tamén a estructura social da cidade queda configurada neste período, particularmente nas décadas que van entre 1880 e 1920. Son estes os anos do apoxeo da arquitectura modernista da autoría de arquitectos como Daniel Vázquez Martínez ou Manuel Conde Fidalgo que enchen as rúas do ensanche da cidade: aínda en 1913 finaliza a construcción do fermoso edificio hoxe ocupado por Caixa Ourense na Avenida de Pontevedra e nos anos seguintes remátanse varios edificios privados no centro da cidade (por exemplo, o chalet de Carlos Taboada ou a casa onde estivo o café La Bilbaína, no Paseo). Construccións todas elas que son expresión da puxante burguesía comercial e funcionarial asentada na cidade, pero na súa maioría de orixe foránea moi diversa: os "maragatos" levaron a fama, pero ó seu carón habería que situar a moitas familias asturianas, castelás, cántabras, bascas e navarras, catalanas, aragonesas, etc. Toda unha xeración de comerciantes ambulantes que chegan á cidade a partir de 1870 e que se instalan definitivamente nas décadas posteriores, creando negocios estables e unha pequena banca local, relacionada co comercio gandeiro e agrario e coas rutas emigratorias a América. Entre todos eles cabe destacar algúns grupos concretos como os almacenistas de alimentación e colleiteiros (as sagas De las Cuevas e descendentes de Joaquín Eire, Francisco Tabarés), os ferreteiros vidos desde Taramundi ou desde o País Basco (Francisco Villanueva, José Zarauza, José Aguirre Pérez), os comerciantes ó por menor de tecidos, quincalla e comercio en xeral (familia Pérez Bobo, Ramón París, fillos de Simeón García, Santos Junquera).

Un segundo bloque social estaría formado polas profesións liberais relacionadas coa xustiza, a sanidade e servicios, auténtico viveiro de políticos locais desde a Restauración ata os anos da Segunda República: avogados, médicos, farmacéuticos, ensinantes, etc., entre os que encontramos desde monárquicos e conservadores como Marcial Ginzo, Alfonso Carballo e os irmáns Taboada Tundidor ata republicanos de diversa orientación como Basilio Álvarez, Luís Fábrega e Alfonso Pazos, ademais dos galeguistas máis coñecidos. Habería aínda que engadir as primeiras casas de banca local (Fuentes Pérez, Pereiro Rey, Simeón García) e os propietarios dos grandes hoteis da época: o Gran Hotel Roma, La Barcelonesa, o Hotel Europa e o Hotel de París figuraban nas estatísticas do ano 1913, todos eles ó longo da rúa do Progreso.

8. Ver *La Ilustración Universal*, Barcelona, novembro 1929 (número dedicado á construcción urbana en Ourense).

Industria, construcción e transporte completaban o tecido socioeconómico da cidade. Predominan aquí as pequenas empresas de carácter familiar, con moi poucos traballadores, coa exclusiva excepción da Fundición do Malingre, única industria con certa concentración de obreiros. Das case 70 industrias censadas en 1913 case un tercio correspondían ó sector da madeira (carpinterías, cadaleitos, ebanistería), outras tantas eran fábricas de chocolates (18), ferreirías (10), imprentas (7) e o resto correspondía ás diferentes ramas da construcción: mestres de obras, pintores, marmolistas, etc. Das últimas sairán nomes importantes da historia política e do obreirismo e socialismo locais como Miguel Serantes, Secundino Couto ou Manuel Suárez, que chegaría a ser alcalde do PSOE nos meses finais da República.

Todo este mesto entramado social é o que serve de fondo á novelística blancoamoriana. ¿Cales son os riscos específicos do retrato do escritor ourensán sobre esta realidade social, que elabora literariamente, non o esquezamos, desde unha longa distancia temporal, cando non espacial e física *A esmorga*? Centrarémonos agora na novela *Xente ao lonxe*, aínda que moitas das indicacións que seguen serven, en gran medida, tamén para a novela do Bocas e o Milhomes[9].

Estamos ante unha novela de protagonismo colectivo, con 170 personaxes, que teñen sido definidos como personaxes-porción, representativos dos diversos estamentos sociais da cidade[10]. Pero en realidade a focalización definitiva dos personaxes fala de dous mundos ben diferentes e opostos, dous pólos dunha realidade nada harmónica, senón máis ben reflexo dun alto grao de coflictividade social. Dunha beira estaban os sectores dominantes, detentadores do poder económico e de *todo* o poder político: o señorío, a fidalguía decadente, o clero e os comerciantes maragatos. Da outra beira, o mundo proletario e os sectores marxinais, o *lumpen* proletariado, moinantes e prostitutas, que se confunden nun mesmo decorado de fondo e na coincidencia dos seus espacios de lecer e de sociabilidade. A penas existe comunicación entre ambos, a non ser a inevitable das relacións administrativas, vehiculizada as máis das veces pola represión do poder. A mobilidade social parece vetada e ata os espacios físicos teñen unha determinada xerarquía de clase, que ten unha expresión formal ben coñecida polos ourensáns malia non figurar escrita en ningún tipo de norma legal: así o lembraba o Toniño Cobas, un neno do señorío, ó referirse ás súas relacións cos nenos populares en "A arrasadeira" de *Os Biosbardos*, indicando a imposibilidade de que estes accedesen ó paseo do medio da Alameda, "que era o do señorío".

9. Para unha lectura sociolóxica de *A esmorga*, véxase M. Forcadela, *A esmorga. Guía de lectura*, Ed. do Cumio, 1991, pp. 71-78.

10. Mª V. Moreno e X. Rábade, *Literatura século XX*, Galaxia, Vigo, 1985, p. 156.

A práctica totalidade das referencias ás clases dominantes de Auria son de carácter burlesco e, ó tempo, moi críticas cos seus comportamentos sociais. Preséntasenos ós comerciantes e almacenistas "do señorío novo" como maragatos que emigraran a Galicia a causa da pobreza da comarca leonesa da que eran orixinarios, engadindo que, pese ó tempo que levaban na cidade, mantiñan os seus costumes e lingua e desprezaban o galego, apropiándose de todo o poder económico: "xente fachendosa e soberbia que chegara a A. facía xa moito, da parte dos maragatos e gameros, a sacar a barriga de mal ano e que agora eran donos de todo e tamén o querían ser da nosa concencia, raio de bestas"[11]. Eles monopolizaban, cos avogados e boticarios, o poder municipal no concello (p. 86), controlaban a prensa *El Eco del Calvario* e diferenciábanse do común da xente ata na súa vestimenta, peiteado e fala, incluídos os nenos "tan feitucos, peiteados e relambidos, co seu bastón e cos puños e os colos relucintes" (p. 185). De certo, na realidade política da época foron estes sectores mesocráticos dominantes no poder local e comerciantes e almacenistas como Francisco Villanueva, José Zarauza, Arturo Fernández Magdalena, Leonardo Pascual Santana, etc. ocupaban os escanos de concellais ou mesmo a alcaldía nas primeiras décadas do século.

A imaxe da fidalguía caduca presenta a mesma caracterización negativa: as "vellas familias" de A. son presentadas entre a "xente ben" da cidade, dada ás calumnias e á murmuración, cabaleiros e donas parasitarios do traballo alleo, das fincas e rendas "en la aldea", ensumidas no ocio improductivo. Vallan como exemplos o personaxe da señora Andrea, orixinaria da boa caste de Chaves e logo enredada cun mocete de fala andaluza ou quizais xitano ou portugués de señorío principal, ou a visión grotesca que o Suso nos dá das súas veciñas as Castranas, "as cus esquecidos", que gastaban as súas tardes en cotorrear, tocar o piano e catar as pulgas no verán. Carecían de criadas e mandadeiras, pese á súa precaria situación económica, pero seguían a considerarse unha clase social superior, incomunicada voluntariamente cos seus veciños populares (pp. 207-208)[12]. Véxase tamén este parágrafo de intención marcadamente denigratoria e sarcástica:

> Todo isto fora moito antes de se aveciñar a señora Andrea entre nós, pro xa andaba, dende facía tempo na nova tradición do pobo, moi corrido de boca a orella, entre as regateiras e comadres, nos

11. *Xente ao lonxe*, Galaxia, Vigo, 1972 (citamos pola 4.ª ed., 1985), p. 57.

12. Resultaría de interese unha análise comparada da visión da fidalguía ó longo da literatura galega do noso século. Contrástese, por exemplo, esta imaxe de Blanco Amor coa maior complexidade dos fidalgos oterianos: Vid. a este respecto, X. R. Quintana e M. Valcárcel, *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*, Vigo, 1988, pp. 67-74.

> plepas sin oficio nin beneficio de cafés e tabernas, nos beizos do señorío de balcón e caldo á merenda, nos xastres amullerados, nos maricallas de salón e nas solteironas de linaxe, nos babións faladores dos casinos e nos "caballeros" e donas parasitarios do traballo alleo, das fincas a render "en la aldea", apoleirados no ocio das grandes moradías con pedra de armas da rúa Sandomingo ou da Pena Vixía, todos iles nivelados polo raseiro da marmuración, vezo principal da vila[13].

Vexamos, finalmente, a imaxe que nos dá o escritor ourensán sobre o outro pólo social da vida urbana, o conxunto do mundo obreiro e dos seus sectores populares, auténticos actores e protagonistas dinámicos da novela, cos que a empatía do escritor parece evidente. Hai en *Xente ao lonxe* unha intención consciente de retratar un mundo obreiro que está a pasar por unha fase de construcción como clase organizada e con conciencia de seu. Este proletariado, con residencia nos "arrabaldos de casas de pallabarros onde vivían os máis dos traballadores" (p. 65), caracterízase precisamente pola súa incipiente autoorganización como clase autónoma, que está a iniciar un proceso de debate interno e de reflexión para autoconstituírse como colectivo social autónomo; como di un dos personaxes referíndose ás xuntanzas dos sábados, despois de cear, na casa do Aser, tratábase entón de "falar das cousas dos traballadores (co que) non se lle fai mal a ninguén, digo eu, que si eles non falan das súas cousas quén vai volver por iles" (p. 85). E alí se trataban non só temas laborais concretos, senón tamén outros da política nacional e internacional, nomeábanse delegados nas asembleas e nas reunións federais e realizábanse tarefas de adoutrinamento socialista.

Estamos, pois, ante un salto cualitativo moi importante respecto ó sistema de valores e as pautas sociais presentes en *A esmorga*: fronte a aquel *lumpen* proletariado marxinal e vencido, arredado da política e refuxiado nos prostíbulos e nas tabernas, que incorre de forma case espontánea e natural na delincuencia, encontramos agora un mundo obreiro organizado como clase en si mesma, moi ideoloxizado e en posición de defensa consciente dos seus intereses. O Bocas, o Castizo e o Milhomes eran aínda seres abaixados, perdidos e esbandallados, afastados de calquera preocupación moral e transcendente e cun concepto da vida limitado polos instintos e por un destino cego e fatalista; o propio Blanco Amor chegou a calificar ó Cibrán nunha entrevista como "un alcohólico y débil mental", definición que pode ser matizada pero que reflicte nidiamente a negativa consideración para o propio

13. *Xente ao lonxe*, Galaxia, Vigo, 1985 (4.ª ed.), p. 51.

escritor deste personaxe[14]. Outra é a perspectiva e o mundo que se nos ofrece en *Xente ao lonxe*. Xa non se trata aquí de apandar con "la perra vida del trabajador", tal como aceptaban con resignación os protagonistas de *A esmorga*, senón, moi pola contra, de organizarse sindical e politicamente e de utilizar as armas de defensa propias dos traballadores conscientes.

Estamos nas dúas primeiras décadas do século, en anos conflictivos na vida social e política, que anuncian a crise definitiva do modelo da Restauración e a instauración da dictadura primorriverista. O movemento obreiro ourensán era aínda feble e carecía de suficiente experiencia política: ata o primeiro de maio de 1929 non se inaugurará o edificio da Casa del Pueblo na rúa do Progreso, símbolo da madurez e consolidación deste movemento. Aquel obreirismo nacente caracterízase pola importancia no mesmo dos oficios, ben presente na novela: os obreiros son, en primeiro lugar, membros do seu gremio particular e asócianse como tales[15]. Carpinteiros, xastres, tipógrafos, albaneis, canteiros, panadeiros, forneiros, zapateiros, ferradores, tallistas, reloxeiros, barbeiros, os obreiros da Fundición do Malingre: tales son os primeiros gremios e sociedades da cidade, citados todos eles na novela que comentamos e logo coordinados na Federación de Sociedades Obreras, que contaba cuns 400 afiliados naquelas datas[16].

A novela describe axeitadamente cales eran ás actividades fundamentais deste movemento obreiro que sabemos que pasa nesas primeiras décadas por folgas importantes en diferentes sectores (construcción, carpinteiros, peóns e pintores, metalúrxicos...) e que seguirá disciplinadamente a convocatoria das folgas xerais en todo o estado de 1911 e 1917. A folga, o mitin e a manifestación son os instrumentos básicos deste sindicalismo, que cobrará especial forza arredor do Primeiro de Maio. Infórmasenos así mesmo da resposta das autoridades ás mobilizacións obreiras, cun abano diverso de medidas represivas que ían desde o "caír de quincena" para castigos menores ata o desterro definitivo para asuntos de maior relevo político. Será precisamente a festa do Primeiro de Maio o núcleo central do argumento narrativo

14. X. L. Gavilanes, "Perfís estructurais de contido i expresión en *A esmorga*", en *Grial*, nº 69 (1980), pp. 289-290; A. Tarrío, "O relativista Cibrán en *A esmorga*", en *De letras e de signos*, Vigo, 1987, pp. 72-76.

15. Sobre a importancia do sindicalismo de oficio, M. Ralle, "Un 'socialisme des métiers'? Culture politique ouvrière et 'obreros de artes y oficios' (1870-1900)", en J. Maurice (coord.), *Peuple, mouvement ouvrier, culture dans l'Espagne contemporaine*, París, 1900, pp. 169-178.

16. A Federación ou Junta de Sociedades Obreras tivo o seu primeiro centro de reunión nunha vella casa medieval sita na actual praza do Eirociño dos Cabaleiros, de onde pasaría en 1929 á Casa do Pobo, preto do Posío. Sobre esta fase auroral do obreirismo ourensán, M. Valcárcel, "Os inicios do sindicalismo na provincia", en *La Voz de Galicia* (ed. Ourense), 30-IV-1992.

dun dos capítulos finais da novela, que non é máis que o minucioso retrato da celebración da Festa do Traballo, onde se percibe con precisión e exquisita sensibilidade o espírito que animaba a este movemento social. Véxase, por exemplo, a importancia das relacións co movemento agrario dos concellos e pobos próximos, desde Canedo, Gustei e Amoeiro ata Seixalbo, Alongos, o Ribeiro e a Arnoia, integrando así mesmo ós gremios locais das principais vilas da provincia, que se desprazaban con este motivo ata a capital.

Este íntimo vencellamento co mundo agrario define o perfil do obreirismo da época e mantense inmutable ata os anos da Segunda República, con maior ou menor relevancia segundo as épocas; aínda nos inicios do novo réxime republicano comprobamos como os líderes obreiros da cidade e do PSOE daquela época facían continuadas xiras de mitins e actos propagandísticos, coa colaboración das sociedades agrarias dos arredores ou doutras comarcas da provincia, particularmente daquelas integradas na Federación Provincial Agraria da UGT (precisamente no verán de 1931 unha nota da Casa del Pueblo vese obrigada a precisar que a afiliación a unha sociedade agraria non significaba a integración inmediata na Casa, o que evidencia ata que punto se interrelacionaban e confundían ambos movementos sociais.

Aquela festa obreira do Primeiro de Maio celebrouse durante moitos anos no Campo dos Remedios, a carón do Miño, no que constituía unha mestura de reivindicación proletaria e "jira campestre" (así aparece tamén denominada na novela) ou romería popular de carácter festivo e lúdico. Porque esta obra dános tamén datos importantes sobre as formas da vida cotiá destes grupos sociais e sobre as súas formas de lecer, esmorga e sociabilidade. De novo cómpre destacar as diferencias con *A esmorga*, onde a taberna ocupaba un lugar principal e o alcoholismo constituía un argumento crucial no desenvolvemento da acción narrativa. A este respecto é ben coñecida a importancia que tiveron as tabernas como espacio de sociabilidade das clases populares no século XIX e sabemos tamén como o alcoholismo era asociado habitualmente coa delincuencia e co crime, a miúdo en clave de relación causa-efecto e non só polas clases conservadoras senón tamén por parte dos propagandistas socialistas que querían arredar ós obreiros de tan perigoso lugar para a causa proletaria[17].

Moi outro é o ambiente cotián dos protagonistas de *Xente ao lonxe*. Aquí insístese pola contra no carácter dos programas e reivindicacións obreiras máis concretas: a suba dos xornais, a reducción da xornada de

17. Véxase a este respecto: J. Uría, "La taberna en Asturias a principios del siglo XX. Notas para su estudio", en *Historia Contemporánea*, Universidad del País Vasco, nº 5, pp. 53-72; M. Agulhon, "Clase obrera y sociabilidad antes de 1848", en *Historia Social*, Valencia, nº 12, pp. 141-166.

traballo (a loita polas oito horas e os famosos tres oitos (888) das bandeiras proletarias: "oito horas pra o traballo, oito pra istrución i esparcimento e oito para o sono"), as protestas contra a suba do pan e os fielatos de consumos, a loita contra as máquinas que "aforraban homes" e provocaban o paro no gremio dos canteiros, etc. (pp. 113-114, 291...). A novela non deixa de subliñar, ademais, o papel simbólico de certos *mitos* proletarios entón en plena vixencia: velaí o significado da Semana Tráxica de Barcelona, que provocou unha dura represión e esmorecemento do movemento obreiro catalán (p. 314) ou mesmo a Comuna de París, símbolo obreiro e internacionalista do que nos informa o Suso que era obxecto de relato frecuente por parte da súa irmá Evanxelina ("contábame a Comuna de París, como si houbese estado nela", p. 187).

Non menor significación ten o acento anticlerical con que se nos retrata a este obreirismo auroral. No conxunto da novela o clero é sempre presentado con tintes negativos, "a clerigalla", como un grupo social que comparte os privilexios e prebendas do señorío, detentador dun indiscutible poder político e económico e pilar indiscutible da autoridade civil, símbolo, en suma, da intolerancia, a opresión e o fanatismo, cuns perfís que seguen unha liña xa habitual en certa novela española do realismo e naturalismo decimonónicos. Isto explica a abundancia de personaxes con comportamentos anticlericais, como a desvergoñada María dos Accidentes ou Bricio Pampín, "fraco, tatexo e tremendo blasfemador que practicaba o ateísmo como si o traballase a cincel", que amosan fielmente a forte carga anticlerical das clases populares da época, do obreirismo e mesmo do republicanismo da época, pois abranguía por igual a intelectuais que a proletarios, e que tiña a súa base, en gran parte, nas propias insuficiencias dun clero pouco formado e escasamente trascendente[18]. Pero ademais o anticlericalismo foi un sinal de identidade do propio socialismo, vixente en gran parte ata os anos da Segunda República e que se compensaba coa fe no valor liberador da cultura e mesmo do simple saber[19]. Este poder liberador da cultura e do saber vai acompañado dunha forte ideoloxización, ben expresa neste parágrafo:

> (...) xa facía máis dun ano que lía nos libros grosos, e xa sabía, de moito e como si fosen dalí, os nomes e as palabras, Kauski, Bakounine, Tolstói, Krotpokine, Sorel, democracia, manifesto, internacional, solidaridade, (era a máis difícil), Central del Partido, Pablo

18. Na opinión de Julio Caro Baroja, *Introducción a una historia contemporánea del anticlericalismo español*, Madrid, 1980, p. 215.

19. M. Tuñón de Lara, "Actitudes socialistas ante la cultura", en J. Maurice (coord.), *Peuple, mouvement ouvrier...*, París, 1990, p. 152.

> Iglesias, boicot, esquirol, sabotaje, represión... (...) En troques, nos "cuadernillos del Socialismo explicado" razonábase todo dun modo tan rematado e nidio que ún non atopaba despóis modo de pensalo doutro xeito, e ún pensaba que si os leran e os obedeceran todos os traballadores do mundo, só con isto, xa estaría todo arranxado da noite pra a mañá e pra sempre xamais (pp. 186-187).

Pero o noso novelista non dubida en marcar o seu persoal distanciamento coas actuacións máis extremistas dalgúns dos seus personaxes, así, referíndose ó antes citado Bricio Pampín e tras narrar como un venres santo se dedicara a manxar xamón ó paso do Santo Enterro, engade "¡Unha besta, o probe!" (p. 297). O narrador en cambio parece identificarse coa actitude moderada e nada exaltada do Aser, tinguida de agnosticismo ante o problema relixioso, que rexeita actitudes como a blasfemia "que non había pra que, e non polo que dicía o Seixo que non valía a pena cagarse no que non había, senón porque ninguén sabía se o de enriba..., e ao millor si". O autor parece, do mesmo xeito, empatizar coa orientación socialista deste obreirismo ourensán, de afiliación "ugetista", e non deixa de censurar ó minoritario extremismo anarquista partidario da acción directa: velaí as alusións ó mesianismo e "idealismo inxel, de cara ou cruz, de todo ou ren" de certas ponlas do movemento (p. 258) ou a denuncia das "arroutadas do 'simplismo' anarquista, sempre disposto a botar a casa pola ventá" (p. 287).

En resumo, *Xente ao lonxe* constitúe un excepcional documento que, pese ó seu carácter de ficción novelesca, pode servir como excelente introducción ó coñecemento do movemento obreiro da época e como testemuña dos grandes riscos da historia social do Ourense das primeiras décadas deste século. Trátase dun retrato singular, sempre peneirado pola personalidade e a posición ideolóxica do seu autor, que aboia en multitude de páxinas e personaxes, pero que ten o mérito evidente de ofrecer un gran fresco urbano e popular, moi diferente da gran maioría das obras narrativas da época e así mesmo do conxunto de escritores que, ó longo do tempo, fixeron de Ourense un universo literario con personalidade de seu no conxunto das nosas letras.

M. V. L.

A temática amorosa na narrativa de Eduardo Blanco-Amor

Clara Torres Martínez

O Amor, este neno tarabeleiro, vagando decote por este vasto universo. É áxil e posúe dúas ás para levantar o seu voo. ¿Como deter o seu voo...?

Ovidio, *Ars Amandi*

E máis aínda, ¿como conquerir o seu acougo no seo de quen o anceia? O complexo ámbito que envolve o sentimento amoroso, engastallado en todos os aditamentos que o conforman e fan un todo integral (aínda que ateigado de disonancias e contrasentidos), no que se entrelazan: afecto, tenrura, agarimo..., sexualidade, erotismo, goce..., comprensión, dozura, entrega..., temor, sufrimento, angustia..., e poderiamos engadir unha morea de termos que integran o campo semántico da temática amorosa, contrapostos uns, complementarios outros, pero que sabemos fornecedores de matices dunha mesma emoción, reviste na narrativa de Eduardo Blanco-Amor un especial tratamento que atinxe a categoría de constante ó ser o mesmo nas diferentes obras do autor, tanto na súa producción en lingua galega como nas novelas en castelán.

Cómpre, antes que nada, facer unha clara distinción de dous planos, que adoitan ser complementarios e sen embargo, neste escritor, seguen vieiros independientes: o sexo por un lado e o amor polo ou-

tro. Partimos da análise desta constante na narrativa blancoamoriana na novela *Xente ao lonxe* proxectándoa ó seu través nas demais narracións[1].

O SEXO

No proceso de descubrimentos do propio ego e do mundo circundante, o sexo ocupa un lugar destacado na narrativa blancoamoriana: o sexo como referencia teórica e como realidade tanxible nas súas diferentes manifestacións.

Na novela na que andamos, o neno descobre moi de vagariño a sexualidade a través de experiencias moi diversas. Alusións e conversas un tanto deformantes provocan o seu desconcerto, ata que escoita, por boca dun rapaz moito máis grande ca el, a explicación realista, case científica e totalmente aséptica, do acto da procreación, na que serve de referencia, como exemplo, o apareamento duns cans, feito que o propio neno presencia na experiencia da súa cadela Tula.

Nesta, como nas demais narracións, o sexo maniféstase baixo modalidades diversas:

Onanismo

Aquí tan só unha lene alusión que evidencia a prolongada práctica do protagonista, así como o sentimento de culpa que o acompaña:

> E considerado doutro xeito, tampouco era cabal (nin sano, como me dixera meu pai sin indirectas ningunhas) o seguir facendo o que era propio dos rapaces que non podían facer outra cousa[2].

O descubrimento desta modalidade sexual chega ata o neno pola complicidade dun compañeiro, do mesmo xeito que ocorre en *La catedral y el niño* onde o neno é testemuña agachada, nunha escena concreta, dunha sensación compartida, que lle vai descubrir de socato o sexo, e váinolo describir nos seus trazos máis sobresaíntes, así como o efecto que nel produce tal descubrimento: desacougo e medo.

1. *Xente ao lonxe* (novela). Editorial Galaxia, Vigo, 1973.

A esmorga (novela). Editorial Citania, Buenos Aires, 1959. Outras: Editorial Galaxia, Vigo, 1970, "Biblioteca básica da Cultura Galega", Editorial Galaxia, 1983.

Os biosbardos (libro que contén oito relatos curtos). Editorial Galaxia, 1964, Vigo. (A segunda edición de 1970 contén outro relato máis).

La catedral y el niño (novela). Edición Rueda, Buenos Aires, 1948. Editorial Losada, 1966. Ediciones del Centro, Madrid, 1976.

Los miedos (novela). Ediciones Destino, Barcelona, 1963.

2. *Xente ao lonxe*, p. 306.

O tema da masturbación ocupa todo un capítulo (XVII) na novela en castelán *Los miedos*, tratado cun realismo que puido resultar excesivo para algunhas sensibilidades, razón pola que, ó parecer, foi rexeitada do certame no que quedara finalista. Nesta obra, o neno protagonista presencia o acto e, como en anteriores ocasións, transmítenos a sensación de frustación e culpabilidade como algo inherente ó mesmo:

> Tenía la cara triste. Después se puso los pantalones, los ató con el cordel; todo con cara triste, de mal humor o cansancio, no sé bien, y se marchó andando despacio[3].

HOMOSEXUALIDADE

A homosexualidade, máis ou menso insinuada ou manifesta, tamén aparece reiteradamente tratada na narrativa deste escritor.

Na novela que andamos a analizar, este tema, como feito consumado, redúcese a algunhas alusións a actos de pedastería cometidos por un relixioso, tal vez como elemento de apoio na súa crítica anticlerical, aínda que, tratado máis superficialmente, como algo anecdótico, sen descrición nin impacto emotivo:

> ... Pero cando quixo asegundar co outro, o rapaz contóuno na casa, e levárono diante do bispo e papillou todo[4].

A amizade xera en ocasións situacións propicias ó equívoco e así o atopamos insinuado, por exemplo, nas reunións das amigas da irmá do protagonista, ás que encontra por veces en actitudes sospeitosas:

> ... Eí estaban esbacalloadas, no chan a mor parte delas, algunhas en parexas coas outras xogando aos noivos...[5]

Tamén hai unha curta situación que provoca o equívoco nunha escena de *Los miedos*:

> Aspiró hondo, me cogió la nuca y me echó el humo en la boca, muy despacio, con los labios apretados contra los míos. Yo me atraganté, no sé si por el humo o de asco.
>
> —¿Qué haces, hombre?
>
> Se separó de mí sin contestarme y levantó la barbilla para que terminase con la corbata. Respiraba muy aprisa, como si hubiese corrido[6].

3. *Los miedos*, p. 187.
4. *Xente ao lonxe*, p. 164.
5. *Xente ao lonxe*, p. 114.
6. *Los miedos*, p. 148.

Así como é abertamente sospeitosa a relación existente entre os dous personaxes co-protagonistas de *A esmorga*, que se comportan dunha maneira ambigua e "rara" un co outro, na incongruente disparidade de ambas as dúas personalidades: efeminado un, aquel a quen, paradoxalmente, alcuman de "Milhomes"; e "sete machos" o outro, malia o que protagonizan situacións e adoptan actitudes que provocan o desconcerto do propio narrador.

A homosexualidade como insinuación e inclinación é máis frecuente, e aparece tratada cunha meirande sutileza e efectividade, como algo fondadamente sentido e comprendido polo autor, do que nos pode dar boa proba esta breve digresión encadrada dentro dun diálogo entre o narrador e un personaxe secundario de manifesto atractivo físico e intelectual para el:

> As vegadas nos alcontros dos homes mozos, prodúcense escintileos das afinidades reveladas, súpetos enlaces da simpatía profunda moi semellantes á parte nobre do amor, cicáis ao amor mesmo, tan rexeitado e circunscrito por séculos de represión xudaica e desviado da súa espontaneidade polo medo cristián á caída [7].

En *La catedral y el niño*, o tema ocupa unha parte importante, non só en canto á extensión, senón pola riqueza de matices que rexistra o seu tratamento, a afondada atención que o narrador presta á descrición dos estados anímicos, as emocións íntimas, nunha palabra, a sensación de autenticidade que transmite, como resón da alma que sente, realmente, unha fonda atracción cara a alguén semellante a el.

Xa na segunda parte da novela, o neno narrador comparte o seu protagonismo con outro neno, alguén con quen se sente compenetrado totalmente e a pracer, de quen anda buscando arreo a compaña ás soas. Non se pode dicir que nesta relación exista evidencia de inclinación homosexual, pero préstase a interpretacións deste signo, evidencias en diversas ocasións, como aquí:

> Mi cariño hacia Julio iba adquiriendo la forma de una impaciencia apasionada, más encendida aún frente a la calma de su genio y a la ironía de su carácter tan precozmente maduro. Poder estar con él horas y horas, charlando sin prisas nin testigos, poder reñir por fruslerías, sabiendo que luego tendríamos tiempo sobrado para amigarnos de nuevo sin la angustia de las horas intermedias entre el estimulante enojo y la reconciliación...[8]

Dun xeito moito máis explícito atopamos reflectida a atracción mutua que senten dous mozos, un deles declaradamente homosexual e o

7. *Xente ao lonxe*, p. 261.
8, *La catedral y el niño*, p. 260.

outro, o protagonista, cunha íntima loita, desconcertado e abraiado diante da descoberta das propias emocións.

> Desde hacía tiempo, los coloquios con Amadeo me sobreexcitaban cada vez más. Ya no eran solamente sus palabras y su voz sino su cercanía personal. El sonreía con seguridad monstruosa cada vez que mi turbación se hacía notoria [9].
>
> (...) El contacto extenso con la piel de su cuerpo me producía una sensación de profundo cansancio, y mis músculos se relajaban y cedían, casi sin oposición, entre aquellas fuertes tenazas de manos y piernas [10].

Esta atracción, que nun principio o protagonista sentía cara á sensibilidade artística do outro, vai evolucionando, facéndose máis complexa ó tempo que a asiduidade e compenetración dos seus espiritos selectos os achega perigosamente a unha situación na que se fai previsible un desenlace deste tipo. Sen embargo, as imprevistas relacións sexuais cun personaxe feminino, deciden a resolución cara ó signo da "normalidade" e máis tarde a decantación total a través dun amor fondamente sentido e correspondido pola muller que dá sentido á súa vida.

Sexualidade na parella

O descubrimento da relación carnal entre os dous sexos complementarios é un dos momentos culminantes no vieiro das aprendizaxes reais do neno. Na novela *Xente ao lonxe* o protagonista acada este coñecemento por diferentes canles de información: auditivo, visual, e ó fin, pola súa propia experiencia.

Antes de chegar a esta constatación empírica, o neno vai descubrindo, paseniño e dun xeito progresivo, diferentes parcelas da relación entre parellas. Nun principio, escoitará rumores que van espertando inquedanzas e desacougo diante de algo que aínda non comprende. Máis tarde, a evidencia da realidade chega dun xeito brusco e inesperado, ó presenciar o apareamento duns cans, visión que provoca un forte choque na súa inexperiencia e produce no neno unha reacción de dolor e medo:

> Eu botéime a chorar, axoenllado na rúa, collido ao pescozo da Tuliña, que me lambía a cara, os ollos, os beizos [11].

9. *La catedral y el niño*, p. 306.
10. *La catedral y el niño*, p. 307.
11. *Xente ao lonxe*, p. 103.

Do mesmo modo achamos o tema da iniciación no coñecemento da relación sexual da parella, tratado a través da visión dun apareamento animal na novela *Los miedos*. Neste caso, os protagonistas son unha parella de burros, e como era de esperar, tal descubrimento produce un efecto de choque no neno:

> Después supe que cuando los animales andan alzados hacen eso y cosas peores; entonces no lo sabía y tuve miedo[12].

Un paso máis avanzado neste proceso do coñecemento teórico do sexo vén ser o momento no que é testemuña dun encontro entre home e muller, nesta novela en concreto entre a súa propia irmá e mais a súa parella, aínda que aquí, debido ás peculiaridades contextuais, tal descuberta non produce nel esa reacción de medo e desacougo que adoitaba acompañalo.

En troques, na novela *Los miedos*, a contemplación casual dunha escena de sexo, desagradable e brutal, case pornográfica, provoca un verdadeiro trauma psicolóxico no neno, sendo tal a impresión de noxo e abraio producida pola imaxe presenciada, que tanto el coma o seu compañeiro padecen, de súpeto, unha descomposición fisiolóxica:

> Era verdad. Yo tenía miedo, un miedo como no había sentido nunca[13]. (...) Allí tuvimos que pararnos porque a Diego se le aflojó el vientre y yo me puse a vomitar[14].

O paso da nenez ó mundo do adulto aparece marcado na narrativa deste autor por un momento moi concreto: aquel no que o adolescente, xa no limiar da mozarría, ten a primeira relación carnal cunha muller.

Tanto na novela *Xente ao lonxe* como en *La catedral y el niño*, nas que aparece reflectida esta experiencia dun xeito moi semellante, nótase unha carencia afectiva, de paixón ou lentura humana na referencia desta relación. Parece, máis ben, unha acción de puro trámite, como un paso necesario, un elo na cadea de temporalidade, un mero rito de iniciación e afirmación da calidade de "ser un home".

A descrición que fai o Suso da súa primeira experiencia cunha rameira de ínfima categoría resúltanos deprimente. Máis ca unha situación pracenteira, parece un acto penitencial, unha consumación en prol da autoafirmación da propia virilidade, como o evidencia a acollida que lle tributan os seus compañeiros ó "rematar a faena":

12. *Los miedos*, p. 126.
13. *Los miedos*, p. 180.
14. *Los miedos*, p. 181.

> Cando voltei ao salón, os meus amigos fitáronme dun xeito ledo e cómplice. Erguéronse coas copas nas máns. —Suso, dí connosco: ¡Viva o Primeiro de Maio!
>
> —Viva...[15]

En *La catedral y el niño*, a experiencia, aínda que repetida a miúdo coa mesma compañeira, resulta igualmente pouco cálida e falta de entrañabilidade. Resulta rechamante o feito de que en ningunha das súas descricións apareza tratado o tema con ese mínimo ingrediente de lentura humana, atractivo, tenrura ou, cando menos, paixón, necesario para que se produza a chispa que troque un mero mecanismo, nese proceso de realización do ser humano como capaz de sentir e compartir profundamente as súas vivencias máis auténticas.

De calquera xeito, quen teña dúbidas, ou quen non saiba distinguir con claridade as diferencias semánticas das palabras amor e sexo pode ilustrarse e deprender a diferenciación na obra de Blanco-Amor, xa que para el o sexo vai desligado totalmente do concepto de amor. Soamente no caso xa analizado da atracción homosexual dos dous protagonistas da novela *La catedral y el niño*, o amor e o desexo físico xogan xuntos un curto protagonismo do que máis tarde se divorciarán en dúas direccións paralelas, ambas as dúas dirixidas cara á muller: por unha beira, o sexo sen ilusión nin afecto pola muller posuída, pola outra, o amor puro, idealizado cara á muller non alcanzada.

O AMOR

Como un sentimento difuso, sen fondo raigaño na relación sexual, o amor é un tema necesariamente presente na narrativa que analizamos, como un dos compoñentes básicos da existencia humana, eixo e móbil de todos os aconteceres.

Sen embargo, o amor haino que entender aquí cunhas connotacións moi diversificadoras. Non se trata como canalización dos sentimentos cara a unha persoa determinada, como finalidade á que se tende. É o amor compendio de todos os amores do neno e mais de todas as persoas que compoñen o seu mundo: o amor á nai, á familia, ós amigos, a todo aquilo que é de seu, a súa casa, o seu can, o seu pobo...

O amor apaixonado e ardente pola muller-compañeira atopámolo soamente na novela *La catedral y el niño*, na súa derradeira parte, onde o xove protagonista vai describindo a transformación que se está a producir na súa personalidade, pola aparición na súa vida dun personaxe feminino co que se sente espiritual e fisicamente compenetrado. Pero aínda aquí, o afondamento na análise dos procesos anímicos que po-

15. *Xente ao lonxe*, p. 312.

tencia esta relación amosa falta de credibilidade. Non posúe aquela efectividade é sensación de autenticidade que viramos na descrición das vivencias íntimas durante a súa relación co mozo homosexual.

En *Os biosbardos*, o relato derradeiro amosa tamén un namoramento xuvenil, un caso de fulminante frechazo amoroso a primeira vista, que deixa ó adolescente totalmente incapacitado para nada máis que non sexa a contemplación do ser amado e o arroubamento que lle produce:

> Vina na Praza Maor. Nin daquela nin dempois, reparéi tanto en ninguén. Levaba unha grande pamela con mapoulas de raso, cereixas de vidro, longa brida. Era branca, moi loura, curta de naris, os ollos gazos; beizos grosos, pálidos (...) Xa non me puiden desapartar; non puiden, non. Seguína todo o tempo, aloleado, parvo, alleo de min. Pasáballe por diante, púñame a carón, quedábame atrás...[16]

Malia estar desenvolvido o proceso (que dura unha mañá e mais unha tarde) cunha grande beleza descritiva e unha variada gamma de matices intuitivo-expresivos, non deixa de ser un simple cadro estético, un xoguete literario no que o tema romántico do amor súbito e xuvenil serve de música de fondo nun harmónico conxunto artístico, onde interveñen o folclore, a fantasía, a realidade, o feitizo e o misterio compasadamente conxugados.

O amor pousado, fondo e maduro na parella, preséntase en *Xente ao lonxe* a través da exemplificación nos pais do protagonista. Non é, pois, unha proxección da propia experiencia persoal, senón unha reflexión do observado na experiencia dos seus achegados máis inmediatos, aínda que chega a nós cunha fidelidade e nitidez que poderiámola comparar coa imaxe de luz que reflecte encol da superficie do espello.

Por medio de descrición breves —por veces impresionistas— ou ben transcribindo situacións intranscendentes, cotiás, de escenas que transcenden unha afondada tenrura, accedemos ó coñecemento da entrañabilidade que fundamenta a unión da parella e, consecuentemente, a estabilidade familiar. O tratamento do tema neste caso concreto, ofrece unha alternativa de contrapunto á crudeza e realismo case morboso con que están relatadas a meirande parte das vivencias nesta novela. Sérvenos como ilustración esta pequena descrición envolta nun tosco lirismo que acentúa a súa expresividade:

> Entrou na alcoba, acendéu a bombilla. Sentóuse no leito i ergueu a mamái, amodiño, moi a modiño, polos hombreiros.
>
> Aprixóuna descontra sí. Diulle un bico nunha tempa. A mamái botóuse a saloucar.

16. *Os biosbardos*, pp. 102 e 104.

—Bueno, muller, bueno... bueno, bueno..., arrolándoa como si fose unha nena[17].

Non volveremos atopar este tema encarreirado no mesmo sentido; é, polo tanto, máis ca unha constante da súa obra, case unha ausencia, pois todas as demais veces que o narrador nos vai debullando historias matrimoniais, faino coa marca do desamor, a frustración, o esquencemento en fin que xera a condición de amargura e soidade inherentes á figura da nai na narrativa blancoamoriana.

DESVIACIÓNS AFECTIVAS

Podemos ver plasmada, sen embargo, un tipo de relación "morbosa", de carácter desviado respecto do que se considera "norma", e que o autor reitera en todas as súas narracións. Trátanse de variadas afeccións amoroso-sexuais das que os expertos denominan "complexos" e califican cun apelativo clásico, segundo a traxedia coa que se referencie. Podemos tipificar algunha delas:

Complexo de Antígona

Os efectos de connotacións amorosas entre os irmáns (home/muller, muller/home) teñen un tratamento que vai desde a simple insinuación ata a constatación e descrición pormenorizada dos sentimentos. Imos englobar, dentro deste epígrafe un tanto fachendoso, aqueles casos nos que a atracción entre irmáns sexa tema (aínda que episódico) nas diferentes narracións.

En *Xente ao lonxe*, o protagonista que non manifesta inclinación amorosa cara a ningunha outra rapaza ou moza do seu entorno, experimenta, en troques, pola súa irmá, unha forte atracción, non só pola súa personalidade resoluta e valente, senón que admira abertamente a beleza do seu corpo e confesa que a prefire ás demais mozas amigas súas. No desenvolvemento da novela, o neno loa unha e outra vez a personalidade da súa irmá e refire a cotío a atracción que sente por ela, aínda que non afonda na análise deste sentimento. Temos diversas mostras desta inclinación amorosa cara á irmá, calquera delas pódenos valer:

Gostábame seu corpo, seu modo de combar o colo e de incriñar a testa cando estaba a coser ou ler; seu andar firme e livián, as súas mans, lenes, resoltas e fortes.

17. *Xente ao lonxe*, p. 180.

> Cando me insinaban a bailar o agarrado as súas amigas, non sintía con ningunha aquil desacougo que me puña na táboa do peito a firmeza dos seos da miña irmá[18].

E a confirmación máis evidente desta atracción física atopámola xa cara ó remate da novela, cando o protagonista, case adulto, está a piques de ter a súa primeira experiencia sexual cunha muller. Nese momento supremo, e diante da presencia dun corpo macio que non lle ten ningún atractivo, o mozo lémbrase da irmá:

> Pensei na miña irmá, naquil corpo firme e tépedo, xacente, xa desafiante para os ollos que só o miraban, os peitos bicudos, o ventre liso, o van fino e resistente, as pernas rexas... [19]

Na novela *Los miedos*, hai dous nenos irmáns (neno e nena) que están moi unidos e compenetrados, pero non existen indicios de connotacións do tipo que andamos a describir. Sen embargo, en *La catedral y el niño*, o tema está profunda e dilatadamente tratado. Durante a súa idade infantil, o protagonista ten de aguantar as falcatruadas e chanzas despectivas dos seus medio-irmáns, ó tempo que se decata do vencellamento especial que se dá entre eles, calificando o seu comportamento como inadecuado á condición de irmáns:

> Mis hermanos se hallaban entre las primeras filas de butacas, tan cogidos del brazo y prendidos del mirar que me dió vergüenza[20].

Pouco a pouco, e co paso do tempo, este amor fraternal sobrepasa os lindeiros do permitido e convértese en incesto, como se desprende do que nos conta o narrador:

> Estos fueron los acontecimientos más importantes que siguieron a la fuga de mis hermanastros (...). El telegrama que llegó después, de la policía de Lisboa, diciendo que se habían embarcado en el Clyde, con falsos nombres y documentos conyugales, ya no importó nada. Ya no me quedaba en el corazón ningún asco que consumir. Todo lo demás era dolor[21].

A tendencia cara á descrición de sentimentos de natureza morbosa, a desviacióin contra ó escabroso, son elementos caracterizadores da temática deste escritor, que aínda non sendo consubstanciais co asunto

18. *Xente ao lonxe*, p. 122.
19. *Xente ao lonxe*, p. 311.
20. *La catedral y el niño*, p. 300.
21. *La catedral y el niño*, p. 328.

narrado, matizan fortemente a súa narrativa. Sexa agochadamente insinuadas, ou manifestadas en toda a súa crudeza, preséntansenos algunhas das latexantes verdades que subxacen baixo as aparencias convencionais. Comprobamos máis arriba o tratamento dalgunhas parcelas de temática sexual tradicionalmente pouco axeitadas como material literario. Nestas ocasións parece como se o escritor quixese desatouparnos aqueles aspectos da natureza humana que evidencian o que de menos nobre hai nela, de aí que o lector da súa obra sinta en ocasións unha doada predisposición a interpretar situacións dubidosas cara ó signo do escabroso ou desviado. ¿Podemos falar da presencia de connotacións edípicas insinuadas nalgunhas pasaxes das súas narracións? Tal vez.

Aínda que poidamos andar a extrapolar un pouco as cousas, o certo é que na análise dos sentimentos do fillo cara á súa nai ou ó seu pai, ou da filla cara ó pai, vemos en ocasións certos sinais nos vencellamentos sentimentais que propician unha interpretación deste tipo.

En *Xente ao lonxe* dáse claramente esa atracción que, segundo a psicoloxía evolutiva, existe entre o neno e o adolescente cara ó proxenitor do sexo oposto. O protagonista idolatra á súa nai, a quen acha admirable, fermosa, perfecta.

Na novela *La catedral y el niño,* hai escenas nas que o narrador, cando menta á súa nai, usa, para a súa evocación, tinxiduras descritivas propias dun edulcorado romanticicismo amoroso:

> Mamá, como otras veces, se sentó al borde de mi cama. La miré por entre los párpados contraídos. Estaba realmente hermosa con su matiné de seda azul, su cara de Santa María la Mayor —la misma boca gordezuela, la misma garganta ligeramente convexa, idénticos ojos opacos y negrísimos—. (...) Además era muy fácil imaginársela en tocador de salir o de visitas que era como más me gustaba [22].

A situación contraria, a do excesivo amor polo pai, tamén recollido nesta novela, é un caso illado na narrativa deste escritor, que se caracteriza precisamente pola súa teima en desmitificar a figura do pai. Obxectivo que tamén persegue aquí, xa que esta inicial afección estimativa do pai non comporta unha significación autosemántica, senón que opera como elemento de contrapunto, en función dun posterior deterioro do personaxe, aspecto que será analizado polo miúdo no seu lugar correspondente.

22. *La catedral y el niño*, p. 21.

Como remate deste apartado, mentaremos o tratamento, lenemente esbozado, do tema da desviación amoroso-sexual dun personaxe adulto cara a alguén moito máis novo (xeralmente unha muller madura, dalgún xeito grotesca, que se emperrencha por un neno).

En *Xente ao lonxe*, e "O noxo" de *Os biosbardos*, esta temática encádrase dentro do escabroso-esperpéntico, ó ser, máis que manifestacións amorosas, perversións sexuais (un caso de abuso homosexual en *Xente ao lonxe* e a tentativa de "seducción" por parte dunha vella eivada, verdadeiro cadro surrealista, en "O noxo").

Sen embargo, noutro cadro que aparece en *Xente ao lonxe*, o personaxe feminino que manifesta esta inclinación —chamémoslle "debilidade"— preséntase baixo unha óptica un tanto idealizadora (analizaremos o personaxe como elemento de folletín), o que resta ó tema as connotacións morbosas que se rexistran nos casos anteditos, aínda que o realismo expresivo da descrición sexa tan elocuente como revelador:

> ... que lle gorentaban os mozos, coasi raparigos, que desque os pillaba non lles daba repouso, até deixalos chuchados como de meiga, que algún morrera das resultas, que xa era moito argallar[23].

O amor, en definitiva, é un tema que Blanco-Amor utiliza na súa narrativa cunhas peculiaridades moi reveladoras da súa persoal cosmovisión da vida e mais das relacións humanas: a ausencia de afondamento na análise destes sentimentos, falta dunha auténtica e convincente descrición da relación amorosa home/muller como proceso xerador de vivencias, tratamento desmitificador do amor canalizado baixo múltiples manifestacións de connotacións máis ou menos desviadas e deformantes, e por último, salientar a grande excepción neste esquema xeralizado para toda a súa narrativa: o entrañable cariño, máis que propiamente amor, que xungue indefectiblemente ó neno coa nai, ás veces extensible ós demais membros da familia, ós seus achegados, ó seu can...

C. T. M.

23. *Xente ao lonxe*, p. 40.

Entrevista con Guillermo de la Dehesa

Manuel Rodríguez Álvarez

A presencia de Guillermo de la Dehesa nas páxinas de Grial *non precisa de maiores xustificacións, aínda que a súa traxectoria intelectual e profesional non estea directamente vencellada á cultura humanística. Abonda con reseñar a súa condición de membro de entidades como o* Centre for Economic Policy Research *ou o* Grupo dos 30, *influíntes organismos que reúnen a destacados economistas de todo o mundo co propósito de investigar os problemas económicos internacionais e, se é o caso, sinalar camiños a seguir. O largacío historial profesional deste madrileño de 51 anos é un continuo tránsito por cargos de alta responsabilidade na Administración (foi secretario de Estado de Economía no período 1986-1988), na empresa pública e nas relacións económicas e comerciais internacionais. Pero, ademais, Guillermo de la Dehesa ocupa desde 1988 un lugar importante na actividade económica galega pola súa condición de conselleiro-delegado do Banco Pastor, o que o converte nun interlocutor privilexiado para falar dos nosos problemas económicos e das súas posibles vías de saída. Na entrevista concedida a* Grial, *De la Dehesa manifiéstase sobre esta e outras cuestións, como o papel que debe desempeñar o Estado no mundo de hoxe, o futuro das rexións e os grandes estados nacionais na Europa unida e as novas perspectivas que os avances científicos e os cambios tecnolóxicos poñen diante da sociedade actual.*

—¿Cal era a súa imaxe previa de Galicia antes de vir vivir aquí? ¿Axústase esa imaxe á que está tendo ocasión de formarse como consecuencia da súa presencia en Galicia?

—A verdade é que eu coñecía pouco Galicia. Coñecía moitos galegos, pero os galegos fóra de Galicia son persoas totalmente diferentes



GUILLERMO DE LA DEHESA

a como son en Galicia. Creo que nisto inflúe moito —eu son moi economicista, desgraciadamente, porque teño unha metodoloxía economicista, outros téñena idealista, culturalista...— a división da terra e o minifundismo, que xeran e mesmo condicionan, non diría a cultura, pero si a mentalidade e a forma de actuar e de vivir dos galegos. Daquela, fóra de Galicia actúan de maneira distinta que en Galicia, é algo bastante notorio. A forza da terra e a súa estructura son tales que condicionan a vida dos galegos aquí en Galicia fronte ós galegos que viven fóra. De aí que se coñeces Galicia a través dos galegos de fóra, non tes unha correspondencia clara cando chegas aquí. E ese é un problema importante.

—*¿Cre que actúan ou mesmo poden chegar a pensar de distinto modo dentro que fóra da terra?*

—Os galegos actúan dunha maneira individualista, moitas veces insolidaria, dentro de Galicia. E fóra de Galicia actúan dunha maneira solidaria, colectiva, todo o contrario. E cando despois de vivir fóra como emigrantes —falo de todos os niveis— deciden volver ó seu lugar, adoptan de novo as mesmas características nas súas actuacións e na súa actividade normal.

—*Vén sendo como unha especie de "fatum", de condenación da terra...*

—Creo que a terra ten uns efectos importantes sobre eles.

—*Que arrastran... Pero, en todo caso, está vostede a referirse ó modo de distribuíla, de facela producir.*

—En efecto. E de aí que comezase a ter un coñecemento directo de Galicia unha vez aquí.

—*E ese coñecemento directo ¿correspóndese co dunha sociedade aberta, acolledora, disposta, ou máis ben cunha sociedade pechada?*

—Eu atopei, por certo, unha sociedade moi aberta e que escoita, que é escéptica, moi escéptica, pero moi sutil ó mesmo tempo, que é ambigua... Creo que isto constitúe un dos atractivos de Galicia. Esa sutileza...

—*Unha sociedade para a que non hai nada absolutamente claro, obvio, determinante, rotundo, senón que todo son ambigüidades, sutilezas, escepticismos... E iso, de ser así, ¿non nos podería levar a unha certa parálise, a unha certa inacción...?*

—Efectivamente. Por exemplo, no mundo económico, falando xa quizais moi esquematicamente, porque todos estes son prototipos esquemáticos e non me gustan moito os esquematismos. Pero é certo que a audacia e a rotundidade dos vascos produciu moi bos empresarios, ou que o conservadurismo e a visión comercial dos fenicios asentados no noso Mediterráneo tivo tamén os seus efectos positivos. Nese sentido a dúbida metódica dos galegos e o seu escepticismo resta posibilidades de actuación, aínda que logo hai emigrantes galegos e tamén galegos en Galicia que son grandes empresarios.

—¿Na medida que escapan a esa "maldición" da terra?

—En certa maneira, si. En Galicia hai grandes empresarios, hai tipos brillantes, cunha idea clara do que teñen que facer, de como desenvolver e dinamizar os recursos humanos e productivos. Eu diría que son xente moi viaxada, que coñeceu como funciona o mundo fóra, en Europa, en EE UU. As experiencias —outro tema importante— dos galegos en Europa e en EE UU son, na miña opinión, moito máis fructíferas que as dos galegos en América Latina. E falo desde o punto de vista empresarial, económico. Porque o galego que logrou saír adiante en Europa, en EE UU, Canadá, Australia, fixoo nun marco de competencia, de transparencia... Moitos dos galegos que triunfaron en América Latina fixérono nun marco de falta de competencia, de corrupción, de mundo laboral e fiscal opaco, falto de transparencia. É moi diferente saír adiante nun mundo ou noutro. Eu teño observado como algúns empresarios galegos do exterior, cando volven aquí para facer algo, atópanse cun marco totalmente diferente ó que eles están afeitos e isto réstalles posibilidades, resúltalle moito máis duro do que eles pensaban. As marxes son aquí estreitas, élle máis complicado, mentres que alí ségueno tendo relativamente máis fácil. É diferente, as experiencias son diferentes.

—E mirando un pouco cara adiante, cara ó futuro ¿que perspectivas lle ve a Galicia desde o punto de vista económico?

—Creo que a Galicia se lle pode aplicar a mesma metodoloxía que se lle pode aplicar a calquera outra rexión, cos seus matices, naturalmente. O desenvolvemento potencial dunha rexión calquera está baseado nuns elementos estructurais fundamentais que determinan o seu potencial de crecemento. En primeiro lugar, a situación xeográfica, territorial. Galicia, que estaba moi ben situada de cara ó descubrimento de América, por ser o *finis terrae* europeo, está agora mal colocada con respecto a Europa polas mesmas razóns, por ser un *finis terrae* europeo. A situación xeográfica de Galicia, de partida, é mala nese sentido. Con vistas a unha integración europea que está centrándose nunha zona máis ben orientada cara ó leste de Europa, non cara ó oeste, cos centros de decisión importantes situados na franxa que vai desde Londres a Milán, a situación xeográfica non é boa. Mesmo é probable que ese centro tenda a desprazarse máis lonxe de Galicia conforme se vaian integrando máis países, primeiro da EFTA, Suecia, Noruega, Austria... e logo Polonia, Checoslovaquia, Hungría... En canto á situación de cara ó futuro, inmersos nesa integración europea, estamos nun mal punto de partida. Logo falaremos de como creo eu que se pode mellorar ese punto de partida. A situación é un elemento fundamental. Se Galicia tivese a mesma posición xeográfica que Lombardía, poño por caso, Galicia, daquela, sería unha potencia, ou podería estar moito máis desenvolvida. O segundo aspecto é o que eu chamo "aglomeración". O

asentamento da poboación nunha rexión determina tamén o seu grao de desenvolvemento, porque as chamadas "economías de escala" funcionan dunha maneira decisiva. Se a poboación de Galicia estivese asentada nunha ou dúas grandes cidades, fundamentalmente, e o resto de Galicia fosen grandes extensións de bosques, de prados onde se levase a cabo unha agricultura de grandes economías de escala e productividade, o desenvolvemento de Galicia tería sido moitísimo maior, porque con áreas urbanas dun tamaño relativamente óptimo conséguense custos mínimos de infraestructuras, de comunicacións, de transporte, custos mínimos de reasignación do capital humano. Se alguén, por exemplo, fica parado nunha cidade na que se desenvolve o 30 ou 40% da actividade económica, é máis fácil que atope dentro dela unha alternativa de traballo que se queda parado en Lalín, por exemplo. Logo, a aglomeración é fundamental e desde ese punto de vista estamos mal colocados, aínda que na boa vía. Galicia está mal situada, pero na boa vía.

—*Na boa vía da urbanización...*

—Eu vexo Galicia dentro de vinte anos, e alguén pode escandalizarse polo que digo, como unha urbe costeira moi, moi longa, que une Ferrol con Carballo, coa Coruña, con Santiago, con Pontevedra, con Vigo e mais con Oporto, na que estará concentrado o 80 ou 90% da poboación. E o resto de Galicia, coa excepción de enclaves como Lugo, Ourense ou algunha outra cidade, será unha Galicia á que se vai nas fins de semana, con grandes parques naturais, explotacións naturalmente madereiras, lácteas... pero cunha base sólida urbana ó longo dese eixo. Se se analiza como se está a mover a poboación dentro de Galicia, vese que se está concentrando máis na costa, que vai sendo cada vez máis urbana, menos rural, e esa é unha tendencia clara, que se vai ver ademais aumentada pola integración: conforme o Mercado Único é maior, as economías, os óptimos de producción, teñen que ser maiores, as escalas teñen que ser maiores e a especialización rexional será maior. Todo iso leva a concentrar esforzos e a urbanizar. Claro que hai un momento en que esas zonas urbanas chegan a ser negativas para o desenvolvemento, pero iso ocorre cando se chega a uns tamaños de megalópoles, concentración, polución, conxestión, perda de tempo nos traslados... e entón, ó final, o que se aforra por economías de escala pérdese por deseconomías de perda de tempo no tráfico, nos desprazamentos, na conxestión... No que se refire á aglomeración, estamos no bo camiño. O feito de non estar rematada a autoestrada moito antes, retrasou o desenvolvemento de Galicia dez anos ou máis. Esa foi unha grave, gravísima equivocación. Pero hoxe, nese aspecto, estase no bo camiño. Logo temos que considerar a estructura sectorial da producción, que é outro elemento fundamental para determinar o nivel de desenvolvemento dunha rexión. Está demostrado que cando unha rexión ten un maior peso da agricultura tradicional e dos servi-

cios tradicionais, ten unha productividade moi baixa fronte á industria ou fronte ós servicios ou á construcción. E os países que teñen menos productividade teñen menos renda per capita, iso é evidente. En Galicia, un 30% da poboación é aínda agrícola cando a media en España é do 9% e a de Europa do 4%. E non se pode considerar que esa poboación agrícola estea facendo agricultura, porque de feito está traballando noutras cousas e complementando esoutro traballo coa agricultura. Máis ben está vivindo da agricultura, vivindo do que a agricultura dá, que é unha Seguridade Social máis fácil e máis xenerosa e uns impostos menos duros. Por iso, en parte, está agora tan alto o censo agrícola. En Lugo, por exemplo, está no 50% da poboación. Isto fai que a productividade galega sexa menor da que podería ser. Como dicía antes, vexo o futuro con grandes áreas urbanas máis especializadas en servicios, que é o intento que está realizando Paco Vázquez na Coruña, ou Carlos Príncipe en Vigo. O que temos que ver é como conseguimos especializalas, dado que as dúas cidades teñen portos moi estructurados e moi preto de Europa. A estructura é un factor fundamental e aí Galicia tamén parte dunha situación non óptima, deficitaria. Pero tamén a tendencia é boa porque cando se ten unha renda per capita como a que ten Galicia, cuns asentamentos agrícolas tan grandes, significa que se pouco a pouco a poboación agrícola se vai afastando da agricultura a productividade pode aumentar dunha maneira impresionante.

—*Pero esa poboación tería que ser absorbida pola industria ou polos servicios. ¿Pódese prever que a industria en Galicia estea en condicións de absorber ese excedente desexable?*

—Claro, é fundamental. Noutras áreas españolas xa se fixo esa absorción e aínda así hai un paro alto. O que pasa é que aquí é diferente porque aquí —e esa é a parte positiva da estructura da propiedade da terra— o galego que veña á cidade vai seguir utilizando a súa terra como medio de subsistencia as fins de semana.

—*Sentíndose propietario rural no fondo, ¿non? É dicir, alguén que vai traballar á cidade para conseguir algún salario, algunha axuda, pero que no fondo...*

—Que vai traballar á cidade, pero que sabe que a fin de semana vai poder volver á súa casa e complementar a súa renda con autoconsumo. E iso non está mal.

—*Tense dito ás veces que ese fenómeno, esa conciencia de pequeno propietario rural, explicaría en certa medida algunhas das manifestacións da vida política galega.*

—Tamén, tamén. E, na miña opinión, é a que provoca o feito do caciquismo. A estructura da propiedade da terra en Galicia condiciona o voto e provoca o caciquismo. En contextos urbanos o cacique desaparece, non existe. O cacique é un intermediario entre o poder e o paisano rural. Eu creo que Galicia ten posibilidades de desenvolvemento,

de industrialización dos seus recursos naturais, aínda moi importantes. E logo ten un desenvolvemento de servicios, sobre todo do transporte marítimo. Ten portos naturais que están moi ben situados. Está moito máis preto o porto da Coruña de Amsterdam ou Rotterdam que o de Bilbao, non hai máis que coller un mapa e medilo, e ademais está tamén máis preto para vir desde África ou desde América de cara a Europa. É dicir, Galicia non está nada mal situada desde ese punto de vista do transporte marítimo. Os portos son uns elementos moi importantes e aí, sen embargo, se está a facer unha política que a min non me parece moi acertada. Hai que potenciar os portos grandes que xa existen. Se nos poñemos a multiplicar os pequenos portos e os recursos son escasos, non se producen economías de escala. E ese é outro problema. Ademais do elemento da estructura sectorial, está tamén o das infraestructuras. E aí atopamos dous tipos: as infraestructuras físicas e as infraestructuras humanas, que determinan claramente o potencial de desenvolvemento dun país. As infraestructuras físicas son claves porque, se a situación é mala, pódese mellorar de haberen unhas infraestructuras boas de comunicación. As infraestructuras físicas, de transporte e comunicacións, de enerxía, que dalgun xeito xa as ten Galicia, pois posúe unha rede de estradas impresionante, probablemente unha das máis altas de España por habitante...

—*¿Parécelle unha boa rede de estradas?*

—É impresionante. A rede de estradas é impresionante. O que pasa é que está fundamentada na distribución da poboación e da terra. Agora é cando se están a facer as autovías. A fundamental, que é a que vai cara a Porto, e as outras, que son as que conflúen en Madrid, no centro de España, e tamén as que se dirixen cara a Francia. O esforzo de infraestructuras galego é inxente pero de baixa productividade porque son miles de quilómetros de estrada pero moi estreitas, zigzagueantes, entre vilas... Pense tamén nas dificultades que houbo para a implantación do teléfono ou a acometida de enerxía ou de auga, que son infraestructuras fundamentais para mellorar o entorno. Entón, aí é onde eu creo que están centrando agora o seu esforzo os gobernos sucesivos, pois danse conta de que teñen que dar un enorme pulo ás infraestructuras físicas de Galicia. Iso pode mellorar notablemente o desenvolvemento futuro de Galicia. Logo están as infraestructuras humanas. Hai unha fundamental, a educación e a formación, e outras importantes que son a sanidade e a cultura. Eu creo que esta é unha actividade que, como ten un período de maduración moi longo, os políticos prefiren ver en dous anos unha autoestrada rematada ou un centro cultural acabado que dicir: vou dedicar diñeiro masivamente á educación, aínda que o resultado non se poida ver senón logo dunha xeración, de vinte ou vintecinco anos. Pero está totalmente demostrado, e eu podo amosarlle correlacións que os economistas se dedican a facer entre países, que no feito de que uns países medrasen máis que outros, moito máis

importante que os seus recursos naturais foron os seus recursos humanos, ó nivel de educación. Se nos fixamos en cen, cento cincuenta anos de desenvolvemento duns países e outros, as correlacións máis altas son coa taxa de escolaridade e co nivel de educación da poboación. Os países que teñen un mellor nivel de educación e taxa de escolaridade medran máis rápido a longo prazo. Por exemplo, Xapón, o milagre xaponés. Hai que pensar que na restauración Meiji de 1871 deciden, entre outras cousas, traer maquinaria, enxeñeiros e asesores de todo o mundo para que ensinen alí. Declaran, xa daquela, en 1900, a educación obligatoria ata os catorce anos. En España, a educación gratuíta e obrigatoria é, desde hai poucos anos, ata os catorce e será agora ata os dezaseis. Fálase do milagre xaponés, claro, pero é que no Xapón hai un señor, un déspota ilustrado, que é o Emperador, cunha gran visión, que logo de varios séculos de estar Xapón totalmente cerrado ó mundo —xa sabe que non se podía nin entrar nin saír— decide cambiar todo e vai pola vía da formación. Eu creo que a superación por parte de Galicia deses tres principais puntos de partida negativos, ou menos positivos, están nestes dous aspectos. A través da educación logras xente mellor preparada, máis urbanizada, con mellor coñecemento e cunha productividade máis alta e, ó cabo, consegues mellores empresarios, mellores políticos, mellores...

—Pero ese é un investimento ó que se lle tira pouca rendabilidade política inmediata.

—Exactamente. E hai sempre unha tendencia maior, que tamén é boa, a investir en infraestructuras físicas antes que en infraestructuras humanas. O peor de todo é non investir en ningunha das dúas, e adicarse a aumentar o número de funcionarios e a crear grandes burocracias con gasto corrente non aplicado ós investimentos. Iso si que é peor. Gastar en construír autoestradas ou facer gasto corrente en mellorar o nivel da educación, o nivel da sanidade ou o nivel cultural da xente, iso paréceme fundamental. Un político ten que facer opcións. E eu coido que o que acerta nesas opcións e nesas prioridades, ó final gaña. E o que non acerta en como establecer as prioridades, perde. É igual que nunha empresa.

—En relación co tecido industrial galego, concentrado desde hai anos fundamentalmente ó redor da actividade marítima, pesca, construcción naval, e hoxe tan debilitado e ameazado, ¿cal debería ser a actitude máis oportuna, máis intelixente, para que toda esa actividade se convirta en algo productivo? ¿Quizais darlle máis apoio, máis promoción, máis subvención?

—É moi difícil sabelo. Eu creo que subvencionando non se arranxa nunca nada. O máis que se consegue son votos e só temporalmente. As cousas non se amañan nunca subvencionándoas, amáñanse dándolles un cambio total. Fálase sempre de sectores industriais en decadencia. Non. O sector téxtil é un sector industrial en decadencia

en Europa. Sen embargo, hai empresarios moi espelidos aquí en Galicia que saen adiante no sector téxtil e gañan moito diñeiro sen recibir subvencións. Entón non hai sectores en decadencia, hai empresarios en decadencia, ou empresas en decadencia, mal concibidas...

—*Pero hai unha demanda internacional de determinados productos que atravesa unha clarísima recesión. E esa circunstancia condiciona a situación, tanto ou máis que a eficacia...*

—A construcción naval en Galicia pode estar en decadencia. Pode, non digo que o estea, nin moito menos. E, en cambio, en Brasil ou en Corea pode estar sendo un *boom*, porque sempre, naturalmente, hai demanda de barcos, porque o 80% do comercio internacional se realiza por vía marítima e o comercio mundial crece. O que ocorre é que se perden vantaxes comparativas por elementos obxectivos, como son os custos da man de obra, os custos de producción... Ou por elementos suxeitivos, como é saber apostar polo segmento da demanda que é crecente e non apostar polo que é decrecente. E iso tamén ocorre. Non é só unha cuestión de custos. O señor Rodríguez Vázquez, de Rodman, por poñer un exemplo, di: a demanda neste momento é unha demanda de ocio, de pequenas embarcacións de recreo, e menos de barcos de cabotaxe. E entón el di: nós temos que ir por aquí. E o señor Rodríguez Vázquez, na construcción naval, gaña moito diñeiro, porque elixiu o segmento que é...

—*Adecuado...*

—Adecuado... dentro de un contexto... Pero para iso, para coñecer o segmento adecuado, hai que viaxar...

—*E aí é onde é importante a formación...*

—Hai que adquirir información, hai que ir ás feiras internacionais, hai que ver quen son os que producen, onde, como e por que. Hai que aprender. Eu creo que o elemento da formación é un elemento fundamental, tamén para o empresario, para o político, para todos. E creo que é unha carencia xeneralizada en España, non falo xa só de Galicia, e por iso son tan firme partidario de que se dediquen masas enormes de diñeiro á educación e á formación e á culturización da xente no noso país, pero masas inxentes, porque, ó final, ó longo prazo, é sempre enormemente productivo. É a maneira de cambiar un país, de cambiar unha empresa... ¿Subvencionar unha industria? É que non se subvenciona unha industria, subvenciónase unha empresa que está dando perdas...

—*O que pasa é que case todas as empresas dese sector hoxe están dando perdas, ou polo menos están atravesando momentos difíciles.*

—Eu son partidario dunha subvención temporal a unha empresa só cando hai un cambio total de mentalidade, de ideas, de métodos de producción... de todo. Pero se se trata de subvencionar unha empresa,

a persoas que xa fracasaron nesa empresa para evitar que haxa maior paro, que haxa problemas sociais, é preferible subvencionar o desemprego directamente antes que meter máis miles de millóns nesa empresa. Hai casos extremos, como o de Hunosa. Teríanse perdido moitos menos miles de millóns dicíndolle á xente que está a traballar aí: non se preocupen vostedes, que desde hoxe ata que se xubilen ou morran van ter as súas rendas garantizadas polo Estado e, ademais, vanse buscar alternativas para o resto da xente que vive aquí... Iso, ó final, supón uns aforros tremendos. Hai que ver os centos de miles de millóns que se meteron na siderurxia española... e produce menos que antes e segue sen poder competir e cada ano perde, e perde, e perde... E vólvense a meter aí centos de miles de millóns. E un pregúntase ¿faise isto por un motivo estratéxico? Eu comprendo que, cando España podía ser obxecto dun boicot internacional por motivos políticos, o réxime daquel momento quixese manter produccións internas para non ter que depender en caso dun boicot. Pero cando estamos en Europa, con todos os mercados abertos e podemos traer os elementos siderúrxicos doutro sitio a un precio moi baixo, pois... Se non estamos preparados para a siderurxia porque nin temos aquí o carbón adecuado, nin temos a materia prima nin temos os custos laborais suficientes ¿para que nos imos meter nese lío? Intentemos meternos noutra cousa.

—*Pero aí está o grave problema. ¿Existe algunha posibilidade alternativa a esa siderurxia que hoxe é inviable? Reconverter non é pechar, reconverter é abrir logo de ter pechado.*

—Está ben definido iso: abrir logo de ter pechado. Pero non se trata de reconverter sobre o mesmo sempre. Hai que procurar alternativas. Pero, ¿como crear alternativas? No caso de Asturias foi tremendo, porque esas empresas públicas, Hunosa e Ensidesa, absorberon tantos recursos do Estado, que desertizaron o resto da rexión. ¿Por que? Porque elas eran as que pagaban os salarios máis altos, as que absorbían todos os recursos e, daquela, quitáronselle incentivos ó resto da poboación para poder saír adiante. O máximo desexo dun asturiano, nun momento determinado, era conseguir un posto en Ensidesa ou en Hunosa, nada máis. Entón, cando un se dedica a subvencionar quítanse incentivos. Unha cousa é que se intente manter a paz social, algo que a min me parece fundamental, pois nunha democracia o elemento de solidariedade está por riba de todo, é básico. Agora, se se subvenciona á xente ó final o resultado é que a anulas. Isto, levado ó extremo, é o caso dos aboríxenes australianos. Se ti a unha persoa lle dis que vai ter unha renda para toda a súa vida, dedícase á bebida e ó lecer.

—*Pero iso é o que lle dis cando a súa empresa pecha e van percibir unha subvención por paro. Non se trata dunha subvención para a actividade, é unha subvención para a inactividade, para cada un deses individuos que perderon o traballo. Eses defectos ou inclinacións perversas que, segundo vostede, poderían xe-*

rar a subvención á empresa tamén as pode xerar a subvención ó individuo que perdeu o traballo.

—É certo, pero facelo resulta menos custoso. Se dedicas só unha décima parte do que ías gastar subvencionando esa empresa con poucas posibilidades de futuro a fomentar a formación da xente que saíu, eventualmente conseguirás mellores froitos. O que pasa é que iso politicamente é moi duro, é moi traumático. Eu comprendo que politicamente haxa moitas reticencias, pero chega un momento en que se vai perdendo o tren... e hai que reconsiderar un pouco a forma de actuar.

—Trascendendo un pouco o ámbito estrictamente galego, pero en directa relación co tema, ¿non está considerando á sociedade como un gran mercado e desde unha perspectiva na que parece que o único que a enriquece ou que a pode facer prosperar son os que tradicionalmente se consideraban defectos humanos: un certo grao de insolidariedade, a ambición, o egoísmo, a disposición para a pelexa, a competencia...? Na actualidade, e desde logo nos dous últimos anos, parecen a panacea para calquera mal. ¿Non se pode seguir aínda aspirando, dalgunha maneira, a crear riqueza desde a cooperación ou desde a planificación solidaria?

—Eu creo na solidariedade por riba de todo. O que ocorre é que sempre se parte de recursos escasos. De feito, a política vén sendo a administración de recursos escasos. E a dirección dunha empresa é tamén a administración de recursos escasos. Eu creo que a solidariedade é fundamental. Son contrario á situación de tremendos desfases de rendas que hai en EE UU ou en América Latina, á marxinalización de grandes capas de poboación. Europa niso é moito máis...

—Máis Estado.

—Máis solidaria, máis estable socialmente e é máis culta tamén. Para min non hai punto de comparación. Eu son proeuropeo. Agora, cando un se abre ó resto do mundo, e iso non hai quen o pare... É dicir, se nós agora decidimos saír da Comunidade Económica Europea, levantar outra vez uns muros, acabamos como un país centroafricano en poucos anos. Iso é unha loucura. Non, non se poden parar as cousas, a tecnoloxía e a economía van arrastrando o mundo e non o podes parar. E ocorre que hai países que, efectivamente, teñen un desenvolvemento menor e nos que a xente está disposta a traballar moitas máis horas e, entón, cunha máquina nas mans...

—É dicir, ¡pagándolle salarios moito máis reducidos...!

—Salarios moito máis reducidos e que traballando máis horas e cunha máquina nas mans son quen de competir con calquera. Se ademais esas persoas, como é o caso do sueste asiático e de Xapón, teñen unha formación magnífica, daquela arrasan. Aí é cando comeza a romperse ese mundo solidario...

—E de cooperación e, en certo grao, de planificación, porque a cooperación precisa planificación. O que non precisa planificación é a espontaneidade da disputa, a espontaneidade da loita. E iso, ¿onde nos leva?

—En efecto. Pero é que se cadra Europa viviu así porque os demais vivían moi mal no resto do mundo. E agora, cando outra xente no resto do mundo quere vivir mellor, entón rómpense os esquemas previstos sobre esa base e iso tamén hai que telo en conta. Europa tiña a principio de século o 50% da poboación mundial, cunha renda per capita impresionante. E na actualidade posúe o 20% da poboación mundial e xa comeza a haber outros países que teñen máis renda que os europeos. ¿Cal é a finalidade deste gran mercado único, da integración europea? É, fundamentalmente, conseguir unha maior productividade a través de economías de escala e de economías de alcance e de tamaño para facer fronte a esa competencia mundial, porque senón Europa irá en decadencia... E, da mesma maneira que Europa domina o mundo, pode deixar de dominalo. Daquela, a integración europea é un intento de dicir: imos xogar un papel, non imos perder o tren mundial. E esa é unha reacción natural e necesaria se se quere que Europa e os europeos, e os nosos fillos, sigamos vivindo con certos medios e con certo benestar. É un problema enormemente complicado. Neses momentos é cando a política como xestión de recursos escasos é fundamental. Hai pouco estivemos dous días encerrados no Escorial, falando sobre o futuro do planeta... Había algúns Premios Nobel... Das ciencias "brandas" estabamos Alain Touraine, o sociólogo, e mais eu, e das ciencias "duras" eran todos os físicos, os químicos, os bioquímicos, os biólogos... ¿Que saía de alí? Para os científicos non hai ningún problema. Todos os grandes problemas da humanidade cientificamente teñen solución, solucións ademais desafogadas, absolutamente todos, desde a fame, a escaseza de recursos, ata a saúde... todos, todos os importantes. O que non ten solución é xa o ser humano como...

—*Ser social e moral...*

—Ser social e moral e utilizador desas tecnoloxías. Aí está o problema. ¿Por que hai fame en Etiopía e guerra en Bosnia cando iso podía estar solucionado? Porque o home é moi complicado. O mesmo tempo que é moi racional e que descobre todas estas cousas, é enormemente irracional e atávico. Eses son os grandes problemas. ¿Como se manexan esas tecnoloxías? ¿Como se utilizan da maneira máis solidaria? Aí é donde radica o problema, onde radica o elemento humano da política e mais da organización. E aí é onde fallamos todos.

—*Nesa perspectiva de globalización do mercado da que ten falado, sempre haberá gañadores e, inevitablemente, perdedores. Daquela, a pregunta de sempre: ¿Que fará o sistema cos perdedores? ¿Serán arroxados pola borda os que, como náufragos producidos por esa lóxica implacable do mercado, necesitan de integración e protección?*

—Non. Cos perdedores hai que ser solidarios. Hai que intentar realizar investimentos nos seus territorios, ou subvencionalos, ou incentivalos para que emigren a outras zonas. Non hai outra solución cos per-

dedores. Por iso, no caso de Europa, na integración europea, partes de España, non España enteira, poden ser perdedoras. Non o aseguro, pero existe esa posibilidade. Por iso é tan importante que exista unha política de solidariedade forte, a nivel europeo. Daquela, cando un escoita a certos políticos galegos converterse en defensores do principio de subsidariedade paréceme escoitar un dos maiores erros dos que fun testemuña na miña vida, porque o principio de subsidariedade é lóxico que o defenda Dinamarca, que é o país máis rico da CEE, ou Suecia. Pero dicir aquí "cada quen o seu" ou "o poder ás rexións"... ¡que loucura!, ¡que gran erro! Un político dun país ou dunha rexión menos desenvolvida o que ten que dicir é...

—*¡Non á subsidariedade!*

—¡Claro! Aquí é preciso un gran presuposto central que faga distribución por toda Europa, porque doutro xeito ímonos atopar na rúa. A corresponsabilidade fiscal é lóxica pero para Galicia pode ser fatal, fatal, porque, inmediatamente, os cataláns din: nós aquí pagamos os impostos e gastámolos aquí. Iso é a corresponsabilidade fiscal, nós collémolos de aquí e gastámolos aquí, e os outros que se apañen. Hai que ter unha visión economicista e ver ata onde nos levan eses principios. Eu dicía nun artigo escrito con Paul Krugman, do MIT, que a unión monetaria e económica europea non ten posibilidade de funcionar de non ser cun presuposto redistributivo supranacional forte. De non ser así, vanse producir tales desequilibrios rexionais en Europa que as diferencias entre unhas rexións e outras van aumentar considerablemente. A non ser que se faga esa distribución ou que se axude á emigración a longo prazo cara a outras zonas, ou ós asentamentos, ou á subvención temporal para evitar eses desfases de renda, ou se axude con inversións axeitadas... Porque vai haber gañadores e perdedores. Igual que os vai haber a nivel global mundial, vainos haber tamén no nivel rexional europeo. Co principio de subsidariedade, negando un goberno forte en Bruxelas e intentando comelo e cocelo todo nós, non imos a ningures. Iso téñoo moi claro ¡Hai tantas equivocacións por falta de formación económica, política...!

—*Haberá que valorar tamén un certo exceso de afán de protagonismo, de vaidade política. Non só a falta de formación, senón o exceso de protagonismo, en moitos casos, ¿non? Eu lin com moito interese o artigo que publicou vostede recentemente en* Claves ...

—É un comentario sobre Daniel Bell, a quen trouxen aquí, á Coruña, estivo unha semana connosco. É unha persoa brillante, conservadora, pero moito menos conservadora do que a xente pensa. É unha persoa que fala da decadencia das ideoloxías, corenta ou trinta anos antes fala xa da sociedade postindustrial... En fin, é un home brillante a quen se lle ocorreron cousas cando non se lle ocorreron a ninguén. Entón cando el fala da ruptura futura da nación-estado ...

—*Diso quería falarlle precisamente. Respecto á desaparición dos estados-nación, da que se fala no artigo, ¿por que tipo de estructura podería ser substituída? ¿Quizais por un estado-rexión?*

—Eu véxoo claro. Aínda que podo estar equivocado...

—*¿Ou desaparecerán os Estados e será o mercado o que monopolice o poder?*

—Non, non. En absoluto. Ó revés. A ruptura do estado-nación é, por un lado cara arriba e polo outro cara abaixo, cara ó "micro" e cara ó "macro". Por unha banda, hai grandes problemas mundiais que só se resolven con estados supranacionais. De momento, un estado supranacional europeo e, no futuro, para algúns problemas, decisións a nivel mundial... Por iso a ONU ten, ou pode ter, tanta importancia para o futuro, porque problemas como o terrorismo, o SIDA, tráfico de drogas, problemas de medio ambiente que son xa globais só poden ter solucións globais. E, por outra banda, o "micro", é dicir, achegar os políticos máis ós cidadáns. Na miña opinión, o lóxico é que Europa vaia tendendo cara a un estado federal ou supranacional forte e, probablemente, cara a estados rexionais. Hai neste sentido unha tendencia clara en Europa. Finalmente, iso pode rematar en que incluso se vaia máis ó "micro" e que resulten estados supranacionais e estados-cidade ou cidades-estado, no caso de que as aglomeracións urbanas alcancen un determinado desenvolvemento. Pero eu vexo a ruptura cara ós dous lados. Xa o viamos na frase de Bell que é a que comento...

—*"Grande para os problemas pequenos e pequeno para os problemas grandes"...*

—En efecto. Daquela, rompe nas dúas direccións. Eu creo que esa é a liña a ter en conta. Vaise cara á xestión rexional moi próxima á cultura, á entidade nacional galega, ou catalana, ou vasca... E, por outro lado, cara a un elemento de xestión supranacional.

—*Pero o poder de decisión...*

—O dos grandes temas, no elemento supranacional, claro. En todo caso eses micro-estados quedarían moi debilitados en relación co que hoxe é o estado-nación. Os poderes do estado-nación pasarían ó "macro" e non ó "micro": a moeda, as relacións exteriores... Pero a sanidade, a educación, certos elementos do poder do estado, estarían nas rexións, sen dúbida.

—*Nese artigo facíase referencia tamén á previsión dunha reducción dos impostos directos e da súa substitución polos impostos indirectos. ¿Non pode ser iso valorado como unha medida que non contribuirá precisamente a unha xusta distribución dos ben sociais?*

—Si, pero os estados incorren en tal cantidade de gasto... Por exemplo, en Europa os estados gastan, como media, o 50% do producto nacional bruto. É dicir, o estado leva para redistribuír, compensar, promocionar, incentivar, pagar ós funcionarios... o 50% do que o

país produce. Entón, chega un momento en que todo iso se consegue extraendo a través dos impostos parte do que a xente gaña, das súas rendas, do que gañan as persoas, as empresas. Chega un momento en que a subida dos impostos persoais directos alcanzan un límite e aparece unha desincentivación que fai que a xente xa non produza.

—*Non produza máis porque non significa maior beneficio para un mesmo...*

—E, por outro lado, de seguir subindo, ocorre como en Suecia, onde hai unha rebelión. Entón, se o estado non se reduce, ten que seguir financiándose e, se xa non pode facelo por vía directa, porque se rebelan os que pagan, ten que facelo por outra vía. O que non pode facer é emitir débeda ilimitadamente para financiarse a costa das xeracións futuras. As débedas de hoxe son impostos do futuro, que caerán sobre os nosos fillos. E dese modo, os políticos deixan á seguinte xeración sen ningunha marxe porque xa non poderá facer outra cousa que pagar intereses e impostos aínda máis elevados. Iso é machacar ás futuras xeracións e é moi perigoso. Búscanse logo outros medios de financiación, a través da imposición indirecta, e niso precisamente consiste o IVE, en que o que consuma que pague, o que gaste que pague... Vaise por esa vía porque a xente xa non soporta a vía da imposición persoal. E aí está un pouco a quebra do estado, a quebra fiscal. E por iso os cidadáns comezan a dicir, eu o primeiro, que é necesaria unha reforma do sector público. É necesario reconsiderar como se ingresa e como se gasta. Se cadra, non queremos xa un estado maior senón un estado máis eficaz, máis productivo... E coido que esta é unha das reformas pendentes no noso país. Fraga propón a administración única... pois é unha opción. Debemos todos buscar solucións a ese estado que cada vez absorbe máis volume da renda e da producción das persoas.

—*Na medida en que sexa ineficaz, a búsqueda de solucións faise, desde logo, imprescindible, pero...*

—Vostede non cre... Home, eu vivín os dous lados... E iso que o Ministerio de Economía e Facenda é un ministerio enormemente eficaz e con pouca xente... Pero eu coñecín tamén outras administracións e hai un gran estrago de diñeiro... A eficacia é baixa...

—*Habería logo que mellorar a eficacia do Estado, máis que reducir os servicios que presta, porque ¿cales serían entón eses servicios dos que habería que prescindir?*

—É que se pode ofrecer o mesmo servicio gastando moito menos diñeiro.

—*¿É un problema de eficacia, nada máis?*

—Cando eu falo da reforma do sector público, falo dun problema de eficacia.

—*É que se fala tamén de reducir o papel do Estado, que é outra cousa ben distinta. Hai xente que se pregunta por que o Estado ten que se facer cargo de todo o ensino, ou da sanidade. Hoxe fálase moito diso.*

—Pero pódense facer certas reduccións. Por exemplo, cando se fala de reducir o Estado dise ¿por que o Estado ten que producir lavadoras ou téxtiles, ...? Se iso pode producilo calquera, un empresario privado. Diso é do que se fala cando se fala de reducir o Estado, de privatizar cousas que el non debe realizar. E niso estou totalmente de acordo.

—*Pero eu referíame á redución do Estado como redución de servicios.*

—En España o nivel de servicios xa está empezando a chegar, pouco a pouco, ós niveis cuantitativos adecuados, pero cualitativamente está moi por debaixo. O problema actual dos servicios en España é a calidade: calidade do ensino, da sanidade... Non é tanto cobertura como calidade.

—*Porque a cobertura, afortunadamente, xa se está a alcanzar.*

—En efecto, e creo que hai que mantela. A cobertura do desemprego... todo hai que mantelo, pero hai que administralo mellor. Fíxese: o desvío no presuposto do INEM, que foi de 400.000 millóns de pesetas, son dous anos de plan de estradas español. Temos que nos decatar do custo da oportunidade. Podíanse ter rematadas todas as estradas fundamentais de Galicia, de Castela, de León, de Murcia, de Valencia... por un desvío na xestión do INEM. Iso é fundamental. E aí é onde eu vexo a reforma do sector público, en deixar de facer cousas que fai e que non ten por que facer, porque as poden facer os privados igual ou mellor, e facer mellor as que ten que facer. Mellor significa menor custo e maior calidade.

—*A eficacia na xestión dos asuntos do Estado.*

—En efecto. E iso é fundamental. Igual que nas empresas, claro. O que pasa é que as empresas teñen que pasar pola peneira da competencia e poden ir ó garete. O Estado non vai ó garete porque pode extraer máis impostos e seguir mantendo a actividade aínda que perda... Eu creo que é un elemento fundamental para que os cidadáns vexan que, en efecto, o que eles pagan serve para algo. Eu non creo que os cidadáns españois estean en contra dese elemento solidario a través da imposición. Non, están en contra de que os servicios que reciben non sexan os que eles esperan. A resposta máis primaria é a de rexeitar a obriga de contribuír ós gastos. É unha reflexión o que leva ó cidadán a pensar que é interesante contribuír porque redunda no beneficio de todos e tamén no seu propio beneficio. Pero esa é unha elaboración intelectual que non coincide exactamente co impulso primario, insolidario: eu non teño por que dar o que é meu.

—*A insolidariedade en España é tremenda. E, se cadra, moitas veces esa insolidariedade primaria disfrázase de acusación á posible mala xestión do Estado. E nese sentido é preocupante que o Estado, toda esa construcción ó servicio dos cidadáns, estea tan absolutamente criticada. Non me refiro ó que acaba de dicir vostede, que me parece interesante.*

—Eu creo que existe un elemento de racionalidade que é o que eu intento redimir...

—O Estado representa a racionalidade... Hegel...

—Si. Iso é Hegel, en efecto. Pero ó mesmo tempo, o Estado chega a uns niveis de desorganización e falta de xestión... que o converten en perigoso.

—É que o problema parte do feito de non sermos seres exclusivamente racionais. Ese Estado omnipresente sería ideal para unha sociedade de seres racionais. A cuestión é que non sempre somos todo razón e nesa medida xorden esas facetas que encaixan tamén na loita competitiva.

—Niso estou de acordo, pero o que eu intento aplicar é unha proposta racional. É verdade que detrás de moitos ataques ó Estado hai insolidariedade. E en España, nestes momentos, estamos sufrindo uns niveis de insolidariedade tremendos, interrexionais, interpersoais e interxeracionais. E falo da insolidariedade dos sindicatos cos parados e dos que fan o fraude fiscal contra os que pagan e dos que fan o fraude no desemprego contra os outros parados que non están cubertos, ou os contribuíntes que pagan... Non existe solidariedade no país. Nisto pecamos todos. Pero iso non impide que se poida xestionar. Consideremos agora o caso de Clinton. Estraña ver que o déficit público norteamericano poida ser eliminado rápida e totalmente só con subir un pouco a gasolina, que está a 20 pesetas en lugar de a 100, como está aquí, ou introducindo o IVE, que aquí xa hai tempo que o temos introducido e xa está a uns niveis moi elevados... A marxe de manobra que hai aínda en EE UU para o Estado é inmensa, mentres que aquí, polo contrario, está esgotada. A única marxe que queda é loitar contra o fraude, non outra, porque os que pagamos impostos pagamos moito, as clases medias, as clases altas, a xente de altas rendas... As marxes aquí son mínimas e iso é algo que nos ten que levar a loitar contra o fraude nos impostos, que é enorme, ou nos gastos. E, por outro lado, a xestionar mellor os asuntos públicos. É que xa non queda outra alternativa, xa non queda a posibilidade de EE UU de retocar un pouco aquí ou alí, e resolto. Xa non hai marxe.

—O fraude non se produce fundamentalmente do lado do asalariado, o fraude para un asalariado é moi complicado.

—Claro, é o profesional, o IVE, o consumidor, algunhas empresas submerxidas, o emprego submerxido... Isto polo que respecta ó fraude de ingresos, pero logo hai que falar tamén do fraude de gastos, o parado que está traballando, o morto que segue cobrando a Seguridade Social e tantas outras cousas.

—Sei que vostede é un bo coñecedor das últimas correntes da ciencia. Hai pouco dixo que participara nunha convivencia con científicos "duros". Eu creo que as ciencias e as tecnoloxías poden abrir perspectivas absolutamente novas, case inimaxinadas, con relación á producción de bens, á producción de alimentos,

á xenética, con relación incluso á propia conducta do home. ¿Como valora vostede todos eses factores? ¿De que maneira poden alterar as teorías económicas que tratan de prever ese futuro global?

—Con respecto a isto, eu son moi optimista. Xa sabe que as ondas longas mundiais de expansión sempre viñeron determinadas por oleadas tecnolóxicas. Gustaríame amosarlle un cadro sinóptico que publiquei nun pequeno libro titulado *España en 1999*. Nese cadro aparecen os ciclos económicos longos e todos están determinados por grandes descubrimentos que tenden a se concentrar, uns traen outros consigo e prodúcese unha onda. Eu creo que estamos preto dunha onda impresionanate baseada na biotecnoloxía. Como dicía Roger Penrose, un dos científicos cos que estiven no Escorial, no mundo xa non hai practicamente nada que se lle escape á ciencia, ou que se lle vaia escapar nos próximos dez ou quince anos. Nin a fusión nuclear, que vai resolver o problema da enerxía, nin a producción de plantas e de alimentos no mar, cunhas manipulacións xenéticas que poden facer que as plantas no mar produzan vinte veces máis, nin a manipulación xenética dos animais, animais que beben menos, que producen tres veces más... O que se queira. Do que realmente estamos aínda realmente lonxe, como dicía Roger Penrose, é do coñecemento do cerebro.

M. R. A.

O soberano impersoal. Algunhas reflexións acerca dos partidos, a democracia e a democracia de partidos

Roberto L. Blanco Valdés

O moderno príncipe, o mito-príncipe, non pode ser unha persoa real, un individuo concreto; pode ser só un organismo; un elemento da sociedade complexo no cal ten xa inicio a concreción da vontade colectiva recoñecida e afirmada parcialmente na acción. Este organismo ten sido xa producido polo desenvolvemento histórico e é o partido político a primeira célula na cal se reasumen os xermes da vontade colectiva que tenden a transformarse en universais e totais[1].

I. OS PARTIDOS E O ESTADO "LIBERAL"

Os partidos políticos están hoxe en día ata tal punto identificados, na "mentalidade colectiva", co funcionamento do sistema representativo, que aquel resulta dificilmente imaxinable prescindindo da peza basilar que supoñen as organizacións partidistas como estructuradoras do proceso democrático. A acuñación de conceptos tales como "Estado de partido" ou "democracia de partidos" responde, xustamente, a este innegable vínculo estructural e funcional entre os partidos e o mecanismo electoral.

1. Gramsci, Antonio. "Note sul Machiavelli, sulla politica e sullo Stato Moderno". *Quaderni del carcere*, nº 4, Torino, 1974.

Non obstante, a constatación que acabo de apuntar non debe levarnos a pensar que os partidos foron sempre, na perspectiva histórica, os primeiros protagonistas da vida política do Estado constitucional e representativo. Ben ó contrario, este manifestouse inicialmente como un Estado "antipartidista".

En efecto, o Estado liberal articularase, inicialmente, sobre toda unha serie de principios que, pola súa propia natureza, pugnarán, radicalmente, fronte á nacente realidade dos partidos. A versión do "principio da representación" triunfante en Francia no momento revolucionario, e, pola súa influencia, no resto da Europa continental, vaise caracterizar por un dobre elemento que, lonxe de favorecer a progresiva consolidación duns suxeitos aínda daquela en fase de dificultosa aparición, virá a supoñer un serio atranco no camiño da insitucionalización funcional das organizacións partidistas.

Carré de Malberg ten sistematizado os dous principios esenciais do novo réxime representativo fundado pola Asemblea Nacional Constituínte en 1789: dunha parte, o de que os deputados representaban a totalidade da Nación; doutra, o de que eses mesmos deputados eran independentes dos colexios electorais polos que resultaran elixidos[2]. Por máis que un e mais o outro principio responderan, no horizonte inmediato da Revolución, a concretas necesidades históricas suscitadas por aquela, o certo é que ambos os dous termirarán por favoreceren o establecemento dun "edificio" político no cal os partidos non encaixarían facilmente.

Á vista desa concepción liberal da representación, na que o acto representativo concebirase como un auténtico acto de *creación* do representado por parte duns representantes que se manifestan, a partir dunha verdadeira ficción xurídica e política, non como portadores dos intereses dos seus representados, senón como "intérpretes" —os máis capaces intérpretes— dos superiores e "unitarios" intereses da nación, non resulta en absoluto estraño que o suxeito político colectivo "partido" fose denunciado como antinatural, é dicir, como a "parte" fronte ó "todo", como unha "facción" fronte ó unitario conxunto nacional.

Neste ámbito, a ideoloxía do liberalismo revolucionario non vai supoñer unha ruptura coa filosofía contraria ós partidos dominantes durante todo o século XVIII. O pensamento revolucionario situarase, así, nunha liña de reflexión que engarzará cos postulados críticos de Hume ou Bolingbroke, e que, certamente, supoñerá un paso atrás en relación coa avanzada formulación de Edmund Burke quen, en 1770, nos seus *Thoughts on the Cause of the Present Discontents*, rompendo coa

2. Carré de Malberg, R. *Contribution a la Théorie Générale de L'État*. París, 1922, tomo II, pp. 199 e ss.

ideoloxía "derogatoria" antipartidista que o precedera, chegara a definir, nun senso claramente positivo, o partido como "un corpo de homes unidos para promoveren, mediante a súa laboura conxunta, o interese nacional sobre a base dalgún principio particular acerca do cal todos están de acordo"[3].

Os protagonistas do 89, a penas dúas décadas despois da publicación da obra do inglés, expresaranse dun xeito claramente diferente. De feito será a condena dos partidos unha das cuestións que acabarán por producir unha converxencia ideolóxica profunda entre os revolucionarios franceses, quen actuarán dunha forma verdadeiramente monocorde na súa insistencia en anatematizar os partidos. Condorcet manifestaba, respecto deles, que "unha das fundamentais necesidades da República francesa é non ter ningún". Danton afirmaba que o único necesario era o da razón. Robespierre declaraba rotundamente, pola súa parte, que "sempre que advirto ambición, intriga, astucia e maquiavelismo, recoñezo unha facción, e corresponde á natureza de todas as faccións sacrificar o interese xeral". Saint-Just manifestábase, en fin, como o máis radical de todo o grupo. Segundo el, "todo partido é criminal (...) por iso toda facción é criminal (...) toda facción trata de socavar a soberanía do pobo"[4].

Pero, como veremos de inmediato, pese a condenas tan enfáticas como as que veño de apuntar, o certo é que a efectiva expresión do novo "soberano" alumado pola Revolución, e a articulación na práctica política dos principios de funcionamento do Estado constitucional xurdido tras aquela, terminará por esixir a progresiva e crecente consolidación dos partidos políticos. E isto porque o novo "príncipe", a diferencia do antigo, será un "príncipe" difuso, temporal, revocable, composto e variable[5]. O "Estado liberal" acabará por transformarse, de xeito indefectible, e xustamente como consecuencia da vertebral modificación nos caracteres definidores do recén nacido soberano, en "Estado de partidos".

II. A CONSOLIDACIÓN DO ESTADO DE PARTIDOS

Pese á persistencia, durante unha boa parte do século XIX, das críticas ós partidos, críticas que procederán dos máis diversos ámbitos

3. A cita de E. Burke está tomada de Kurt Lenk e Franz Neumann (Edits.), *Teoría y sociología críticas de los partidos políticos*, Barcelona, 1980, pp. 82-83.

4. Todas as citas proceden de Giovanni Sartori, *Partidos y sistemas de partidos*, Madrid, 1980, p. 32. Ó respecto debe verse Mario A. Cattaneo, *Il partito politico nel pensiero dell'Illuminismo e della Rivoluzione Francese*, Milano, 1964.

5. Vid. Romano Canosa, "Il partito politico, oggi: vizi e (posibili) remedi", en *Critica del Diritto*, nº 27-28 (1982).

ideolóxicos e políticos, e pese a unha práctica estatal caracterizada pola total ignorancia —cando non pola positiva condena e prohibición— dun fenómeno que tende a manifestarse crecentemente como unha realidade política de difícil descoñecemento para o Estado-aparato, a propia existencia social dos partidos virá a ser, a fin de contas, a mellor mostra da súa necesidade ineludible.

Non podo entrar, nun traballo da natureza do presente, a describir de xeito pormenorizado o proceso que conduciu, co transcurso do tempo, á final consolidación dos partidos e, con ela, á dun modelo de Estado democrático caracterizado, xustamente, polo protagonismo institucional dos partidos na plasmación do mecanismo representativo definidor do funcionamento daquel tipo de Estado. Abonda dicir, verbo disto, que a análise da experiencia política comparada pon de relevo a existencia de dous "modelos" diferentes no relativo ó engarzamento entre partidos e Estado, é dicir, o proceso de recoñecemento legal e constitucional dos partidos.

En efecto, as experiencias de Estados Unidos e Francia exemplificarán, respectivamente, o proceso de temperán e de serodio recoñecemento legal das organizacións partidistas. Mentres que nos Estados Unidos os partidos entrarán no último tercio da pasada centuria tanto no ámbito da lexislación estatal como no da federal, de tal xeito que a partir dos derradeiros compases do século XIX os órganos lexislativos e xurisdiccionais dos estados federados comezarán a prever a actuación dos partidos no plano electoral[6], a experiencia histórica francesa virá a ser case a oposta.

A oposta, por canto á tradición individualista, fortemente arraigada en Francia tras a Revolución, vaise traducir na persistencia, ata ben entrado o século XX, da condena ás asociacións políticas e, consecuentemente, ós partidos. Boa proba disto será o mantemento, despois de aprobada a Lei de Asociacións de 1901, dos artigos 291 e 292 do Código Penal, concebidos como instrumentos de represión contra os partidos. Neste contexto, só despois do inicio da presente centuria producirase a progresiva aprobación de toda unha serie de propostas parlamentarias (desde a de Manoury en 1910, ata a importantísima de xuño de 1932, que obrigaba ós grupos parlamentarios a depositaren ante o secretario xeral da Cámara un programa de partido, o que indicaba o recoñecemento do estatus xurídico daqueles) que virán significar pasos progresivos no lento e dificultoso camiño do recoñecemento legal dos partidos[7].

6. Vid. Joseph R. Starr, "The legal status of American Legal Parties", en *American political Science Review*, nº 3-4 (1940).

7. Vid. Mohamed Rechid Kheitmi, *Les partis politiques et le droit positif français*, París, 1964, pp. 106-107 e 265-268. Para España véxase, neste eido, José A. Portero Molina, "La constitucio-

Da contemplación conxunta do proceso histórico de aceptación política e recoñecemento xurídico das organizacións partidistas, óptica global que é, a fin de contas, a que aquí me interesa, pódese tirar unha dobre conclusión: dunha banda, a de que ten sido a través das leis electorais e das normas disciplinadoras dos grupos no interior dos Parlamentos como se ten producido o proceso referido; doutra, e con maior interese para a miña liña argumental, a de que foi a partir do derradeiro tercio do século XIX cando tal recoñecemento legal comeza a adquirir plena plasmación. Dato este que non pode considerarse, de ningún xeito, casual.

Certamente, a entrada dos partidos políticos no mundo do dereito, síntoma indiscutible do seu progresivo asentamento e da centralidade do seu papel político na dinámica do "sistema", é dicir, da consolidación do "modelo partido" como modo dominante de articulación política de intereses colectivos e de vertebración da sociedade civil, coincidirá de forma temporal coa consolidación en Europa das primeiras organizacións socialistas. Os partidos socialistas supoñerán, así, unha ruptura de extraordinario calado histórico coas formas precedentes de organización dos intereses político-sociais. Fronte ás posicións que teñen afirmado a orixe primordialmente parlamentaria dos partidos (o *Parliamentary Party* en Inglaterra ou o *Congressional Caucus* nos EE. UU.) creo que, como se ten posto de relevo certeiramente por Umberto Cerroni[8], a aparición dos partidos políticos modernos non pode facerse coincidir, nin desde una perspectiva "lóxica", nin desde un punto de vista "cronolóxico", coa creación dos primeiros clubes ou comités de apoio ós candidatos electorais que van conformar os primixenios parlamentos oligárquicos[9].

Ben ó contrario, o elemento definidor, e retrospectivamente diferencial, do partido político moderno virá dado pola conxunción dunha dobre compoñente: unha máquina organizativa e un programa político estructurado e articulado. "Para comprender o significado deste fenómeno debemos preguntarnos —escribe Cerroni— cales son os partidos políticos estructurados sobre o plano organizativo e progra-mático primeiros en nacer mesmo alí onde non existen parlamentos. A resposta parece cientificamente inimpugnable: o partido do que se trata é o partido socialista" [10]. Mesmo podería afirmarse máis, e soster que foi, en

nalización de los partidos políticos en la historia consitucional española", en *Revista Española de Investigaciones sociológicas*, nº 1 (1978).

8. Cerroni, Umberto. *Teoria del partito politico*, Roma, 1979.

9. Cfr., nesta perspectiva, Giovanni Sartori, *op. cit.*, pp. 44 e ss.

10. Cfr. Umberto Cerroni, *op. cit.*, pp. 13-14. Incluso un autor que se sitúa nunha posición ben diferente á de Cerroni, e que recoñece os partidos en manifestacións de organizacións de

concreto, o Partido Socialdemócrata Alemán o modelo do cal, han derivar en termos xerais, as características dos principais partidos de masas europeos, é dicir, dos primeiros partidos concebidos como corpos organizados, permanentes, estructurados e estables, cunha disciplina interna e unha organización institucional propias. Características entre as que deben destacarse, como máis fundamentais, as seguintes[11]:

a) A ríxida distinción entre membros do partido (militantes e adherentes) e electores daquel.

b) A disciplina interna como elemento fundamental de funcionamento do partido cara ó interior e de relación co exterior.

c) A natureza individual de adhesión ó partido, do que son membros os particulares illadamente considerados e non como partes doutras organizacións.

d) A existencia dun aparato organizativo (material e humano) estable, formado por funcionarios do partido e dotados dunha estructura de medios materiais.

A consolidación crecente dos primeiros partidos socialistas, xunto coa progresiva extensión do dereito de sufraxio e cos importantes cambios que se operan na "constitución material" do Estado representativo (sobre todo a gradual parlamentarización da Xefatura do Estado monárquica e, en combinación con tal proceso, o de desenvolvemento do control parlamentario do poder executivo) vai traducirse, ó cabo, nun protagonismo en alza dos partidos, o que terminará por dar lugar a un novo contexto político-constitucional, no que se han producir profundos cambios con respecto ó herdo do século XIX, unha nova situación para a que nacerá un novo concepto: o de *Estado de partidos*. Se ben os plenos efectos daquela na estructura a na dinámica de funcionamento do Estado non se deixarán sentir en toda a súa magnitude ata despois da Segunda Guerra Mundial, momento no que o constitucionalismo racionalizado e democrático tomará boa nota dos cambios operados pola consolidación do novo modelo do Estado de partidos, será xa no primeiro tercio da presente centuria cando se abrirá en Europa e nos Estados Unidos, é dicir, no contexto territorial do constitucionalismo liberal-representativo, un profundo debate en torno ós partidos e á súa funcionalidade ou disfuncionalidade para a marcha do sistema. Interésame agora, polo tanto, poñer de relevo as liñas

masas previas ó nacemento das organizacións de clase socialistas, afirma a notable importancia destas na configuración do partido político moderno: "Os partidos socialistas teñen marcado, como ningún outro grupo, a imaxe do partido político moderno". Vid. Klaus Von Bayme, *Los partidos políticos en las democracias occidentales*, Madrid, 1986, p. 205.

11. Vid. Pedro Cruz Villalón, "Teoría e ideología del partido político", en Pedro de Vega (Edit.), *Teoría y práctica de los partidos políticos*, Madrid, 1977.

máis xerais da polémica profunda que no ámbito das teorías constitucional e do Estado suscitou a realidade da que me veño a referir. E isto por unha razón fundamental: porque, como reiteradamente ten sido subliñado, a formación dunha fenomenoloxía e unha teoría dos partidos —a primeira teoría moderna en sentido estricto— vai coincidir cronoloxicamente cunha fase na que o vello partido de notables queda disolto e é superado polo moderno partido de masas.

III. PARTITOCRACIA E DEMOCRACIA

As cuestións relativas á forma en que o Estado constitucional debería respostar fronte ó fenómeno da crecente penetración dos partidos no tecido social e nos mecanismos de funcionamento do propio Estado, serán obxecto dun especial tratamento teórico na Alemaña de entreguerras. Tanto no ámbito da teoría constitucional, como no da teoría sociolóxica, vaise producir, no período de Weimar, un profundísimo debate que virá a demostrar non só a centralidade da problemática dos partidos no conxunto da problemática política do momento, senón tamén a necesidade de encararse teoricamente cunha realidade a importancia "práctica" da cal non tivera, ata a data, a traducción lóxica que sería de esperar no terreo da discusión politolóxica e xurídica.

Comezando polo segundo dos ámbitos científicos citados, o da teoría constitucional, por máis que a riqueza do debate dificulte caracterizadores[12], pode resultar suficiente, ós efectos deste traballo, con referir as respectivas e confrontadas posicións de Heinrich Triepel e Hans Kelsen, que publicarán, respectivamente en 1927 e 1929, as súas obras *A Constitución e os partidos políticos* e *Esencia e valor da democracia*[13].

Hans Kelsen non só defenderá a decisiva importancia dos partidos na conformación da vontade popular[14], senón tamén a necesidade de recoñecer as evidencias derivadas do carácter ineludible da mesma, procedendo a consagrar xuridicamente o papel central dos partidos no sistema representativo e democrático: "Dadá esta realidade —escribirá o noso autor na obra citada máis arriba— son explicables as tendencias —se ben ata agora non moi vigorosas— a insertar os partidos políti-

12. Vid., ó respecto, Manuel García Pelayo, *El Estado de partidos*, Madrid, 1986, pp. 30-46. E Roberto L. Blanco Valdés, *Los partidos políticos*, Madrid, 1990, pp. 47-54.

13. As edicións que manexamos foron Heinrich Triepel, "Derecho constitucional y realidad constitucional", en Kurt Lenk e Franz Neuman, *op. cit.*, pp. 187 e ss. E Hans Kelsen, *Esencia y valor de la democracia*, Barcelona, 1934, pp. 33 e ss., de onde proceden todas as citas.

14. "A democracia moderna descansa, pode dicirse, sobre os partidos políticos, a significación dos cales crece co fortalecemento progresivo do principio democrático (...) Só por ofuscación ou dolo pode sosterse a posibilidade da democracia sen partidos políticos. A democracia, necesaria e inevitablemente, require un *Estado de partidos*, en Hans Kelsen, *op. cit.*, pp. 36-37 (subliñado no orixinal).

cos na Constitución, coformándoos xuridicamente co que de feito son xa hai tempo, órganos para a formación da vontade estatal"[15]. Tal consagración xurídica dos partidos posibilitaría, ademais, na perspectiva do xurista austríaco, a solución dalgúns dos máis graves problemas que a actuación daqueles viña suscitando. En concreto, a entrada dos partidos no ámbito do dereito facilitaría a aplicación ós mesmos de mecanismos correctores das tendencias oligárquicas desenvolvidas no seu seo, tendencias que serán denunciadas, segundo veremos máis abaixo, por un contemporáneo de Hans Kelsen, o politólogo Robert Michels. "A inserción constitucional dos partidos políticos —conclúe Kelsen, neste eido— crea tamén a posibilidade de democratizar a formación da vontade colectiva dentro da súa esfera. Isto é tanto máis necesario canto que pode supoñerse que é precisamente a estructura amorfa neste ámbito o que dá lugar ó carácter marcadamente aristocrático-autocrático que teñen os procesos de formación da vontade colectiva dentro dos mesmos, aínda en partidos de programa radicalmente democrático"[16].

Con isto Kelsen virá a establecer, con rotunda claridade, un dos fundamentais nexos de engarce entre os dous planos do debate suscitado no período de entreguerras polo Estado de partidos: o debate constitucional en relación coa consagración xurídica ou non dos partidos, e o debate sociolóxico, xerado polo xurdimento dunha nova teoría e dunha nova fenomenoloxía dos partidos, tras a aparición revolucionaria do modelo de partido de masas. Non obstante, antes de adentrarme nesta segunda cuestión quero referirme, para pechar esta mención ó debate xurídico-constitucional xerado polos partidos, ás posicións ideolóxicas de Heinrich Triepel, quen, desde un posicionamento político conservador, sentará o punto de partida da polémica constitucional relativa ó papel das organizacións partidistas.

Neste senso, Triepel, tras partir das profundísimas modificacións introducidas polo Estado de partidos no funcionamento do sistema político, ata o punto de que con el se produciría unha verdadeira creba do parlamentarismo[17], sostén a radical alleidade dos partidos ó mundo do dereito, chegando a concluír na afirmación dunha, en certeira ex-

15. Hans Kelsen, *op. cit.*, p. 36.

16. Ibidem, p. 45.

17. "A organización dos partidos ataca o parlamentarismo desde fóra e desde dentro. Apodérase do elector e arrástrao cada vez máis nas súas redes. Apodérase do procedemento parlamentario en todos os seus estadios e orientacións (...) As decisións das representacións populares prepáranse nas deliberacións e votacións das fraccións. A discusión en pleno, incluso ás veces nas comisións, covértese nunha forma baleira. A decisión parlamentaria cando o Parlamento ten unha maioría homoxénea, é unha decisión de partido, e cando hai pluralidade de partidos é un compromiso entre eles. E o deputado xa non é mais un representante do pobo, senón un representante do seu partido, e como tal se sente e actúa", en Heinrich Triepel, *op. cit.*, p. 188.

presión de Kelsen, "contraposición esencial" entre os partidos e o Estado: "Na esfera da lexislación e do goberno, no campo da "integración" política (...) o partido é un fenómeno extraconstitucional, e as súas resolucións son, baixo o aspecto xurídico, manifestacións non obrigatorias nin coactivas dun organismo alleo ó Estado. Cando se explica, polo tanto, que o Estado moderno se "estructura" sobre os partidos, faise unha afirmación xuridicamente insostible"[18].

No fondo, e como agudamente Kelsen poñería de relevo na súa obra citada, *Esencia e valor da democracia*, obra en gran medida dedicada a refutar as teses de Triepel, a posición deste baseábase nunha rancia ideoloxía que, ó fin de contas, engarzaba coa crítica tradicional ós partidos, é dicir, coa crenza de que aqueles se fundan no egoísmo e representan tan só intereses particulares e de grupo, fronte ó Estado, suposto representante dos intereses colectivos[19]. Esta ideoloxía, verdadeiramente central na conformación da primeira liña de reflexión crítica cara ó Estado de partidos, ideoloxía de carácter en verdade conservador, viría completarse, contemporaneamente, coa segunda das frontes de debate mencionado liñas máis arriba: o xerado polo xurdimento da primeira teoría sociolóxica sobre os partidos, da man do fenómeno histórico dos partidos de masas.

Neste senso, e pese as diferentes posicións e ós diversos enfoques con que se acercan ó problema, paréceme que se deben sinalar, alomenos, as aportacións de dous autores, as ideas dos cales conformarán, cunha indiscutible proxección cara ó futuro, a moderna teoría do partido político: refírome a Mosei Ostrogorski e a Robert Michels.

O primeiro deles, o ruso M. Ostrogorski publica en 1902 a súa obra *Democracia e organización dos partidos políticos*[20], na que, tras unha análise minuciosa do papel desempeñado polos partidos na vida política de Inglaterra e Estados Unidos, realiza unha diagnose profundamente crítica sobre o mesmo. As súas conclusións fundamentais poderían resumirse conforme á seguinte liña argumental: a imprevisión do Estado tería permitido entrar na vida política a unhas organizacións "extralegais", os partidos, que ademais das tarefas puramente electorais, se ocuparían de formar e coordinar as opinións dos cidadáns,

18. Ibidem, p. 189.

19. O propio Kelsen afirmará que tal posición se sostiña nunha ilusión "metapolítica": "(...) o ideal dun interese colectivo superior ós intereses do grupo e, por conseguinte, "suprapartidista", isto é, a solidariedade de intereses de todos os membros da colectividade sen distinción de confesión, nación, clase, etc., vén ser unha ilusión metafísica ou, mellor dito, "metapolítica", que soe denominarse con terminoloxía bastante confusa comunidade "orgánica" dela e contrapoñerse ó chamado "Estado de partidos", isto é, á democracia mecánica", *op. cit.*, p. 43 (os entrecomiñados no orixinal).

20. A edición que manexamos foi Mosei Ostrogorski, *La démocratie et l'organisation des partis politiques*, II Vol., París, 1903, de onde proceden todas as citas.

dando lugar con iso a un auténtico naufraxio do réxime electivo e do goberno democrático. O sistema de partidos tería eliminado, como consecuencia do formalismo polo mesmo establecido, a independencia do espírito dos cidadáns e desanimado "a enerxía da súa vontade e a autonomía da súa conciencia". Á súa vez, o formalismo político inducido polo sistema de partidos explicaría a imposibilidade de xerar unha élite democrática e sería o responsable da configuración dun goberno "mecánico" que, ó debilitar a responsabilidade daquel, posibilitaría a entrada de corrupción no sistema. Finalmente, e para completar a súa diagnose, Ostrogorski considera que a forza organizativa dos partidos, que mantén ese formalismo partidista esterilizador ó que me veño referindo, fai a aqueles especialmente perigosos e prexudiciais; e que dado que "os partidos mesmos non poden manterse sen unha forte organización, a sociedade política atópase enferma polo sistema como dentro dun círculo vicioso"[21].

Fronte á situación diagnosticada, segundo a cal o inevitable mecanicismo formalista do sistema democrático traduciríase á fin nunha pasividade social da que se valerían as élites dos partidos para dirixir o Estado con total arbitrariedade, Ostrogorski propón como saída a de substituír os partidos por ligas de votantes, non permanentes e non institucionalizadas, que se autodisolverían entre elección e elección: "Os partidos que agrupen os cidadáns para a acción común son indispensables baixo un goberno libre, pero deben limitarse á súa propia función. O exercicio do poder polos partidos, supervivencia dos tempos da loita pola liberdade, non é necesaria para asegurar os seus beneficios. É a causa de todos os males do actual réxime de partidos (...). A solución consistiría en eliminar desde este momento a práctica dos partidos permanentes que teñen por finalidade o poder"[22]. Tal solución, ó suprimir a base organizativa permanente dos partidos, acabaría coa corrupción e a esterilización provocada por aqueles[23].

Aínda que, como acabamos de ver, a reflexión de Ostrogorski concede unha marcada importancia ó carácter permanente da organización dos partidos na producción da que o propio autor considera dexeneración do sistema político cara á esterilización e á corrupción, a teorización autenticamente paradigmática neste senso habería de ser a de Ro-

21. Ostrogorski, M. *Op. cit.*, Vol. II. p. 607.

22. Ibidem, p. 611.

23. "O novo método comezaría por atacar as principais condicións da corrupción e da tiranía que enxendra o actual réxime de partidos. Con el crebaríase inevitablemente a base material que está na permanencia dos cadros do partido, e a base moral que está no conformismo dos fieis. O carácter temporal e especial dos partidos creados segundo o novo método a penas permitiría o recrutamento e o mantemento deses exércitos regulares coa axuda dos cales se conquista e se explota o poder". Ibidem, p. 618.

bert Michels. En 1911 o sociólogo alemán publica a súa obra *Socioloxía dos partidos na democracia moderna*[24], obra fundamental onde as súas teses virán conformarse como un dos puntos nodais da nova teoría sociolóxica dos partidos e gozarán dunha gran proxección no futuro.

A reflexión de Michels, que se debe situar no contexto do nacemento das primeiras teorías elitistas modernas (Mosca, Pareto, etc.), parte dun dobre principio fundamental sobre o cal se vertebra toda a súa construcción: a) o dos perigos inmanentes a *toda* organización, e b) o da imposibilidade de prescindir das organizacións no funcionamento do sistema político democrático. A partir deste dobre principio vertebral, postulador dun determinismo estructural que conduce a un círculo vicioso de difícil saída, Michels dedica a parte central da súa obra a desentrañar as diversas causas que condicionan e explican o predominio dos xefes dos partidos sobre as súas respectivas organizacións e a demostrar o carácter dominador daqueles sobre estas.

Verbo das causas explicativas do predominio oligárquico no seo dos partidos, o noso autor divídeas en tres tipos en función da súa diversa natureza: de orde técnica e administrativa (a necesidade inmanente da organización, a imposibilidade mecánica e técnica do goberno directo das masas e o militantismo dos modernos partidos de masas), de orde psicolóxica (a necesidade da delegación política, a necesidade de xefes por parte das masas, a gratitude política destas e a necesidade de liderato) e, en derradeiro lugar, de orde intelectual, é dicir, a superioridade intelectual dos xefes políticos profesionalizados sobre unha masa de cidadáns politicamente incompetente e despolitizada[25].

Como apuntaba máis arriba, tal diagnose complétase, pechando así o círculo argumental que permitirá a Michels formular a súa famosa "lei de bronce", co intento de demostrar o carácter dominador das oligarquías dos partidos sobre as organizacións que dirixen. Con isto Robert Michels pretende superar a "simple" descrición baseada nos datos derivados da análise histórica e dotar á súa lei de auténtico carácter "científico". Neste senso, o noso autor refírese ás causas determinantes da oligarquización nos partidos: a estabilidade dos xefes, o seu poder financeiro e o dos partidos baixo o seu mando, o seu dominio da prensa, a metamorfose psicolóxica dos xefes como consecuencia do exercicio do poder e en suma, como resultado final, a "identificación"

24. A edición que manexamos foi Robert Michels, *Les partis politiques*, París, 1919, de onde proceden todas as citas.

25. A conclusión que obtén Michels ó respecto é rotundamente clara: "A democracia acabaría deste xeito por transformarse nun sistema de goberno dos mellores, nunha aristocracia. Os xefes serían, tanto desde o punto de vista obxectivo como desde o punto de vista moral, os máis capaces e os máis maduros; polo tanto, non terían só o dereito senón o deber de poñerse á cabeza da masa, e isto non só como representantes dun partido, senón como individuos feramente conscientes do seu valor persoal", *op. cit.*, p. 64.

entre partido e xefe, lévano a formular unha lei segundo a cal a oligarquía sería como unha especie de forma preestablecida da vida comunitaria dos modernos e cuantitativamente numerosos agregados sociais: "A constitución de oligarquías no seo das multiples formas de democracia é un fenómeno orgánico e, por consecuencia, unha tendencia á cal sucumbe fatalmente toda organización, sexa socialista ou incluso anarquista (...). A supremacía dos xefes nos partidos democráticos e revolucionarios é un feito que debe ser tido en conta en toda situación histórica presente ou futura (...)"[26].

En todo caso, e aínda que privada do énfase que Michels porá en demostrar a súa tese fundamental, outra colateral da súa obra resulta de especial relevancia ós efectos da conclusión que quero tirar das liñas argumentais analizadas ata agora: a de que, como consecuencia das tendencias oligárquicas presentes nos partidos, estes deixan de representar a vontade dos seus afiliados e votantes para pasar a converterse en meros portavoces dos intereses espúreos da élite dirixente do partido, é dicir, a tese da "inadecuación" dos partidos como instrumentos de conformación e representación dos intereses colectivos[27]. E isto porque a mesma afecta a unha cuestión de extraordinaria importancia, a relativa á propia virtualidade do principio democrático e ó das posibilidades de efectiva plasmación práctica do mesmo no moderno Estado de partidos.

Chegados a este punto cabería considerar dúas interrogantes: ¿que elemento común, se é que o teñen, presentan as diversas reflexións que, tanto no eido da teoría constitucional como no da sociolóxica, vin referindo? E, en segundo lugar, ¿onde reside, ós efectos da miña liña argumental, o interese cara ó presente desas reflexións? A resposta, en ambos os dous casos coincidente, entronca, ó meu xuízo, moi directamente, coa problemática cuestión das relacións (de incompatibilidade e/ou de compatibilidade) entre *partitocracia* e *democracia*. Como Claus Offe ten posto de relevo referíndose ós estudios de Michels, "no fondo destas análises existe a constatación común de que, en canto se expresa a vontade popular a través dos instrumentos do partido competitivo que tenta acceder ó goberno, *o* que se expresa *deixa de ser* a vontade popular, transformándose nun artefacto que cobra a forma e desenvolve unha dinámica de acordo cos imperativos da competencia política"[28].

26. Ibidem, pp. 301-302.

27. "O partido, en tanto que formación exterior, mecanismo, máquina, non se identifica necesariamente co conxunto dos membros inscritos, e aínda menos coa clase. Converténdose nun fin en si mesmo, dotándose dos seus fins e intereses propios, sepárase pouco a pouco da clase que representa". Ibidem, p. 294.

28. Claus Offe, "Democracia de competencia entre partidos y Estado de bienestar keynesiano. Factores de estabilidad y de desorganización", en *Partidos y nuevos movimientos sociales*, Madrid, 1988, p. 62 (subliñados no orixinal).

En efecto, creo que, como Offe ten posto xustamente de relevo, a riquísima reflexión que tanto desde o eido xurídico, como desde o enfoque sociolóxico se ten producido en Europa no período de entreguerras en relación co Estado de partidos, vén poñer en cuestión pese á súa innegable diversidade científica, ideolóxica ou metodolóxica, un dobre problema fundamental: en primeiro lugar, o relativo ós cambios operados na consitución *material* do Estado pola consolidación dos partidos, convertidos en instrumentos fundamentais, e case únicos, de vertebración da opinión pública, de construcción da comunidade como suxeito activo politicamente actuante; en segundo lugar, e intimamente relacionado co anterior, o relativo á propia posibilidade de que os partidos, organizacións estables, burocratizadas e cunha tendencia á oligarquización no proceso interno de toma de decisións, poidan cumprir axeitadamente ese papel, é dicir, poidan actuar como suxeitos organizadores do funcionamento do sistema democrático; nunha palabra, o problema da democracia interna dos partidos.

IV. OS PARTIDOS E A CONSTITUCIÓN MATERIAL DO ESTADO DEMOCRÁTICO

A tendencia xeral á constitucionalización dos partidos que se abre nalgúns dos máis fundamentais Estados europeos tras a Segunda Guerra Mundial[29], virá a ser, ó meu xuízo, a mellor proba, da importancia crecente que os partidos acabaron por adquirir no funcionamento práctico dos sistemas de democracia representativa, sistemas que verán a progresiva modificación de elementos determinantes da súa constitución "material" tras a definitiva consolidación do Estado de partidos. E isto porque nos modernos Estados democráticos os partidos desempeñan un papel central que se concreta, alomenos, nas seguintes esferas:

a) O acceso ós cargos públicos electivos, que se produce a través das candidaturas presentadas polos partidos políticos, o que significa que na práctica estes monopolizan, ou case monopolizan, as canles de acceso ás institucións e órganos representativos do Estado.

b) As formas de expresión da vontade política do Estado, que deveñen operativas a partir de decisións tomadas polos órganos de

29. Así, por exemplo, os artigos 49 da Constitución Italiana de 1947, 21 da Lei Fundamental da República Federal de Alemaña, ou 4° da Constitución Francesa de 1958. Xa na década dos setenta, e caídas as derradeiras dictaduras na Europa occidental, os artigos 29.1 da Constitución Grega de 1975, 117.1 da Constitución Portuguesa de 1975 ou o 6° da Constitución Española de 1978.

representación do mesmo, o que coloca ós partidos, a través do estricto control que estes exercen sobre os representantes elixidos nas súas candidaturas, nunha posición de forzas de poder socialmente organizadas.

c) O marcado protagonismo dos partidos na resolución dos conflictos sociais e políticos, en virtude do cal aqueles aparecen, en períodos de normalidade de funcionamento do sistema, como estructuras absolutamente indispensables para a obtención da síntese que xerará a dirección política do Estado.

d) Finalmente, a ausencia de todo poder *real* dos cidadáns illadamente considerados, é dicir, a imposibilidade de calquera corpo social atomizado para actuar como suxeito politicamente relevante, o que, obviamente, coloca os partidos como fundamental estructura de construcción da sociedade civil[30].

A partir desta constatación é posible xa, polo tanto, referirse ás consecuencias que tal centralidade política dos partidos vai ter na final configuración da "constitución material" dos sistemas de democracia representativa. Comecemos, entón, pola primeira e posiblemente máis fundamental: os cambios da propia natureza da participación popular na vida política. De feito, a consolidación de sistemas de partidos de masas, como instrumentos fundamentais de producción da función representativa, ten dado lugar a unha extraordinaria extensión do número de suxeitos politicamente activos. Pero, non é, en todo caso, nos seus aspectos *cuantitativos* onde o cambio na natureza da participación ten sido máis significativo. Esta ten experimentado, tamén, e sobre todo, unha decisiva transformación *cualitativa* que se concreta nun dobre aspecto: dunha banda, na "continuidade" na participación, continuidade que os partidos de masas teñen posibilitado; doutra banda, na "heteroxeneidade" da mesma, que conleva, por definición, a extenxión do dereito de sufraxio e o aumento, debido a circunstancias económicas, sociais e culturais, da participación.

Aínda que, como acabo de apuntar, a consolidación de sistemas de partidos de masas supuxera un cambio fundamental na natureza da participación política, non deixa de seguir sendo certo que a esfera máis sobresaínte desa participación continúa a ser a da participación electoral. E é xustamente neste eido no que o Estado de partidos virá a introducir un segundo cambio esencial no Estado constitucional, as consecuencias do cal, como veremos de seguido, serán fundamentais na configuración da súa constitución "material". Refírome ós cambios

30. Cfr. Giuseppe Ugo Rescigno, "Alcune considerazioni sul rapporto partito-Stato-cittadini", en VV. AA. *Scritti in Onore di Costantino Mortati*, Vol. III, Milano, 1977, pp. 957-958.

operados na relación entre os cidadáns, os partidos e os representantes elixidos nas candidaturas de partido, é dicir, a nova funcionalidade das eleccións en relación coa que as mesmas tiñan durante o período de vixencia do modelo de partidos de notables.

No Estado democrático contemporáneo a posibilidade dos cidadáns de resultaren elixidos para ocupar cargos públicos depende basicamente dos partidos, de xeito tal que os cidadáns a penas teñen a oportunidade de obter a nominación de candidatos e, en consecuencia, de gañar o cargo polo que compiten, se non é conseguindo o apoio dun partido político. De feito, na maior parte dos casos son os propios partidos os que levan a cabo a escolma das candidaturas que se haberán de presentar ó electorado. Ademais, tal centralidade dos partidos no proceso de escolma de candidaturas e, de xeito diferido, de representantes populares, apréciase tanto nos sistemas baseados en fórmulas electorais proporcionais, onde o papel dos partidos é mais palpable, como en aqueles que operan con fórmulas maioritarias e distrito uninominal, sistemas estes onde a escolma partidista predomina tamén claramente sobre a escolma non partidista[31]. Así as cousas, os candidatos individuais, que carecen da infraestructura técnica e da capacidade económica que subministran os partidos, pasan a estar en situación de manifesta desvantaxe en relación cos candidatos que teñen logrado o respaldo partidista.

O cambio na natureza das eleccións, ó que me acabo de referir, supón, realmente, un auténtico cambio na natureza da representación política no Estado democrático. Ou, por expresalo de xeito máis preciso, as modificacións introducidas polo Estado de partidos na significación política das eleccións dará lugar a toda unha serie de consecuencias respecto ó papel dos representantes políticos, que están na base do que é xeralmente coñecido como unha "crise" da moderna institución parlamentaria.

Certamente, aínda que o Parlamento continuará a ser no Estado contemporáneo de partidos o mais fundamental órgano de formalización da vontade popular, a través do exercicio da potestade lexislativa do Estado e, máis en xeral, do conxunto de competencias de control político que ten constitucionalmente asignadas, o "principio democrático" vai esixir que o propio Parlamento se acomode á vontade política popular tal e como esta vén permanentemente expresada polo máis importante dos seus elementos conformadores: os partidos políticos. Ata tal punto é así que, modernamente, as discusións parlamentarias perden a súa antiga función de ser o momento terminal do proceso de

31. Cfr., ó respecto, Claudio Rossano, *Problemi di struttura dello Stato sociale contemporaneo. Lezioni di dotrina dello Stato*, Napoli, 1978, pp. 140-156.

decisión política, para asumir a moita máis limitada de converterse en caixa de resoancia do debate entre partidos e estimular, dese xeito, o proceso de formación da vontade política do pobo. Así as cousas, e como ten apuntado Zampetti, o novo réxime político xurdido da consolidación do Estado de partidos podería describirse por medio do contraste entre un réxime de feito e o réxime político constitucional representado polo sistema parlamentario, é dicir, un réxime conformado "por órganos de control baleiros de poder e de centros de poder baleiros de control"[32].

A crise da institución parlamentaria, froito precisamente do cambio operado na natureza dos procesos electorais referida por min máis arriba, adquirirá a súa máis relevante significación no feito da *subordinación* dos parlamentarios, e, polo tanto, do Parlamento como supremo órgano do Estado, ós partidos. Aínda que certamente, esa subordinación do deputado ó partido é anterior á consolidación de sistemas de partidos de masas, a novidade ten consistido xustamente na modificación da propia natureza da subordinación: no primeiro caso, o representante estaba subordinado ó partido "parlamentario", ó grupo de notables que foran elixidos xunto con el mesmo; no segundo, polo contrario, o representante atópase subordinado a un partido propiamente dito, o partido de masas, é dicir, a un partido con órganos de decisión que se sitúan fóra do Parlamento. A preeminencia do partido sobre o grupo parlamentario, que se manifesta na dobre suxeición do representante á disciplina do partido e á disciplina do grupo ó que pertence, debe entenderse, en suma, como unha manifesta consecuencia desa nova funcionalidade das eleccións, en virtude da cal o partido pasa a ser un mandatario do corpo electoral e o parlamentario unha mera ferramenta para a plasmación "pública" das decisións procedentes da esfera "privada" do partido.

Gerhard Leibholz, cunha formulación xa clásica, ten profundizado agudamente nas derivacións do Estado de partidos en relación coa constitución "material" do Estado. A partir da contraposición entre Estado parlamentario representativo e Estado de partidos, contraposición que se configura como elemento cardinal da súa construcción, o gran xurista alemán chega á conclusión de que a penetración dos partidos no Estado moderno é incompatible cos principios da democracia liberal e representativa, pois estes son "estructuralmente" diversos dos principios vertebradores do Estado de partidos. Nesta liña escribe Leibholz, cunha claridade que xustifica a lonxitude da cita, que "nos nosos días xa non son os parlamentos lexisladores aquelas institucións

32. Zampetti, Pier Luigi. *Democracia y poder de los partidos. El nuevo régimen político.* Madrid, 1970, p. 9.

representativas nas que os deputados, sen outra coacción que a da súa propia conciencia (...) tomaban as súas decisións políticas e acordaban as súas leis cos ollos postos no interese xeral do pobo; na realidade política (...) téñense convertido máis ben en centros nos que os deputados, baixo a coacción do partido (...) chegan a sentirse nun labirinto de compromisos, que se manifesta logo de modo decisivo nos seus discursos e votacións, de sorte que o seu efectivo papel redúcese ó de uns delegados de partido, asistentes ós plenos parlamentarios para obter neles a sanción de acordos adoptados fóra de alí. Esta radical modificación na estructura do Parlamento actual é unha consecuencia do feito de que no transcurso do século pasado fora substituíndo paulatinamente á clásica democracia representativo-parlamentaria o moderno Estado de partidos, asentado na democracia masiva"[33].

A descrición de Leibholz, por máis que en boa medida mitificadora dun pasado que, verdadeiramente, nunca foi exactamente como se nos pretende describir[34], ten o extraordinario valor de marcar o punto de contraste entre a realidade daquel e a dun presente que nunha medida nada despreciable vén funcionando sobre a base de principios político-constitucionais debedores da democracia "liberal". Así teremos ocasión de comprobalo seguidamente, ó analizar a consecuencia do Estado de partidos sobre a constitución material do Estado que aparece, a fin de contas, como auténtico corolario de todas as mencionadas ata agora. Refírome ás transformacións operadas na formulación do tradicional principio liberal da división dos poderes do Estado e, sobre todo, no máis importante dos seus efectos na evolución da realidade política dos sistemas constitucionais europeos: o control do poder executivo polo poder lexislativo do Estado encarnado na institución parlamentaria.

Como é coñecido, este control xurdirá, alomenos no ámbito da realidade constitucional europea, como un medio a través do cal o Parlamento puidese evitar que o poder executivo monárquico, expresión dunha "puissance" política oposta á do Parlamento, exercese a súa función de xeito arbitrario e en menoscabo das propias funcións parlamentarias. A finalidade, esencialmente *política*, non era outra que a de repartir entre suxeitos políticos novos e tradicionais o conxunto de actividades públicas definidoras do funcionamento do Estado, de tal xeito que se puidese acadar, na dinámica de actividade daquel, un acepta-

33. Vid, Gerhard Leibholz, "El legislador como amenaza para la libertad en el moderno Estado democrático de partidos", en *Problemas fundamentales de la democracia moderna*, Madrid, 1971, pp. 26-28.

34. Cfr., en tal senso, as aportacións de Jordi Solé Tura, en "El futuro de la institución parlamentaria", en Angel Garrorena Morales (Edi.), *El Parlamento y sus transformaciones actuales*, Madrid, 1990, pp. 379-384.

ble equilibrio político entre os suxeitos mencionados. "O problema non era lóxico-xurídico, senón político-práctico"[35].

Aínda que tras a afirmación progresiva do réxime parlamentario se seguiu mantendo o tradicional principio do control, o certo é que este vai adquirir unha natureza e unha funcionalidade ben diferentes ás propias do pasado: o goberno é a derivación dunha maioría parlamentaria, e é, en consecuencia, responsable directamente perante a mesma. A progresiva imbricación dos partidos nos modernos sistemas parlamentarios vai dar lugar, á súa vez, a unha crecente tendencia á "unificación" entre goberno e maioría parlamentaria, á configuración da chamada maioría "parlamentario-gobernamental", e a unha identificación substancial entre os intereses dun e doutro órgano[36].

Nese novo esquema, e como ten sido maioritariamente sinalado[37], o clásico principio da división de poderes entre lexislativo e executivo non vai atopar real aplicación. A dirección do partido maioritario convértese, na práctica, e con independencia relativa das estrictas previsións do texto constitucional, no órgano de dirección efectiva non só da maioría parlamentaria, senón tamén do propio goberno, o que se traduce, *de feito*, nunha cesación da función de control do executivo por parte do lexislativo na medida en que un e outro responden a un mesmo pulo político e son dirixidos desde o mesmo centro de poder: a dirección do partido maioritario. Aínda que é innegable que este esquema teórico "xeral" presenta un funcionamento peculiar en cada situación política concreta dependendo de factores de diferente índole, e moi especialmente da configuración do sistema de partidos (sistemas bipartidistas con gobernos maioritarios dun único partido, sistemas multipardistas con gobernos de coalición ou de maioría relativa, etc.), podería concluírse que, en termos xerais, o control parlamentario ten acabado por transformarse nun control da minoría (ou das minorías) sobre a maioría e, polo tanto, do ou dos partidos situados fóra do goberno sobre aquel ou aqueles que sosteñen a maioría gobernamental.

En todo caso, ese contraste entre realidade política (articulación práctica do sistema de goberno e realidade xurídica, principios verte-

35. Silvestri, Gaetano. *La separazioni dei potere*, Milano, 1984, p. 61.

36. En tal senso ten escrito Gerhard Leibholz: "A realidade política aparece certamente de moi distinto xeito. A relación entre o Goberno e partido político (ou partidos) do cal emana, é tan estreita que o control do Parlamento non pode despregarse na súa totalidade (...). Nese senso tense falado, con razón, dunha unión de poderes entre o Goberno e o Parlamento (...) para facer a íntima conexión entre o Goberno e a maioría parlamentaria. Pódese afirmar, nun senso sociolóxico-político, que nun Estado democrático de réxime parlamentario a maioría que sostén o Goberno vai tomando un carácter máis e máis gobernamental (...)". Vid. "La función controladora del Parlamento en las democracias de partidos del siglo XX", en *op. cit.*, pp. 61-62.

37. Vid., por todos, Lelio Basso, "Il partito nell'ordinamento democratico", en Istituto per la documentazioni e gli studi legislativi, *Indagine sul partito politico*, Tomo I, Milano, 1966.

bradores do ordenamento xurídico-constitucional) non se reduce só ó ámbito do funcionamento do principio de control parlamentario do goberno. Polo contrario, a consolidación do modelo histórico do Estado de partidos ten estendido os seus efectos en diferentes eidos do funcionamento do aparato estatal, impugnado, consecuentemente, moitos outros dos elementos históricos conformadores do Estado liberal representativo: a consecuencia final dese proceso determina, ó cabo, que o equilibrio *orgánico* característico do Estado liberal teña sido substituído por un novo principio de funcionamento estatal: o do equilibrio entre partidos maioritarios e partidos conformadores da minoría no seo dos vixentes parlamentos.

Todos os cambios na constitución "material" do Estado que teño analizado ata agora, darán lugar, finalmente, a unha transformación política fundamental na configuración do máis esencial dos elementos vertebradores do moderno Estado democrático: o elemento da *soberanía*. En efecto, o partido político pasará a constituírse na actual dinámica histórica no *verdadeiro soberano*. Tal afirmación ten sido formulada, cunha grande eficacia analítica, polo profesor italiano Giuseppe Ugo Rescigno, nun traballo ó que a súa brevidade non impediu facer fortuna na doutrina comparada. Tras dunha consideración case telegráfica sobre a cuestión da limitación do soberano como cuestión fundamental da moderna ciencia constitucional e unha descrición das diversas vías ensaiadas na evolución histórica coa finalidade de acadar tal limitación, Rescigno formula a súa tese sobre a identificación "concreta" do soberano no contemporáneo estado democrático. En tal senso, segundo o noso autor, co que coincido plenamente, a investigación empírica do funcionamento real do Estado democrático dos nosos días conduciría a unha conclusión incontestable: a de que o soberano moderno é o partido político. O propio autor aclara, de inmediato, que está a referirse non a un partido político determinado, senón ó partido en canto que "forma" histórica de organización: "Aquí descóbrese o segredo, a ambigüidade pero tamén a eficacia da totalidade do sistema: ningún partido é soberano por si mesmo, senón só en canto que se empadroa nos órganos constitucionais do Estado[38].

No fondo, a tese central de Rescigno vén recoller unha idea que fora expresada xa con absoluta claridade por Antonio Gramsci, nos primeiros anos trinta, nas súas *Notas sobre Maquiavelo*. Así, escribía Gramsci nos seus *Quaderni* que "o moderno príncipe, o mito-príncipe, non pode ser unha persoa real, un individuo concreto; pode ser só un organismo; un elemento da sociedade complexo no cal ten xa inicio a

38. Vid. Guiseppe Ugo Rescigno, "Limitare al Sovrano. Brevi noti sui partiti politici", en *Critica del Diritto*, nº 27-28 (1982), pp. 14-15.

concreción da vontade colectiva recoñecida e afirmada parcialmente na práctica. Este organismo ten sido xa producido polo desenvolvemento histórico e é o partido político: a primeira célula na cal se reasumen os xermes da vontade colectiva que tenden a transformárense en universais e totais"[39].

E é xustamente sobre esta realidade radicalmente novedosa, en virtude da cal o partido político aparece configurado no moderno Estado democrático como un auténtico soberano impersoal, sobre a cal se ten producido moi derradeiramente un gran debate que pula por dilucidar como evitar que esta realidade "de feito" poida acabar sendo incompatible co principio vertebral da soberanía popular.

Aínda que esta cuestión non pode xa formar parte da miña reflexión, destinada a analizar a realidade da moderna democracia de partidos e non a debater sobre as solucións que se teñen proposto como vías de saída á contradicción entre soberanía dos partidos e funcionamento interno oligárquico dos mesmos, contradicción que ten conducido nunha medida nada despreciable a baleirar de contidos o principio democrático da soberanía popular, non quero, en todo caso, rematar sen apuntar, moi sucintamente, algunhas das liñas fundamentais do debate referido.

V. CONCLUSIÓN: SUPERACIÓN DA DEMOCRACIA DE PARTIDOS OU IMPULSO DA DEMOCRACIA NOS PARTIDOS.

De feito, fenómenos políticos derivados do vixente modelo competitivo de partidos teñen contribuído, na actualidade, a dotar da maior relevancia a toda a problemática suscitada polo funcionamento interno daqueles. Claus Offe, coa súa habitual agudeza, ten sistematizado concisamente os tres fundamentais efectos derivados dunha dinámica estatal que se desenvolve de acordo cos imperativos da competencia política: a) a perda de radicalismo na ideoloxía dos partidos; b) a desactivación política crecente dos membros de base do partido; e c) a crecente heteroxeneidade da estructura do partido e da cultura política dos suxeitos que o apoian [40]. Así ás cousas, o modelo competitivo de partidos daría lugar a unha disolución da identidade colectiva nos modernos partidos de masas (transformados en partidos "atrápao-todo" o que, ó meu xuízo, ratifica o primeiro plano en que se sitúa a cuestión das "formas" de producción da súa vontade interna.

Pola miña parte non comparto, certamente, a conclusión que Offe acabará por sacar da súa analise, é dicir, a do esgotamento histórico do

39. Gramsci, Antonio. *Op. cit.*, p. 5.

40. Offe, Claus. "Democracia de competencia...", *op. cit.*, pp. 62-64.

suxeito partido como suxeito vertebrador da vida política nos Estados do capitalismo avanzado, Estados que terían dado lugar a unha forma progresiva e alternativa de organización dos intereses colectivos: os novos movementos sociais (pacifismo, ecoloxismo, feminismo, etc.). Fronte á imposibilidade da "aparición de partidos capaces de abolir as restriccións e obstáculos" máis arriba mencionados, Offe apunta, en efecto, que "a outra posibilidade consitiría nunha *desintegración do partido político como forma dominante da representación democrática das masas* e a súa substitución gradual por outras formas que posiblemente sexan menos indicadas que a competencia entre partidos para usar 'consecuentemente' o poder do Estado"[41].

Non parece, sen embargo, que a realidade xustifique as optimistas previsións do politólogo alemán. Ben ó contrario, a evolución dos acontecementos políticos nas democracias occidentais nos últimos tempos tende a indicar o escaso éxito das "prácticas menos encorsetadas e reguladas de participación e conflicto político"[42], que teñen que enfrontarse, ben con auténticas "debacles" electorais a mans dos partidos "tradicionais", ben con debates internos sobre a conveniencia ou non de cambiar o seu carácter de movementos descentralizados e desburocratizados, é dicir, escasamente formalizados, polo de organizacións "similares ós partidos". Certamente, fronte a fenómenos como o das "ligas" en Italia, os exemplos dos verdes alemáns, sometidos a unha discusión interna sobre a súa natureza e o seu futuro, entre "fundamentalistas" e "pragmáticos", dos verdes suecos (Partido do Medio Ambiente), literalmente varridos do Parlamento nas últimas eleccións xerais de setembro do 91, ou, máis achegado a nós, de Izquierda Unida en España, inmersa tamén nun debate sobre o seu futuro, no que se observan posicións que defenden a súa conversión nun "partido de novo tipo", non permiten ser moi optimista.

Máis ben parece defendible que a notable capacidade de resistencia histórica, de pervivencia, que ten demostrado o "modelo" de democracia representativa baseada nos partidos coloca en primeiro plano a necesidade de potenciar o seu funcionamento interno democrático, de corrixir as súas tendencias internas á oligarquización, e de favorecer a converxencia entre partidos e sociedade civil como único medio para posibilitar a mutua permeabilidade que necesariamente haberá de estar na base de calquera proceso de mobilización política e social.

41. Ibidem, p. 66 (subliñados e entrecomiñados no orixinal). Vid., tamén, ó respecto, o resumo de Ferrán Requejo Coll, *Las democracias. Democracia antigua, democracia liberal y Estado de bienestar*, Barcelona, 1991, pp. 161-177.

42. Offe, Claus. *op. cit.*, p. 70.

Isto non significa negar, en ningún caso, a necesidade de buscar vías de saída á presente situación. Unha situación na que a mencionada ruptura das identidades colectivas (podería dicirse das tradicionais culturas políticas partidarias) se produce nun contexto político xeral que non favorece, senón todo o contrario, a participación cidadá na configuración da vontade política interna das organizacións partidistas. En efecto, á vista dos dous elementos esenciais sustentadores do Estado liberal democrático moderno —dunha banda, a crecente burocratización do poder e, doutra, a apatía cidadá— é facilmente comprensible que o sistema parlamentario de goberno non veña senón a autorreproducirse, e que os partidos en torno ós cales se vertebra, lonxe de un suxeito impulsor da dinámica participativa e democrática, se teñan convertido en aparatos destinados ó mantemento limitado e pechado das élites politicas. Por iso, como ten sido certeiramente salientado[43], o perigo da denominada "partitocracia" non é outro que o do conxelamento burocrático e corporativo da política, de tal xeito que o partido político se coloca nos modernos réximes democráticos nunha posición central dentro dos sistema, ó corresponderlle a responsabilidade de decidir, fronte ás demandas da sociedade civil, se o propio sistema político se dirixirá no senso da manipulación ou da transformación social e política.

¿Cales deben ser os medios a través dos cales se asegure que o partido político, como "modelo" de organización dos intereses colectivos, cumpra esa función mediadora e de vinculación entre a sociedade civil e a sociedade política? Ou, para expoñelo nos termos da miña tese fundamental, ¿pode, e en caso de resposta positiva, ata onde pode, o Estado disciplinar legalmente ós partidos coa finalidade de garantir, por medio do seu funcionamento interno democrático, que aqueles cumpran de xeito adecuado as funcións que acabo de apuntar? Eses son, sen ningún xénero de dúbidas, dous dos grandes temas do futuro.

R. L. B. V.

43. Cfr. Javier Pérez Royo, "La teoría del partido político de Umberto Cerroni", *Revista de Estudios Políticos*, nº 16 (1980), pp. 191-194.

China: ¿unha "longa marcha" cara ó capitalismo?

Xulio Ríos

Cunha evolución que en aparencia racha aberta e mesmo quizais contradictoriamente cos moldes ideolóxico-políticos e económicos que determinaron en grande medida toda a nosa contemporaneidade, China, un Estado-continente que alberga a quinta parte da humanidade (case 1.200 millóns de persoas) constitúe unha das incógnitas de futuro máis interesantes e destacables deste final de século[1]. Cunha política de reformas baseada na "utilización do capitalismo" para xerar a prosperidade que o socialismo deberá distribuír de xeito equitativo, sitúa novamente e desde coordenadas propias a cuestión da identidade, catacterísticas e subsistencia do socialismo como sistema, das súas fronteiras ou lindeiros co modelo capitalista. ¿Procúrase acaso un novo xeito de socialismo ou simplemente a perpetuación no poder dunha casta politicamente burocrática e autoritaria e economicamente pragmática?

¿Como definir a China de hoxe? ¿É un país capitalista singular ou un país socialista especial? Un país socialista, aseguran a Constitución vixente e os seus líderes políticos. Sen embargo os mecanismos incorporados nos últimos anos para propiciar esa rápida modernización e crecemento económico que desperta a envexa e o temor no mundo desenvolvido e as transformacións sociais e productivas que orixinaron, sementan algunhas dúbidas a respecto da ulterior validez de tan radical afirmación.

1. Enrique Fanjul: "El futuro del comunismo chino" en *Política Exterior,* núm. 27. Primavera de 1992.

Todo comezou en decembro de 1978 cando o Comité Central do Partido Comunista de China celebrou o seu Terceiro Plenario do XI Congreso [2]. Nel avaliouse o proceso de construcción do socialismo, os seus éxitos e fracasos, con especial atención ó período da Revolución Cultural ou ós denominados "dez anos de disturbios" en palabras de Deng Xiaoping [3]. Definiuse unha nova política: todos os esforzos debían concentrarse na mellora das condicións de vida da poboación, no fortalecemento da economía, abrindo o país ó exterior, pero sen renunciar ó socialismo nin procurar converxencias antinatura, sen trasladar en definitiva de xeito mecánico as experiencias doutras realidades sen unha previa adaptación crítica ás características específicas de China. Socialismo debe deixar de ser sinónimo de reparto equitativo da pobreza [4].

Nos primeiros anos da Revolución o modelo de desenvolvemento aplicado no xigante asiático era similar ó soviético, é dicir, baseábase na estatalización absoluta e na planificación hipercentralizada. Non había outras experiencias e non se concebía o socialismo sen a aplicación daquelas medidas. O rápido deterioro das relacións coa URSS impediu que se consumase unha traslación plena e permanente daquel modelo que tan desafortunadamente priorizou de xeito continuado a industria pesada en prexuízo da que habería de proporcionar os bens de consumo capaces de mellorar apreciablemente as condicións de vida dos hipotéticos redimidos. Pero outra opción tamén en China resultaría custosa.

Nos tempos da Revolución Cultural do Proletariado (1966-1976) a ideoloxía estaba omnipresente na vida dos chineses e a economía ocupaba un lugar secundario. O esquerdismo elixiu un lugar, o campo, para a reeducación revolucionaria. Numerosos intelectuais foron enviados ás escolas do "Sete de Maio" para aprenderen dos campesiños, preferiblemente dos analfabetos. As universidades practicamente suspenderon as súas actividades. Os obreiros pasaban gran parte do seu tempo participando en manifestacións e actos públicos destinados a glorificar a Mao e a Revolución, cando non nas infaustas colas. Hoxe moitas víctimas daquel disparate rinse sarcasticamente dese período e reflexionan sobre a enorme capacidade da intelixencia humana para

2. Quian Dadong. "China demostrará que o socialismo é superior". Entrevista do autor en *A Nosa Terra*, nº 533, 30-07-1992.

3. Deng Xiaoping. *Problemas fundamentales de la China de hoy*. Edicións en Linguas Estranxeiras. Pequín, p. 36.

4. Xulio Ríos. "China, un experimento de 1.200 millóns de persoas" en *A Nosa Terra*, nº 539. 15-X-92.

realizar as cousas máis absurdas e contrarias ó sentido común. Wang Yuxian, un investigador de Pequín que padeceu os rigores da reeducación pero que paradoxalmente por falar español e xogar ó pimpón puido verse libre dela, contábame que "daquela debiamos crer que era mellor a herba socialista que a comida capitalista. Pero —asegura finalmente— a herba non se come".

Aquel radicalismo esquerdista ocasionou efectos desastrosos na economía e na sociedade chinesa. A morte de Mao (1976) e o progresivo arredamento político da denominada "Banda dos Catro" posibilitaron o novo enfoque para unha hipotética realización do socialismo que, pragmaticamente, arquivaba a loita de clases e urxía a concentración de todas as enerxías na recuperación económica, na mellora do nivel de vida dos cidadáns, convencidos de que só o crecemento lexitimaría e outorgaría credibilidade ó sistema. Deng Xiaoping, o inspirador principal da nova política chinesa, ó mesmo tempo que anuncia a reforma (con vistas a desenvolver plenamente as forzas productivas) e a apertura (para asegurar unha eficaz cooperación técnica e económica con outros países) enfatiza a orientación final de todo o proceso: o autoperfeccionamento do sistema socialista. Seis anos despois principiaría en Moscova a *perestroika* de Mijail Gorbachov.

Deng, tantas veces caído en desgracia como rehabilitado, reitera que non se trata de camiñar cara ó capitalismo senón de construír un socialismo con características propias que respondan ás particularidades de China, un país en vías de desenvolvemento e superpoboado. Precisamente para evitar unha evolución incontrolada ou diferente á desexada enunciou catro principios irrenunciables: perseverancia na posición socialista, exercicio do poder por parte do Partido Comunista; vixencia do marxismo-leninismo e do pensamento de Mao Zedong, e democracia popular.

¿Ata que punto isto é posible? ¿Representan eses catro postulados a esencia última do socialismo? ¿Non conducirá á utilización do mercado e demais instrumentos propios da economía capitalista ó baleiramento de facto do carácter socialista da sociedade? Segundo as autoridades chinesas, socialismo e mercado non son antagónicos: tanto a economía planificada coma o mercado non son os elementos que distinguen a un sistema como socialista ou capitalista; son tan só instrumentos de reaxuste da economía, útiles para favorecer o desenvolvemento económico. Unha sociedade socialista, afirman, pode utilizar o mercado coma o capitalismo utiliza a planificación. Ningún dos dous deben absolutizarse.

Pero ¿onde estaría pois a diferencia? En principio na subsistencia dun sector de economía pública (estatal e colectiva) maioritaria e no mantemento dunha política de marcado contido social —¿un capitalismo con forte intervención estatal?—. A medio prazo, en coherencia co

proceso en curso, esa posición predominante do sector público soamente podería consolidarse asegurando unha competitividade normal cos restantes sectores da economía chinesa. Polo que atinxe á planificación, outro dos instrumentos que sempre simbolizaron unha economía de corte socialista, na actualidade xa se establecen dous tipos de plan: un obrigatorio, a seguir polas empresas estratéxicas, e outro orientativo. A tendencia apunta a unha reducción da importancia do primeiro: no valor industrial de 1990 distribuíanse do seguinte xeito: 17% obrigatorio; 40% orientativo; 43% mercado. Outro tanto acontece cos precios: 29,7%, 17,2% e 53%, respectivamente para o mesmo exercicio. Mais alá do aspecto meramente formal e institucional, ¿en que medida os factores reseñados non erosionan a identidade socialista do sistema político chinés?, ¿ou simplemente representan a inconfesable opción dun tránsito pacífico e autoritario cara ó capitalismo?

A compatibilidade estable destes mecanismos e a súa coexistencia nun marco político e constitucional socialista por definición constitúen as grandes interrogantes do proceso. A resposta é aínda unha incógnita que á luz da combinación da actual conxuntura internacional con determinados factores internos, políticos (sucesión de Deng, resultados do XIV Congreso do PCCh) e económicos (intensificación do proceso de reforma que se estende este ano ó sector público da economía) debería despexarse no esencial no transcurso dos anos finais deste milenio. A tendencia semella clara: segundo datos gubernamentais, en 1980 as empresas estatais xeraban o 76% do producto industrial contra o 54,5% en 1990.

OS PASOS DA REFORMA

Necesariamente a reforma había comezar no campo pois nel vive nada menos que o 80% da poboación. A sanción partidaria do fracaso do sistema das comunas e de administración colectiva así como a progresiva introducción dos mecanismos de responsabilidade por contrato baseado na familia non foi traumática senón todo o contrario. Axiña asimilado polos campesiños, un novo vocabulario irrumpiu no agro: arrendamento, convenio, cuota familiar, cuota estatal, venda directa, etc. A propiedade da terra e dos principais medios de producción continúan sendo estatais (salvedade importante en relación ós procesos privatizadores das agriculturas dalgúns países ex-socialistas de Europa oriental), pero o campesiño dispón de amplas posibilidades de decisión sobre os seus cultivos tanto no que atinxe á producción como á comercialización. Recompensando a iniciativa, as consecuencias foron inmediatas: no período 1979-1984 a producción de cereais incrementou nun 33%. Hoxe os mercados están abastecidos, os agricultores venden directamente os seus productos e o problema da ali-

mentación de tan elevadísima poboación pode darse por basicamente resolto.

A mellora experimentada no agro presenta aínda carencias importantes, especialmente nas zonas máis arredadas. A pobreza constitúe unha lacra que se evoca abertamente na China actual[5]. A estes efectos adoitase dividir o país en tres partes ben diferenciadas. As once provincias do Oeste abarcan o 70% do territorio e un 28,6% da poboación que participan a penas nun 17,2% da renda nacional. As rexións costeiras, once provincias, donde reside un 34% da poboación reúnen o 53% da renda nacional. E nun nivel medio sitúanse outras oito provincias e a rexión autónoma de Mongolia interior. O desenvolvemento dos últimos anos incrementou as diferencias pero reduciu sensiblemente o número de persoas que viven por debaixo do mínimo de subsistencia: entre 1985 e 1989 pasou de 110 a 38,5 millóns.

Esa situación de pobreza e atraso, e a eliminación das restricciónns á mobilidade laboral estimularon as correntes de emigración interna cara ó leste procurando fuxir dunha vida dura e sen as perspectivas que as reformas dos últimos anos abriron nunhas zonas costeiras ben abastecidas e nas que é posible acceder a un maior nivel de benestar. Estimacións oficiais sinalan que entre 1985 e 1990 emigraron do campo preto de 34 millóns de persoas. Inevitablemente o éxodo rural constitúe unha das preocupacións fundamentais do goberno chinés pois orixina graves problemas tanto nos lugares de partida como nos de destino[6].

O único xeito eficaz de afrontar esta dificultade consiste na creación no agro de condicións que posibiliten un desenvolvemento-enrique-cemento satisfactorio que sexa quen de competir coa cidade en termos absolutos e relativos. A política gubernamental concentrouse na promoción das denominadas empresas de cantóns e aldeas.

Instaladas en zonas rurais, pretenden ser os dinamizadores dunha nova vida no campo. Tiven a oportunidade de visitar o lugar de Han Min, nas proximidades de Hangzhou. Nel vivían 321 familias ocupadas en actividades económicas diversas que oscilaban entre a agricultura, a industria e o comercio. En total había 11 fábricas (de téxtil, de estampado, de materiais de construcción e química), 2 tendas e 3 granxas. O cultivo da terra realizábase de xeito colectivo nunha superficie de 800 mu (unidade establecida sobre a base da equivalencia de 15 mu-1 hectárea).

5. Roland Lew. "La pauvreté en Chine" en *Le courrier des pays de l'Est*, nº 371. 07-08-92.

6. Jean-Louis Rocca. "À Pékin, ruraux et citadins en quête d'enrichissement" en *Le Monde Diplomatique*, nº 450. IX-91.

O desenvolvemento experimentado por esta localidade traducíase nunha singular elevación do nivel de ingresos dos seus habitantes, no volume de emprego xerado, e na constatable mellora das condicións de vida, especialmente en aspectos tan problemáticos e deficitarios no ámbito urbano como a vivenda. O de Han Min non é un caso illado. O sector da empresa rural presenta un dos crecementos máis espectaculares da industria chinesa. Na actualidade ocupa a uns 90 millóns de persoas desempeñando un importantísimo papel na absorción da man de obra excedente e na moderación das correntes migratorias.

Ata 1984 a reforma non chegou ó ámbito industrial. Comezouse por favorecer unha política de descentralización, outorgando maior autonomía ás empresas e, sobre todo, admitindo outras formas de propiedade distintas da pública (sexa estatal ou colectiva) que sen prexuízo da súa predominancia global a complementasen positivamente. A economía privada desenvolveuse moi rapidamente: inexistente en 1978, pasou a representar un 5% da capacidade industrial en 1985 e un 38% en 1990.

Nas empresas públicas seguiuse un esquema similar ó utilizado no agro: separouse a propiedade da administración e da xestión e introduciuse a figura do contrato que é moi semellante á do convenio utilizado no campo. A duración do convenio e a contía da porcentaxe dos beneficios que deberán reverter nas arcas estatais determínase de común acordo. As empresas escollen os seus traballadores, establecen sistemás de promoción interna (co cal, en teoría, se desterra progresivamente a tradicional política de reserva dos principais e mellores postos ás xentes do Partido), os salarios son retribuídos en función da calidade e cantidade da producción e do posto de traballo desempeñado (abandono paulatino do igualitarismo). E, pouco a pouco, déixase nas mans das empresas maior capacidade de decisión en detrimento do intervencionismo estatal. Agora mesmo están en discusión os sistemas de contratación, de mobilidade vertical e o sistema salarial. En todos os supostos e seguindo os pasos das anteriores reformas, experiméntase primeiro en zonas limitadas para analizar os seus efectos e introducir as correccións oportunas denantes da súa xeneralización.

Pódese dicir que este é o momento máis decisivo para a reforma da empresa estatal pois o goberno pretende dotala da autonomía suficiente para que se responsabilice plenamente da súa xestión. En xullo último o Consello de Estado aprobou varios regulamentos para alterar os mecanismos de funcionamento das empresas industriais de propiedade estatal. Máis dun tercio acumulan déficit. Unhas láianse da existencia de numerosas rémoras intervencionistas que limitan as súas posibilidades de expansión; outras xustifican os resultados negativos pola mesma razón. Hai que ter en conta que na actualidade as empresas industriais grandes e medianas de propiedade estatal que dispoñen de

autonomía suman tan só unhas 11.000, o que representa menos do 3% do total[7].

Por iso as autoridades chinesas propoñen importantes liberalizacións en materia de contratación, de exportación e comercialización en xeral, de distribución de incentivos, de investimentos, que incorporen este sector ás condicións do mercado, quen decidirá, en derradeira instancia, sobre a súa viabilidade. O goberno chinés pretende reducir e reorientar así gran parte do gasto público, pero os ambiciosos programas iniciais deberán ser inevitablemente moderados debido ás graves consecuencias sociais que a súa coherente aplicación provocaría nunha comunidade carente aínda dos máis elementais servicios en materia de emprego, asistencia social ou formación profesional.

En fase de experimentación atópase tamén o mercado de valores. O sistema de cotización en bolsa ensáiase en Shanghai (que pretende converterse no centro económico e financeiro de Oriente) e Shenzhén. Foi precisamente nesta última (unha zona económica especial que en pouco tempo pasou de 20.000 a un millón de habitantes cando se contaba chegar ós 800.000 no ano 2000) onde se produciron a mediados de agosto os primeiros e máis graves incidentes vencellados á súa posta en funcionamento. Centos de milleiros de cidadáns acudiron a Shenzhén para mercar boletos de participación nunha lotería real que tiña por premio un singular obxecto: cincocentas mil accións pertencentes a 14 compañías chinesas que se privatizarían antes de rematar o ano.

As autoridades endexamais contaron con tal exceso de demanda. Colocáranse á venda cinco millóns de boletos a un precio de 1.000 yuan por unidade (unhas 18.000 pesetas que representan aproximadamente o salario de catro meses), pero esgotáronse nun día. Os incidentes xurdiron cando algunhas fontes denunciaron a existencia de corrupción mediante a previa reserva de importantes cupos de boletos para persoas descoñecidas. Esta circunstancia e a xeralización da reventa a un precio cinco veces superior ó de adquisición inicial exasperaron os ánimos.

Momentaneamente o problema resolveuse mediante a impresión de máis boletos de participación. Pero o conflicto puxo de manifesto a existencia xa dun sector significativo da poboación (¿clase media?) que dispón dunha capacidade de aforro notable e que está disposto a esixir unha cota de participación nese incipiente aínda mercado de capitais. Polo de agora soamente niso.

7. Wu Naitao. "Empresas estatales dejan de ser administradas por el Estado" en *Beijing Informa*, n.° 46. 17-11-92.

A APERTURA Ó EXTERIOR: O CASO DE XIAMÉN

A reforma do sistema económico é inseparable da apertura ó exterior. China está enclavada nunha zona de Asia que nos últimos anos experimenta un nivel de desenvolvemento particularmente acusado. Corea do Sur, Hong Kong, Singapur e Taiwán, os "catro dragóns", son os seus veciños. Nesa oficial e singular táctica de servirse do capitalismo para modernizar o país, as autoridades chinesas dimensionaron unha estratexia especialmente liberal para favoreceren os investimentos estranxeiros e da man deles optimizar cooperación técnica, innovación tecnolóxica ou aprendizaxe das avanzadas experiencias de administración e xestión que se practican noutros países.

Moi pouco se deixa á improvisación. As empresas mixtas e de capital totalmente estranxeiro aséntanse preferentemente nas denominadas "zonas económicas especiais" que actúan como pulmóns do desenvolvemento da nova China. Son os "oasis capitalistas". Visitei un deles: Xiamén.

Antes de 1981 Xiamén era coñecida como unha illa escasamente desenvolvida, comunicada con terra firme por dous diques construídos pouco despois da Revolución. Contan que antigamente habitaban nela as garzas e a súa paisaxe, abondosa en plantas e flores, valéralle a meritoria calificación de cidade-xardín. Sen embargo, desde comezos da pasada década Xiamén, situada en fronte de Taiwán, converteuse xunto con Shenzhén, Zhuhai, Shantao e a illa de Hainán, nunha das cinco primeiras zonas económicas especiais nas que o goberno chinés decidiu concentrar a maior parte do investimento exterior.

Ata 1983 tan só abarcaba unha superficie de 2,5 quilómetros. Unha fábrica de baldosas foi a primeira en instalarse na área industrial de Huli. Daquela, un singapureño de orixe chinesa, Chen Yingdeng, comprobou in situ coma os equipos e as máquinas necesarios para construír a fábrica eran trasladadas a varios quilómetros de distancia escorregando sobre rodetes de madeira co esforzado concurso de centos de traballadores. Escenas que evocaban un pasado milenario e daban conta da inexistencia das máis elementais infraestructuras.

Hoxe, sen embargo, a realidade mudou substancialmente e a pesar de que aínda subsisten problemas, as dotacións básicas e esenciais están aseguradas. Ata finais de maio de 1992 xa decidiran instalarse 1.285 empresas estranxeiras de numerosas ramas industriais: electrónica, téxtil, maquinaria lixeira, alimentación, química, materiais de construcción, etc. O valor da producción destas empresas representa na zona o 54,3% do valor total. Na súa maior parte os bens producidos oriéntanse á exportación.

O boom económico conleva tamén novos problemas. A emigración interior provoca conflictos sociais que con anterioridade tiñan escaso rango (delincuencia) ou simplemente non existían (desarraigamento).

A escasez de vivendas deteriora enormemente as condicións de vida. Moitas empresas instalan dormitorios e comedores para faceren fronte a esas carencias pero aproximando a actividade laboral a un chocante marco case cuarteleiro. As variacións nos prezos e as avultadas diferencias salariais provocan tamén conflictos. Pero as protestas máis relevantes, incluso con folgas, producíronse contra o trato dispensado por algúns empresarios estranxeiros ós seus traballadores. Mesmo chegaban a castigalos fisicamente. A intensificación da disciplina laboral non resultaba menos molesta que a aceptación das ordes dun estranxeiro[8].

Nun contexto máis global, o acelerado desenvolvemento destas zonas e das súas proximidades agudizaron os desequilibrios territoriais. Na parte máis desenvolvida, o litoral chinés (11% do territorio) concéntrase o 37% da poboación. Nel están situadas as grandes zonas e instalacions portuarias de Tianjín, Quingdao, Shanghai, Xiamén, etc.; os centros industriais e culturais máis importantes de China como Pequín, Guangzhou (Cantón), Shenyang, Tianjín ou Shanghai. Estas dúas últimas cidades e Pequín están subordinadas ó goberno central que destina anualmente cuantiosos recursos para a súa mellora. Mentres, segundo fontes oficiais, nas rexións norte e centro de China, polo menos 80 millóns de persoas deben aínda camiñar máis dun quilómetro para conseguir auga. Cooperación técnica, vencellos bilaterais e intercambio de dirixentes son os principais métodos impulsados polo goberno para paliar os desequilibrios rexionais pero resultan manifestamente insuficientes. A simbiose do atraso cunha poboación que incorpora maioritariamente porcentaxes importantes de minorias nacionais (Tibet, Yunnán, Gansu ou Quinghai) pode deparar serias tensións.

De Taiwán, separada de Xiamén por unha reducida porción de auga, son orixinarios máis do cincuenta por cento do total dos investimentos efectuados nesta zona económica especial. Xapón, Dinamarca, Corea do Sur e Estados Unidos completan a considerable distancia unha longa ringleira. No conxunto do país, Hong Kong e Macao son os principais investidores. Ambos os dous enclaves reincorporaranse a China en 1997. Só a confianza que inspira a actual política pode explicar que non se dean alarmantes fuxidas de capital dos temerosos das consecuencias derivadas do advenimento desa data e que polo contrario moitas empresas de Hong Kong opten por se trasladar a territorio chinés ou sospeiten das tardías e interesadas propostas democratizadoras do gobernador británico, Cristopher Patten.

8. Shen Xiaofang. "Un decenio de inversión extranjera directa" en *Problemas internacionales*. Marzo-abril de 1990.

Hong Kong e Macao conservarán o seu sistema económico pero a administración política, institucional, diplomática e militar será exercidas por Pequín. É o que Deng Xiaoping bautizou baixo a fórmula de "un país, dous sistemas". Taiwán, onde se refuxiara Chiang Kai-shek, líder do derrotado Kuomintang, ó perder a guerra civil, aínda é polo de agora unha cuestión a negociar. Pero o seu futuro semella cada vez máis sentenciado.

LINDEIROS E PROBLEMAS DA REFORMA POLÍTICA

Desde o PCCh e o goberno négase que as actuais reformas discorran no ámbito exclusivamente económico. Teñen inevitablemente repercusións na esfera política aínda que nesta poden xurdir desavenencias respecto da súa orientación e intensidade. Ó igual que no aspecto económico, rexéitase unha traslación automática de experiencias alleas (modelo occidental) insistindo na conformación de vieiros propios que partan da realidade chinesa.

A reforma do sistema político presenta oficialmente tres niveis diferenciados. En primeiro lugar, a adopción de medidas orientadas a mellorar o funcionamento da Asemblea Popular Nacional (APN) reforzando as súas capacidades e modificando o réxime electoral que incide na súa configuración final: elección directa dos deputados distritais (a nivel nacional continúa sendo indirecta) e admisión da posibilidade de presentación de máis candidatos que postos a cubrir.

En segundo lugar, pretende incentivarse a cooperación do PCCh cos demais partidos. Son oito en total e todos aceptan a dirección do PCCh (fórmula semellante á existente nalgúns países da Europa Oriental antes de 1989). A súa actividade política concrétase na participación en certas instancias do poder e na habitual dinámica de contactos a través da denominada Conferencia Política Consultiva na que participan todas as organizacións populares ademais dos partidos políticos. A potenciación do protagonismo doutros partidos distintos ó PCCh forma parte da resposta á esixencia de multipartidismo que noutras coordenadas é inevitable consecuencia do recoñecemento das diversas formas de propiedade. Os partidos máis importantes son o Comité Revolucionario do Kuomintang, a Liga Democrática, a Asociación para a Construcción Nacional Democrática, a Asociación para a Promoción da Democracia, e o Partido Democrático dos Obreiros e Campesiños. En xeral, trátase de partidos tradicionais fundados antes da formación da China Popular. A súa militancia nútrese fundamentalmente de intelectuais e profesionais liberais.

Por último, a reforma política completaríase atendendo ó potenciamento da democracia de base mediante a creación de múltiples organismos autónomos (comités de veciños, de aldeáns, etc.) de elección

directa. Nas empresas creáronse uns Congresos de Traballadores dotados de atribucións que transcenden os aspectos meramente formais (exame da actividade) para incidir en asuntos de maior entidade e transcendencia: disciplina laboral, xestión do fondo de benestar colectivo, suspensión do director ou do xerente, e incluso (experimentándose na actualidade) a elección do director da empresa.

Se no aspecto económico o atrevemento das autoridades chinesas adquire caracteres mesmo sorprendentes, no político a rixidez en termos de innovación semella constituír a tónica dominante. Deng Xiaoping tense referido en numerosos discursos ó "combate contra a liberalización burguesa" e defendido con empeño as virtudes do sistema político chinés. Os seus defectos han ser corrixidos nesa perspectiva do automelloramento pero descartando toda posibilidade de destrucción das súas características esenciais.

Sen embargo, as constantes innovacións económicas provocan alteracións significativas da estructura social e un intenso debate na sociedade, nos sectores intelectuais e máis formados. A medida que se amplía a reforma, o pluralismo de ideas dentro desa orde vólvese máis apaixonado e repercute tamén na actividade política alterando o seu funcionamento habitual.

Unha ilustración interesante e representativa desta evolución atópase nos debates que realiza o foro diríase que máis oficial de todos, a Asemblea Popular Nacional. No debate sobre a polémica presa das Tres Gorxas no río Yangtze o Parlamento quedou dividido: 1.767 deputados votaron a favor, 177 en contra, 644 abstivéronse e 25 non votaron. Outro dato, menor pero igualmente representativo, son as 150 enmendas introducidas ó informe presentado polo primeiro ministro Li Peng, diante dos congresistas que seguían as sesións que a APN celebrou a comezos do pasado ano. A unanimidade deixa paso a unha tímida configuración da discrepancia en condicións de determinar marcos propios de disensión a curto prazo, aínda que lonxe dun pluripartidismo serio que contemple a posibilidade da alternancia no poder.

Por outra banda, a evolución no seo do Partido Comunista Chinés presenta grandes incógnitas de futuro, temporalmente aprazadas polos sucesos de Tiananmén (maio-xuño de 1989) e en espera do advenimento da etapa post-Deng Xiaoping (88 anos). Sábese da existencia de dúas liñas claramente definidas: unha maioritaria e partidaria do reformismo moderado (Li Peng); e outra minoritaria que avoga por un reformismo radical (despois da destitución de Zhao Ziyang sen un liderazgo definido). Ningunha delas afirma pretender o abandono do socialismo. As diferencias establécense en relación á velocidade e intensidade do proceso de reforma. Pero delas derívanse importantes consecuencias no terreo político.

Cando os estudiantes se concentraron en Tiananmén, Zhao, entón secretario xeral do PCCh, amosouse partidario dunha liña de diálogo

por considerar que as peticións dos estudiantes non se opuñan ó sistema senón que pretendían enmendar algunhas deficiencias. Os estudiantes cantaban a Internacional e daban vivas ó Partido Comunista. Zhao propuso a creación dunha organización para investigar a corrupción dos altos funcionarios e os seus familiares; a publicación de informes detallados sobre as finanzas dos dirixentes de alto nivel e a supresión dos privilexios especiais. As propostas de Zhao Ziyang foron desestimadas (4 a 1), e el sometido a arresto domiciliario e substituído no cargo por Jiang Zemín.

No XIV Congreso confirmouse plenamente a validez daquela decisión optándose polo reforzamento de bloque reformista maioritario e a reducción significativa das posicións minoritarias, especialmente as conservadoras (substitución de Yao Yilín e Song Ping no Comité Permanente do Buró Político, disolución da Comisión Central de Asesoramento) renovando case a metade dos membros do Comité Central.

A obsesión fundamental compartida por todos os dirixentes do Partido e do Estado é o mantemento da estabilidade que asegure a aplicación normal do proceso de reforma. En Tiananmén houbo medo a perder o control da situación. Ninguén podía negar a corrección das reivindicacións estudiantís pero o temor a desatar unha onda de inestabilidade actuou como un revulsivo en certos sectores do Partido que, finalmente optaron pola represión daquel movemento. Ademais, tal como ten sinalado Alfonso García de Paadín y Ahumada, coronel de Estado Maior e primeiro agregado español de Defensa en China, testemuña daqueles sucesos, a protesta estudiantil enturbiouse con feitos desagradables (aparición na praza de maletas cheas de diñeiro; actitude de Wuer Kaixi, lider estudiantil que conminaba ós seus compañeiros a seguir unha folga de fame mentres el era sorprendido xantando nun restaurante capitalino, etc.) que lexitimaron facilmente a desautorización oficial daquelas mobilizacións[9].

Pero os problemas (o nepotismo, a delincuencia, etc.) sobrevivirón a Tiananmén [10]. Tal como se evidenciou en Shenzhén, a corrupción constitúe un dos problemas decisivos da sociedade chinesa. Isto, a pesar de que numerosas persoas son condenadas por este motivo a longas penas de prisión e incluso executadas pola comisión de delitos desta natureza. Segundo a revista *Zhengming* de Hong Kong (febreiro de 1992) máis de 3.700 delincuentes foron condenados a morte en China entre o 1 e o 15 de xaneiro de 1992. Para Jean-Louis Rocca o considerable incremento da criminalidade no último decenio é o resultado da

9. *El País*. 02-06-90.

10. Guilhem Fabré. "La Chine grangrenée par le mercantilisme du pouvoir" en *Le Monde Diplomatique*, nº 441. XII-1990.

crise que vive o país, fundamentada nos seguintes elementos: crecemento das disparidades espaciais e sociais, a urbanización, novos valores de enriquecemento, minusvaloración da educación primaria e secundaria en beneficio das actividades lucrativas ou do traballo dos cativos, e en definitiva, as consecuencias ideolóxicas da política de apertura sobre a orde moral anterior[11].

Un último factor político a ter en conta son as tensións nacionalistas que poden representar un serio problema nun futuro non moi lonxano. Ata o de agora os conflictos nacionais vencelláronse case con exclusividade ó Tibet. Pero outras provincias (en concreto Xinjiang —mulsulmáns na súa maioría de etnia kirguiza—, unha zona moi atrasada que ocupa a sexta parte do territorio chinés) poden incorporar serios factores desestabilizadores na evolución política chinesa debido á influencia dos procesos que actualmente se viven nos novos estados asiáticos da ex-URSS (reforzada pola intensificación dos intercambios económicos), o rexurdimento dos movementos islámicos, e a esixencia cada vez máis acusada dun maior respecto á súa identidade cultural e nacional. En Xinjiang xa se produciron dous movementos sociais significativos contra os poderes centrais (en maio de 1989 e abril de 1990) con base en motivacións nacionalistas e relixiosas[12].

Tradicionalmente, desde tempos milenarios, existe en China unha automática equiparación de unidade e centralismo. As nacionalidades son aplastantes minorías que dispoñen no mellor dos casos dunha autonomía rexional orientada especificamente ós dominios do ensino e a cultura. A súa situación de atraso, maior canto máis se desenvolve a economía chinesa, pode derivar en protestas sociais en calquera momento se non son corrixidos os desequilibrios. Provincias pobres como Quinhai, Ningxia ou Mongolia interior, que representan o 60% do territorio chinés están significativamente habitadas por nacionalidades distintas (existen un total de 56) á maioritaria Han que representa o 93% da poboación total.

Nos últimos tempos apréciase respecto ó Tibet unha política de apertura e de maior tolerancia, intensificando os investimentos na confianza de que a economía poida resolver todo o demais.

En definitiva, os vieiros da reforma política chinesa mantéñense basicamente inalterables. A obsesión pola estabilidade descarta a priori calquera cambio transcendental. Aínda así, os novos problemas sociais

11. Jean-Louis Rocca. *L'empire et son milieu: la criminalité en Chine populaire.* Ed. Plon. París, 1991.

12. Valérie Niquet. "Le Xinjiang et les Republiques soviétiques d'Asie Centrale" en *Le Courrier des pays de l'Est,* n° 355. (12-90).

suscitados polas reformas e a previsible desaparición da figura de Deng Xiaoping, moderadora por excelencia e cunha visión perfectamente nidia do que non desexa para o seu país, son factores que dificilmente non repercutirán na introducción de cambios significativos. Pero non será de inmediato. Os resultados do XIV Congreso do PCCh indican que prevalecerá a política actual.

AVANCES NA POLÍTICA EXTERIOR

Os sucesos de Tiananmén repercutiron moi escasamente na estabilidade do proceso chinés. No exterior temíase por un repregue táctico que nunca chegou a confirmarse. Mencionouse incluso a supresión das zonas económicas especiais. Pero a reforma intensificouse: dous anos despois daqueles sucesos creábase unha nova zona económica especial, a de Pudong, en Shanghai, sobre o delta do río Huangpude, un arrabal de 365 km² onde se sitúan grandes industrias siderometalúrxicas e petroquímicas.

Por outra banda, e pretendidamente como resposta ó sucedido en Tiananmén, concebiuse desde o exterior unha política de sancións e de illamento máis moral que efectivo. Se en outubro de 1990 a Comunidade Europea levantaba as sancións, uns meses antes, Qian Quichén, ministro de asuntos exteriores chinés, era recibido polo mismísimo presidente norteamericano. Ás poucas semanas de producirse os sucesos de Tiananmén, George Bush, quen fora embaixador en China, enviou secretamente a Pequín a Bent Scowcroft, un home da súa plena confianza, para avaliar axeitadamente as consecuencias daqueles feitos. A posición de China diante do conflicto do Golfo Pérsico facilitou a suavización do illamento e a continuación da ofensiva diplomática que viña propiciando desde anos atrás.

Os feitos máis notables desa ofensiva son os seguintes:

a) Normalización das súas relacións coa antiga URSS. A visita de Gorbachov en maio de 1989 foi cumprimentada por Li Peng en abril de 1990. Un ano despois o entón ministro de Asuntos Exteriores soviético A. Besmertnij visitaba Pequín para concretar co seu homólogo Quian Quichén todo un conxunto de medidas destinadas a alixeirar as tensións fronteirizas (son 7.000 quilómetros de raia común). Nesas zonas de fronteira onde antes eran habituais as escaramuzas desenvólvese agora un activo intercambio comercial e económico que se estende tamén a Vietnam e Laos. Desmembrada a URSS, Rusia herdou plenamente o capital normalizador tal como se evidenciou na apresurada visita de Boris Ieltsin a Pequín en decembro último.

b) Intensificación das relacións con Europa. O primeiro ministro de Exteriores occidental que visitou Pequín foi o finado Fernández Ordóñez. En xaneiro de 1992 o primeiro ministro Li Peng visitou va-

rios países europeos (Portugal, Italia, Suíza e España) que foi seguida por outras de altos funcionarios co obxecto de concretar programas de cooperación e investimentos.

c) Plena inserción no contexto asiático. Neste senso destacan dous datos importantes. En primeiro lugar, a normalización das relacións con Xapón pese á subsistencia de problemas importantes (oposición chinesa ó desprazamento de soldados xaponeses ó exterior ou o contencioso sobre a propiedade de varias illas no mar de China). En abril de 1992 Jiang Zemín, secretario xeral do PCCh, visitou Toquio conquerindo o compromiso do presidente nipón Kiichi Miyazawa para incentivar o fluxo de investimentos en China[13]. No último ano incrementáronse nada menos que nun 66% e os investidores xaponeses dispoñen xa dunha infraestructura importante na cidade nororiental de Dalián, no que fora o Estado de Manchukuo, títere de Toquio. En outubro último o emperador Akihito visitou China.

En segundo lugar a normalización das relacións con Corea do Sur que equivale na práctica á superación da guerra fría no continente asiático, salvando o derradeiro gran escollo pendente da diplomacia chinesa que se reserva un destacado papel no proceso de reunificación da península.

En novembro de 1991 fora o turno de Vietnam que, abandonado pola ex-URSS, ábrelle a China as portas do sueste asiático (Birmania, Laos, Camboia e Thailandia) para as súas exportacións.

A intensa actividade diplomática despregada nestes anos é inseparable do cerco a Taiwán. O establecemento de relacións oficiais con Seul foi acompañada da perda do recoñecemento estatal que ata entón lle dispensaban á illa. Corea do Sur era o derradeiro país asiático que aínda mantiña relacións con Taipei. Igual sentido tiveron as presións sobre Alemaña e Holanda, que pretendían venderlle submarinos e outro material militar, e sobre Francia por unha operación de venda de avións de combate Mirage 2000. No acordo polo que Pequín e Tel Aviv establecen relacións diplomáticas, Israel recoñece que o goberno de Li Peng representa legal e internacionalmente o conxunto do territorio chinés, Taiwán incluído.

d) Unha maior integración nos foros e na legalidade internacional. Por primeira vez, en 1992, China asistiu a unha reunión da OPEP e reiterou o seu desexo de incorporarse ó GATT (Acordo xeral de aranceis e comercio). Por outra banda, unha vez que Francia asinou en xu-

13. Claude Leblanc. "Pékin et Tokyo, alliés ou concurrents?" en *Le Monde Diplomatique*, nº 463, X-92. Interesante tamén no mesmo número a colaboración de Philippe Le Corre, "L'option chinoise des firmes sud-coréennes".

ño de 1991 o Tratado de non proliferación de armas nucleares tamén se decidiu pola sinatura. Pola contra, ó igual que Estados Unidos e Gran Bretaña, continúa a realizar probas nucleares subterráneas (Francia e Rusia suspendéronas).

¿Pode China substituír á URSS na consideración de superpotencia e na función que aquela desempeñaba na anterior orde internacional? A énfase posta na atención ós procesos internos indica máis ben que no ámbito das relacións internacionais desempeñará nos vindeiros anos un papel moderado, evitando enfrontarse con Estados Unidos ou co mundo occidental. As posicións adoptadas a respecto de temas candentes como a súa negativa a apoiar a aplicación de medidas de forza contra Libia ou a petición de erguer o bloqueo que impide a Iraq adquirir alimentos ou artículos de primeira necesidade, seguindo a distancia pero sen cuestionar a esencia dunha conducta internacional subordinada ás pretensións da Administración norteamericana, semellan confirmar esta aseveración.

O seu poderío militar é aínda reducido[14]. Segundo aseguraba Yang Baibing, secretario xeral da Comisión Militar Central, o Exército Popular de Liberación (EPL) conta cun presuposto modesto e tecnoloxicamente está infradotado. A modernización do armamento, a profesionalización e a reducción dos seus efectivos (uns 3,2 millóns) constitúen as súas principais preocupacións. Para afrontar esta situación os participantes no XIV Congreso do PCCh decidiron a realización de importantes investimentos que reforzarán o seu poderío con vistas a exercer unha maior influencia militar na zona. O xeneral Liu Huaquing, vicepresidente da Comisión Militar Central, pasou a formar parte do Comité Permanente do Buró Político[15].

Qian Quichén, o ministro de exteriores chinés, declaraba en marzo do pasado ano diante da APN que o seu país non aspiraba a erixirse no xendarme de Asia nin a ocupar o lugar deixado pola URSS na escena internacional. Quian Quichén considera que a actual correlación de forzas políticas e económicas no mundo impide a hexemonía dunha soa nación e por iso se amosaba contrario á formación de bloques reivindicando un novo modelo de relacións internacionais baseado na igualdade dos Estados, na soberanía, a inadmisibilidade do hexemonismo e a non inxerencia nos asuntos internos doutros países con vistas a impoñer escalas de valores ou modelos de desenvolvemento alleos. Pero, sen dúbida, non impedirá a adicación de considerables esforzos para conquerir a súa hexemonía na zona do Pacífico.

14. *El País*. 05-IV-91.
15. *El País*. 17-X-92.

CONCLUSIÓNS

Con esta política de reformas, escalonadamente, en tres etapas estratéxicas, as autoridades chinesas pretenden que na metade do século XXI China acade o nivel dos países máis desenvolvidos de Occidente. Ata o de agora os planse vanse cumprindo. A unha media do 9% anual, en 1990 o volume da producción dobrouse (2,3) con respecto a 1980; os ingresos tamén aumentaron un 80% a un promedio do 5,6% anual. Polo que atinxe á satisfacción das consideradas como necesidades elementais (alimentación, vestido e vivenda) solventáronse os dous primeiros e os esforzos concéntranse agora na vivenda co obxectivo de conquerir no ano 2000 un nivel de vida "acomodado". O risco de inflación (en 1988-89 acadou un 19%) controlouse en 1991 (2,9%). China pode converterse, nunhas décadas, nunha gran potencia económica.

Sen dúbida, os logros conseguidos son merecedores de respecto e a orixinalidade da experiencia ben vale un seguémento exhaustivo. Nun mundo caracterizado polo abismal incremento das diferencias e a miseria, a audacia demostrada por Pequín durante todos estes anos e esa especie de pragmatismo benefactor capaz de mudar as deficientes condicións de vida de tantos chineses determinan un progresismo real que probablemente non impedirá o afloramento de contradiccións cada vez máis serias e profundas a medida que aquelas necesidades elementais se satisfagan. Esa crencia no respaldo social e na lexitimidade do Partido, sempre e cando sexa quen de mellorar a situación material dos cidadáns, pode ser válida ata que o Partido se convirta nun obstáculo para sectores sociais cada vez máis numerosos e influíntes, medrados ó amparo das reformas pero así mesmo limitados por elas.

Pero de non existiren fortes inxerencias alleas (hoxe Occidente está máis interesado na estabilidade que na problematización do proceso de reformas) é previsible que as autoridades chinesas continúen controlando seriamente esta peculiar evolución cara a un socialismo —ou un capitalismo chamado socialismo[16]— tecnocrático ou autoritario non menos singular. Tal como evidenciaron as protestas de Tiananmén de maio-xuño de 1989 a preocupación pola estabilidade é igualmente compartida e privilexiada pola sociedade chinesa, incluso con máis empeño nas zonas onde a intensidade da reforma é maior, outorgando ó éxito económico a condición lexitimadora do sistema político.

X. R.

16. Roland Lew. "Un capitalisme chinois nommé socialisme" en *Le Monde Diplomatique*, nº 460. VII-92.

A Manolo "Crisanto", delegado sindical da C.I.G., concelleiro nacionalista en Sada e digno continuador da saga dos Picallo na fermosa vila mariñán.

A forxa dun rebelde con causa: Ramón Suárez Picallo

Elixio Villaverde García

Ramón Suárez Picallo encarna o paradigma de excepción dun fillo do pobo traballador galego facéndose e superándose a si mesmo no sempre espiñoso camiño da loita pola vida:

> Eu que son fillo dun fogar labrego e mariñeiro teño comido pan de broa, de oito días, enriba da barquiña pescadora.

E da nenez en Veloi-Sada, onde nacera no mes de novembro de 1892, á incerta aventura migratoria americana cando o "rillote", como lle chamará Castelao máis tarde, só contaba dezanove anos, unha idade milleiros de veces repetida nas listas de embarque dos portos da Coruña, Vigo e Vilagarcía-Carril, no éxodo masivo de primeiros de século.

O mozo mariñán percorrerá un camiño inverso ó de boa parte dos líderes étnicos desenvolvendo o seu sentimento de identidade, o seu "eu", lonxe dos úteros saudosos Nai e Terra, superados na acción proxectiva. Tampouco se acochará no "eu somos nós" do clan primitivo trasterrado, da colectividade galega emigrada. Nin se disolverá como un apátrida anónimo, mergullado no novo espacio social porteño.

Sen perda da súa ben enraizada identidade galega, Ramón Suárez Picallo integrouse desde a chegada na sociedade receptora, pola vía da clase social á que tiña conciencia de pertencer e da que formaban parte moitos *gaitas* e *tanos*[1].

1. Denominación coa que se coñece a galegos e italianos na linguaxe popular de Bos Aires .

1. EMIGRACIÓN E LIDERATO NA SOCIEDADE PORTEÑA: 1912-1922.

Despois de traballar nos máis diversos chopes e oficios en Bos Aires fíxose sindicalista e afiliouse ó Partido Socialista daquel país. O 1° de Maio de 1916 o autodidacta Suárez Picallo comeza a afirmar o seu "eu" cunha actividade xornalística que non abandonará xá ó longo do seu periplo vital e que tan ben acaía naquel temperamento inquedo con vocación militante; aquela primeira colaboración nacera cunha folga no sector dos frigoríficos e, desde esa data segue escribindo en xornais obreiros. No 1918 —segundo declarará ó xornal *Lugo* de Bos Aires anos máis tarde—, exerce como secretario dos traballadores do porto, catapulta para a dirección do xornal *Libertad*; e ó tempo que dirixe *Libertad*, publica tamén no periódico *La Argentina*.

A práctica continuada do sindicalismo de clase ten boas raizames na memoria de Picallo. En efecto, na adolescencia e primeira mocidade do sadense proliferaba o mutualismo, no campo e no mar, herdeiro de vellas usanzas e sobre as que vai incidir na primeira década do século o ideario anarquista. As Sociedades de Resistencia de carácter mixto inzan o país, caso de "La Humanidad Libre" —integrada na anarcosindicalista "Federación Local Obrera" fundada na Coruña no 1902— ou a "Unión Marítima" dos mariñeiros asalariados dos bous coruñeses creada catro anos máis tarde[2]. As organizacións de signo anarquista acadan na Coruña e o seu *hinterland* os cinco milleiros de afiliados[3] e a cidade herculina convértese en sede, no 1905, do anarcosinsindicalismo hispano. Unha etapa de tensa conflictividade social marcada pola famosa "folga da fame" de 1906 con atentado e morte do presidente da patronal coruñesa, ou as folgas, manifestacións e bombas de 1908 e 1909 pola represión exercida contra dos dirixentes anarquistas e polo fusilamento do grande pensador e pedagogo Francisco Ferrer i Guadia[4]. Aquel mociño mariñán, fillo dun zoqueiro, o máis vello de oito irmáns [5] contribuía ó sustento familiar con traballos eventuais na cidade herculina e alí coñeceu e vivenciou os feitos que acabamos de relatar.

Esta conciencia de clase e de emigrado forzoso amósase claramente nunha emenda que presenta, sendo xa deputado, na sesión consti-

2. Pereira, Dionisio: "Asociacionismo e conflictividade na Galiza mariñeira (1870-1936)", en *Os Conquistadores Modernos. Movemento Obreiro na Galicia de Anteguerra*. Ed. A Nosa Terra, Vigo, p.161.

3. Tuñón de Lara, Manuel: *El movimiento obrero en la historia de España/2, 1900-1936*, Ed.Taurus-Laia, Madrid-Barcelona, 1977, p. 47.

4. M. F. F. "Anarquismo", en *Gran Enciclopedia Gallega*.

5. García, Serafín: "Lembrando a Terra. O noso Ramón", en *Saudade. Verba Galega nas Américas*. México D. F. n° 5 —extraordinario Dia da Pátria— 1952, páx. 25: comeza coa dedicatoria: "A Ramón Suárez Picallo, o fillo do zoqueiro de Veloi".

tuínte das Cortes republicanas, en setembro de 1931; a emenda ó texto constitucional trata da situación dos españois no estranxeiro onde teñen que nacionalizarse non só para traballar senón tamén para poder actuar en política, como era o seu caso. Picallo pide que os emigrados recuperen automaticamente a nacionalidade perdida cando retornen, asunto de actualidade hoxe en día. Naquela inaugural intervención parlamentaria salientaba o deputado galeguista:

> La mayoría de nuestros emigrantes, y esto nos enorgullece, inmediatamente de llegar allí —á República Arxentina— se enrolan en los organismos sindicales para defender sus intereses de clase e inmediatamente sienten la necesidad de actuar políticamente en las filas del partido socialista —o de otros de aquel país— que exige, para ingresar en él, que los ciudadanos se coloquen en condiciones de emitir su sufragio[6].

Falaba co máis firme dos coñecementos, os que se forxan no crisol da experiencia acumulada na actividade cotiá. Unha actividade operario-xornalística *in crescendo* no contexto da mobilidade social urbana producida polas sucesivas oleadas de inmigrantes procedentes da Europa do sur e pola fonda pegada que veu significar o triunfo da Revolución Bolchevique: en efecto, no ano 1917 Suárez Picallo participa na escisión pro-soviética do Partido Socialista Arxentino, ponla esta, o Partido Socialista Internacional, que inclúe ó galego na candidatura ás eleccións municipais de 1920; nunha carta dirixida a Casares Quiroga en 1933 dá conta destes acontecementos:

> Dividido aquel movimiento (obrero) ante los problemas de la post-guerra, especialmente la revolución rusa y la resurreción de las pequeñas nacionalidades oprimidas o aletargadas, formé parte en las filas comunistas, rama desprendida del viejo tronco socialista, convencido de que terminaba el ciclo histórico del capitalismo y de su representación política, el estado Imperialista[7].

Algún tempo despois prodúcese o desenchouchamento polo comunismo xerárquico e dáse de baixa na afiliación, decisión á que non debeu ser allea a rixidez e dogmatismo dos pro-soviéticos, nas antípodas do espírito ceibe, librepensador e un tanto anarquizante de Picallo.

6. Cores Trasmonte, Baldomero: *Ramón Suárez Picallo. Socialismo, galleguismo y acción de masas en Galicia.* Ed. do Castro, Sada. A Coruña, 1983, pp.190-191.

7. Castro, Xavier: "Suárez Picallo, Ramón", en *Gran Enciclopedia Gallega.*

2. INTEGRACIÓN EN EQUILIBRIO. DA DIRIXENCIA SINDICAL ARXENTINA Á ELITE SOCIOCULTURAL DA COLECTIVIDADE GALEGA INMIGRADA: 1923-1927.

O nacemento da revista *Terra* e da Irmandade Nazonalista Gallega de Bos Aires en 1923 coinciden no tempo coa dictadura do xeneral Primo de Rivera, contra a que reacciona de contado a poderosa Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales e o propio Picallo:

> El primer mitin en lengua castellana dado contra el dictador tuvo lugar en Buenos Aires a fines de 1923, organizado por nosotros, los vascos y los catalanes de izquierdas, que eran los nacionalistas. Desde entonces, hasta la proclamación de la República, subieron de cien los actos públicos realizados allí contra la dictadura y la monarquía. En todos ellos hemos participado con la palabra y con la pluma, pues se daba el caso —halagüeño para nosotros— de que la vanguardia republicana fuésemos los gallegos de la Federación[8].

A fervenza socio-cultural dos primeiros anos vinte, desembocará na reedición de *Céltiga* que devirá a revista máis prestixiosa entre a colectividade galega inmigrada. En *Céltiga*, filonacionalista, Picallo entra en contacto cun equipo de redacción que conxuga calidade editorial e ideario galeguista: un dos membros do grupo é Blanco-Amor, máis novo que o sadense, autodidacta igualmente pero cunha bagaxe e unha sensibilidade ben diferentes. Na interacción Blanco-Amor esquerdízase e o sadense enxerga unha nova endeita que o traerá de volta da súa particular peregrinaxe psico-social á propia comunidade etno-cultural de orixe sen saír do ámbito xeográfico da cidade porteña e sen abdicar dos seus compromisos sindicais. Era o ano 1924.

Malia a que en decembro de 1925 Suárez Picallo e outros "céltigos" entran na directiva da poderosa F.S.G.[9] o sadense segue a manter os seus compromisos como dirixente sindical e vive coxunturalmente esa dobre militancia, a de clase, enchoupada no mundo laboral porteño, e a nacional, referida á súa comunidade inmigrada que progresivamente o vai recoñecendo como líder. ¡Todo un modelo de integración!

En 1926 viaxa a Europa xunto co compañeiro arxentino Alfredo Viola, representando á Federación Obrera Marítima Argentina na Conferencia Internacional del Trabajo que se celebra en Xenebra. De regreso por Galicia entra en contacto con Antón Vilar Ponte, animador das Irmandades da Fala e autor de *Nacionalismo Gallego. Nuestra afirmación regional.* Autodidacta e emigrante coma Picallo, convertérase en guieiro ideolóxico e doutrinal dun nacionalismo pro-partidario que

8. Castro, Xavier: *Op. cit.*

9. Núñez Seixas, Xosé M.: "Eduardo Blanco Amor no nacionalismo galego (1919-1939). Liderato étnico e galeguismo", en *Grial.* Ed. Galaxia, Vigo, 1990, n.108, p. 455.

comezaba a gurgullar no crisol agrario e "irmandiño" especialmente desde a Asamblea Nazonalista de Lugo de 1918.

Iniciado no galeguismo cos "céltigos" bonaerenses, o aínda mozo pero xa curtido Suárez Picallo, acrecenta e fornece o seu pensamento e sentimento galeguistas a través do contacto con Vilar Ponte e outros persoeiros —o vello Faraldo, Anxel Casal, Víctor Casas— que actúan como reforzos positivos na súa decantación por Galicia como tarefa política. Foron estes uns encontros a situar no contexto do retorno anceiado á Terra Nai e á patria da nenez en Veloi-Sada tras catorce anos de ausencia. Unha comuñón do home coa súa Terra que o mestre galeguista ourensán Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Shei), rememoraba con estas verbas en 1964, ano do pasamento do imperecedeiro "rillote":

> Coñecín a Suárez Picallo na Coruña a comén das vacacións do vrau [1926]. Chegara eu de Cariño e fora Anxel Casal quen mo presentara. Daquela era Suárez Picallo un home novo, de cabelos loiros e uns ollos vivaces da coor do ceo do seu pobo natal de Sada, ao que amaba tolamente... En poucos anos aquil mozo emigrante de Sada tíñase erguido, polos seus propios méritos, a un dos postos mais representativos do obreirismo porteño... Dos dias aquiles do noso primeiro trato gardo lembranzas saudosas e recordo a Suárez Picallo posto de pé riba dun outeiro sadense e cara o mar que vira decorrela sua infancia de neno probe recitando casi en éxtasis, poesías de Rosalía, de Curros, de Pondal coma si foran pregarias relixiosas.[10]

Na súa breve estadía patriana imparte, en galego, unha sonada conferencia na Coruña sobre o xurdimento do nacionalismo en América, nas antípodas do "galeguismo ordinario de lacón con grelos..."[11] que o actual enxebrismo populista xunteiro quere converter en *revival*. Picallo peregrina á tumba de Rosalía onde deposita un ramo de flores e visita a Camilo Díaz Baliño na santiaguesa rúa das Hortas. Os mociños do Seminario de Estudos Galegos obséquiano cun exemplar de *Arquivos* para os "céltigos" que el representa, e o sadense non esquencerá aquel xesto cando conte e escriba sobre aquela institución xuvenil que medraba a carón da Universidade, superándoa case sen medios.

Un daqueles rapaces, da beiramar coma el, será titor e catedrático do seu bacharelato por libre no Instituto de Segunda Ensinanza de Lugo cando Ramón Suárez Picallo xa era deputado. O xove catedrático de literatura lembraba a animación que producía a presencia de Picallo, sempre alegre e cordial, nos cafés lucenses cada vez que o saden-

10. Fernández Oxea, Xosé Ramón: *Galicia no corazón*, Ed. do Castro, Sada. A Coruña, 1977, p.122.

11. Cores Trasmonte: *Op. cit.*, p.140.

se aparecía pola cidade, de viaxe ou regreso de Madrid, normalmente. Martínez López, dirixente galeguista no Lugo daquel tempo déralle sobresaliente con premio —"matrícula de honra"— polo exame de Preceptiva Literaria, calificado como "ex-tra-or-di-na-rio" polo boirense, quen, hai aínda poucos anos facía un retrato-robot de Suárez Picallo con estas palabras:

> Era un home dunha grande intelixencia natural que incorporaba á súa interpretación do mundo e da sociedade todo o que engulía nos libros, nas tertulias e sobre todo nos xornais, unha das súas grandes paixóns[12]. Optimista e bo conversador, con grande capacidade para relacionarse coa xente, con intuicións xeniais e carente de prexuízos. Un home libre e desenfadado, que practicaba no seu vestir un certo desaliño indumentario. Na tribuna era unha chama ardente, imaxinativo, rápido de reflexos e moi eficaz. Nas eleccións a deputados do trinta e tres pateamos xuntos a provincia da Coruña, el como cabeza de lista e eu de número dous; nos mítins ía directamente ó miolo dos problemas e unha vez expostos e analisados disparaba ó corazón da xente... era moi eficaz[13].

Antes de regresar a Bos Aires pronuncia unha conferencia en Sada sobre os dereitos da muller traballadora, Cántigas da Terra ofrécelle un recital e un fato de intelectuais "irmandiños" danlle un xantar de despedida na véspera da súa partida, por pouco tempo esta vez.

3. A RUPTURA DO EQUILIBRIO DESDE O REENCONTRO COA TERRA E A CONCEPCIÓN DUN PROXECTO POLÍTICO PARA GALICIA: 1928-1936.

Picallo, antes de ingresar no P.G. militará na política partidista autóctona da man da O.R.G.A., organización republicana e autonomista que viña demandando desde o famoso ensaio titulado "Política Galega" publicado en *Céltiga* o Día da Patria de 1928. Falaba naquel artigo dunha

> política galega que só os galegos con vistas a Galicia e non a Madrid, podemos facer. E para facela —remachaba— fai falla un vehículo específico e único: un partido político.

Era o retorno pleno, totalizador, que será tamén reincorporación física ó territorio galego a partir da proclamación da II.ª República cando

12. García, Xosé Lois: *Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Villar Ponte. Discursos parlamentarios (1931-1933)*. Ed. do Castro, Sada. A Coruña, 1978, p.157: sobre a afección polo xornalismo de Picallo recolle o autor esta sentencia de Castelao: "si os libros de texto os fixeran en forma de xornaes, o Picallo levaría matrícula de honor en todos os cursos".

13. Villaverde García, Elixio: Entrevista a Ramón Martínez López, Santiago, 1984. Para a campaña electoral de 1933 véxase Elixio Villaverde García e X. Amancio Liñares Giraut: *Ramón Martínez López pola universalidade de Galicia*. Ed. Sementeira, Noia, 1992, p.82.

a F.S.G. e a O.R.G.A. boanaerenses fleten unha representación[14] que, ó cabo, situará ó sadense como deputado na capitalidade do estado[15].

Suárez Picallo mantén unha intensa actividade parlamantaria nas Cortes do primeiro bienio republicano, con discursos —tantos coma Castelao e Otero xuntos— de contido económico-social sobre a problemática emigratoria, agricultura, gandeiría, pesca, ferrocarril, situación laboral das mulleres na industria conserveira, paro obreiro, abolición definitiva dos foros e suspensión de embargos por falta de pago dos mesmos e.un longo etc.[16]

Fronte á oratoria "espumosa" do outro Ramón, o Señor de Trasalba, Picallo era mestre na mensaxe directa, impactante, desacougante e incisiva, dirixida simultaneamente ó corazón e ó cerebro. A palabra do mariñán fora afiada no esmeril sindical porteño, cultivada no mítin rápido e abonada desde sempre na lectura e colaboracións xornalísticas. No pandemonio das redaccións co seu máxico recendo e desde as vertixinosas rotativas, o sadense verquérase no tecido social da urbe bonaerense escribindo alboradas dun mundo novo no tempo aquel da mocidade emigrante, verdadeira escola e forxa deste rebelde con causa.

En *Ser*, o vangardista xornal compostelano dirixido por Suárez Picallo, aparecen artigos que amosan nidiamante o rexeitamento do sadense polo tandem Lerroux-Gil Robles no chamado Bienio Negro ou Radical-Cedista. No editorial do día primeiro de setembro de 1935 ataca frontalmente ó líder da C.E.D.A. con esta diatriba:

> Gil Robles es las penas de muerte, las condenas a perpetuidad, las cárceles abarrotadas de generosos hombres que prefieren quemarse a pudrirse, la reacción vengativa; el caciquismo incivil; el látigo de los opulentos restallando sobre la carne de los pobres; todo lo cual repugna a Galicia, pueblo campesino y marinero en contacto con la naturaleza, donde cada esfuerzo es una canción de vida y libertad.

E o goberno radical-cedista é criticado con acedume polo sadense no mesmo xornal e data:

> Tratados con Uruguay y Argentina, deshaucios de caseros en masa, aumento de tarifas ferroviarias, abandono de las obras públicas, más parados que nunca, regalo de 600 millones a los Grandes de España, negocios de arroz y maíz y resurreción del caciquismo

14. Núñez Seixas, Xosé M.: *Op. cit.*, p. 459.

15. Para a etapa 31-36 véxase Xavier Castro: *O Galeguismo na encrucillada republicana*, Deputación de Ourense, 1985.

16. García, Xosé Lois: *Op. cit.*

> más sucio e incivil. Tal es el balance de la obra radical-cedista desde noviembre de 1933[17].

Desde o ermo reflexivo do bienio radical-cedista e trala victoria do Frente Popular nas eleccións de febreiro de 1936, Suárez Picallo inflúe dalgunha maneira nalgúns persoeiros do socialismo galego atraéndoos cara a unha posición máis comprometida co Estatuto de Autonomía. É o caso de Marcial Fernández, afiliado ó P.S.U.C. en Barcelona, director xeral de carabineiros nos momentos máis comprometidos da guerra[18] e animador, no desterro azteca, da revista *Saudade*, xunto ó editor Roxelio Rodríguez de Bretaña e ós redactores Delgado Gurriarán, Carlos Velo, Tomé, Porteiro, Luís Soto e o propio Roxelio, que aínda sobrevive, esquencido de todos, na megalópole defeña. Andando o tempo, Marcial Fernández escribiría un fermoso libro titulado *Trascendencia y hondura de Castelao*[19] no que reivindica ó rianxeiro na súa dimensión globalizadora, lonxe da enganosa mistificación que supuña e supón aínda a esaxerada loubanza do caricato coa intención implícita do seu non recoñecemento político.

Traxectoria inversa á de Marcial segue Casares Quiroga, denunciado como antiautonomista no *Dietario* do mudable Portela Valladares quen coñecía polo miúdo o cocido político da pre-guerra:

> Llegó la indignidad a punto, que Casares —el jefe de la O.R.G.A, la cual llevaba su razón de ser como Organización Republicana Gallega Autónoma— llegase al remangue y desvergüenza de oponerse como Ministro de la Gobernación con todas sus fuerzas, a que se concediera el moderado y sano Estatuto Gallego, votado por los parlamentarios y los ayuntamientos todos... entonces se vomitaron contra Galicia las más indecentes befas[20].

Na breve e turbulenta xeira parlamentaria de 1936, Ramón Suárez Picallo mantén un enconado desafío co activo organizador do militarismo golpista e dubidoso representante por Ourense, Xosé Calvo Sotelo, a propósito da limpeza electoral e da lexitimidade das actas dos deputados frente populistas galegos que o mal perdedor Calvo Sotelo pon en cuestión. E remata así a súa xeira de xenuíno representante das clases populares galegas nas Cortes republicanas. Unha etapa á que poñemos colofón con palabras escritas desde a perspectiva do tempo e do alén mar; palabras de plena vixencia para unha boa parte da clase

17. Cores Trasmonte: *Op.cit.*, pp. 34, 54.

18. González López, Emilio: *Memorias de un diputado republicano en la guerra civil española(1936-1939)*. Ed. do Castro, Sada. A Coruña, 1990, p. 241.

19. Fernández, Marcial: *Trascendencia y hondura de Castelao*. Ed. Triskele, México D.F., 1951.

20. Durán, Xosé Antonio: *Dietario de dos guerras (1936-1950). Notas, polémicas y correspondencia de un centrista español*. Ed. do Castro, Sada. A Coruña, 1988, pp.55-56.

política actual, corrupta nalgúns casos e alonxada dos intereses e do *pálpito* da sociedade civil á que teoricamente representan, case sempre:

> Todo canto tiña Picallo, logo de ter sido un brillante diputado das Constituintes, collía na bulsa de viaxe que a usanza mariñeira traía e levaba consigo de Madride á Cruña, a Santiago, onde quixera que as obligacións políticas o reclamaban[21].

4. SUBLEVACIÓN, MARTIROLÓXIO E GUERRA SEN CUARTEL: 1936-1938

A trama fascista do exército-capital-igrexa ponse en marcha e pilla a Castelao e Picallo en Madrid, ata o traslado do goberno a Valencia, onde queda constituído o vintecatro de novembro. Castelao e Picallo colaboran con el e tentan facer o propio en Barcelona antes do seu traslado a Valencia para participar nas reunións das Cortes e auxiliar ó Goberno.

E van caendo os amigos e irmáns, Anxel Casal, que lle custeara parte da carreira de dereito, Xoán Xesús González, o fundador do primeiro partido socialista galego e compañeiro nas tarefas xornalísticas, Alexandre Bóveda, organizador e motor do P.G., Quintanilla, o modelo dos socialistas galeguistas, Camilo Díaz Baliño, os curmáns de Castelao, centos, milleiros de galegas e galegos paseados, fusilados... ata un agoirento día de agosto no que apareceron nunha propiedade da familia varios corpos sen vida, entre eles o do seu irmán Xoán Antón, inmolado como tantos e tantos centos de mozos progresistas.

Xoán Antón xa despuntaba cando Ramón volvera a Galicia en 1926 se facemos caso das emotivas palabras dun artigo no que di:

> Unha das cousas que máis encheu de ledicia o meu esprito ao chegar á miña vila natal, á Sada dos meus amores, foi saber que n'ela había unha xuntanza nazonalista de rapaces cuásique todos menores de vinte anos. E aínda máis cando soupen que un hirmán meu formaba parte d'ela.

Pero a traxedia familiar non remata co asasinato de Xoán Antón.

> Ó pouco —ten declarado Díaz Pardo—, outro irmán de Ramón, Eduardo, perseguido, desapareceu sen que se voltase a saber dil, e os pais morren cáseque ó mesmo tempo.

A *Carta a manera de Prólogo* ó libro de Marcial Fernández foi escrita por un Picallo saudoso e orfo da presencia de Castelao pero activo e rexo na defensa do legado de unidade política que significaba o Consello de Galiza. Comeza así:

21. Brocos, Máximo: *A Nosa Terra*, Bos Aires, marzo, 1965.

Querido Marcial:

> Hace cuatro meses he sufrido un ataque al corazón... ¡Dios bendito, cuantos recuerdos amistosos, cordiales y fraternales me trae tu carta...! Las jornadas de Ortigueira, con cién mítines de caudal esperanzado... entre pinares druídicos. Te acuerdas de Insua..., las charlas amicales en La Coruña y en El Ferrol, en los albores de nuestra gran ilusión autonomista..."; e pasadas as referencias á campaña do Estatuto que el deseñara "breve e intensa",

as obrigadas mencións á guerra:

> ... los primeros dias de la guerra civil en Madrid y en Barcelona, nuestra aventura a Huesca, Barbastro, Tardiente, Vicién, Fornillos, La Granja y, después aquella batalla malograda de Chimillas, Castellón de la Plana, cuando tu reorganizabas el Cuerpo de Carabineros entre jocundos naranjales. Después, los días, las noches, las horas y los minutos de angustia en Barcelona, cuando ya era irremediable la gran catástrofe.

En Madrid nacen as Milicias Gallegas controladas polo P.C.E. desde o comezo da guerra[22]. Castelao, Dieste, Carmen Muñoz e Picallo, xá en Barcelona, editan *Nova Galiza, Boletín quincenal dos escritores galegos antifeixistas.* No primeiro número Castelao e Picallo diríxense a ese referente de analoxía céltica que é o pobo irlandés, nun manifesto asinado o 5 de abril de 1937 no que, entre outras cousas dicían:

> Ningún irlandés leal á súa pátria pode axudar, nen dentro nin fora dos seus lindeiros, ós imperialistas arrasadores das pequenas nacionalidades...

ou:

> ningún irlandés que se sinta avencellado á comunidade dos pobos celtas, pode axudar ós militaristas hespañoles, sometedores do pobo de Galiza, outa representación da comunidade céltiga na Iberia...

E no remate un prego "á colonia galega de New-Iork" para que traduzan e difundan este manifesto nos EE UU No n° 2 de *Nova Galiza*, aparecido o 20 de abril publican a famosa *Carta a Oliveira Salazar, dictador de Portugal.* Na longa e ben entretecida misiva de sólida argumentación histórica, xurídico-política e de fonda carga emotiva, fan a seguinte interrogación retórica:

> ¿Cré V. señor Oliveira que os galeguistas estabamos infectados de algunha enfermedade perigosa para o pobo portugués? Pois V.

22. Maiz Vázquez, Bernardo: *Galicia na II República e baixo o franquismo.* Ed. Xerais, Vigo, 1988, p. 61.

> tratounos como apestados, metendo galeguistas en cadeas inmundas ou entregandos ós asesiños de Falange Española.

E rematan con outra interrogante:

> ¿Cré V. que os bóns galegos —enloitados para sempre— poden vivir sen maldecilo? Pois nós decímoslle que V. causou o loito de moitas familias galegas por non abrir xenerosamente as portas de Portugal. E decímoslle máis: V. será para os superviventes de Galiza algo menos que un asesiño; será un cómplice de asesiños.

No número 6 do *Boletín quincenal* aparecido o primeiro de xullo do mesmo ano, Suárez Picallo asina un amplo artigo adicado ó Estatuto de Autonomía, no primeiro aniversario do seu plebiscito. Noutro semellante de novembro fala das posibilidades deste na posguerra e remata coa mesma idea-forza que polo seu interese reproducimos facsimilarmente co escudo de Castelao para a Galicia do porvir como selo e colofón:



Os que nun mañán —que desexamos afervoadamente sexa o máis próximo posibel— teñan a outa misión de dirixir a vida pública do noso país galego atoparán n'aquel Estatuto e nos temas tratados ó seu derredor unha fonte caudalosa de ourentacións e un índice de outos e nobels propósitos. Esa será a maisima e única groria dos que lle consagramos o máis puro da nosa vida, xa para sempre entebrecida i-amargurada. E ese será tamén o homáxen que merecen os nosos hérois vivos i-os nosos mártires mortos. ¡Que os esforzos de uns i-o martirio dos outros non sexan estériles! Eis a consiña i-a afirmación no primeiro aniversario da grande efemérides.

E no número 18 de *Nova Galiza,* de xuño-xullo de á 1938, Suárez Picallo traza un esbozo histórico, político e xeográfico de Galicia, seguido do programa das Irmandades da Fala de 1917, da declaración de principios e primeira parte do programa do P.G., dos resultados do plebiscito para o Estatuto Galego e dun derradeiro apartado sobre o problema da Galicia e a Sociedade de Nacións: toda unha escolma de documentos fundamentais que convén editar e difundir entre os republicanos e combatentes galegos en previsión da desfeita, incautación e/ou queima de arquivos na Galicia ocupada[23].

23. García, Xosé Lois: *Nova Galiza* (Edición facsimilar). Ed. do Castro, Sada. A Coruña, 1990.

EL DIPUTADO A CORTES
POR
LA CORUÑA

Pr'os irmans do "Frente Popular" na Xefatura Galleg "de Barcelona"

Ben queridos loitadores: Ramon Mosteiro trouxonos aos galegos que estamos na Hespaña republicana o mensaxe optimista e fraterno do noso esforzo á prol da Independencia e da libertade da Patria que leva en si a libertade da nosa Galicia martirizada e submetida.

En troque do seu regalo de Fé e de Espelanza, levavos unha visión aínda que fugaz, certeira do noso vivir e do noso loitar. Conoceu tras das suas mesas de traballo aos timoneles da Republica. Conviviu horas de emoción nos Frentes c'os nosos soldados e c'os seus xefes, que coas armas na man defenden a sua soberanía de nación libre e Independente. Compartiu, en humildes fogares galegos, a sinxeleza do pan e da i-auga nas curtas horas do descanso cotian. Escoitou, en todal-as lenguas que se falan nas terras ibericas, as verbas expresivas de un mesmo pensamento, ditas por homes de todal-as ideoloxias que formamos no Frente da libertade e da Independencia da Patria: Unidos, fortemente unidos, de cara o triunfo. Non lle puidemos facer mellor regalo, pra que vol-o leve a vosoutros, irmans galegos. Acolledeo c'o mesmo devoto agarimo con que nosoutros vol-o mandamos.

¡Viva a Independencia de Hespaña!
¡Viva a Republica!
¡Viva Galicia Ceibe!

Barcelona 20 de Nadal do 1938

Ramón Juaiz Picallo

Outra referencia á súa actividade durante o conflicto bélico aparece na carta que lle remite desde Bos Aires a Ramón Piñeiro en defensa da lexitimidade do Consello de Galiza e do labor das xentes da emigración económica e política americana. Na carta, con data 22 de xuño de 1959, publicada nesta revista, aparece o seguinte parágrafo:

> Durante a guerra faloume de ti un rapaz de Sarria, compañeiro noso no Instituto de Lugo, que se pasara ó noso campo polo frente de Aragón (de Huesca), estando eu en Caspe defendendo como avogado a mil catrocentos membros da C.N.T. metidos en cadea polas hostes comunistas de Líster, cando invadiron o Aragón republicano e sindicalista[24].

En efecto, Suárez Picallo pertencía ó Corpo Xurídico Militar[25] e como avogado do mesmo intervén a finais do verán e comezo do outono de 1937 na defensa dos anarquistas do Consejo de Aragón, órgano político que non se debeu liquidar, como afirma o grande mestre Pierre Vilar, "con un centenar de detenciones de las que muy pocas fueron mantenidas"[26].

5. UNHA CARTA OPTIMISTA E FRATERNA NAS VÉSPERAS DA DERROTA FINAL: 1938-1939.

Xa para rematar incorporamos esta carta inédita, da que posuímos unha copia[27], dirixida ós irmáns do Frente Popular Antifascista Gallego de Nova York; organización de axuda e solidariedade coa legalidade republicana en xeral e cos galegos antifascistas moi particularmente. O F.P.A.G. foi unha resposta unitaria e conxuntural dos galegos demócratas inmigrados en Nova York, que tiñan unhas entidades máis amplas, as Sociedades Hispanas Confederadas, esparexidas por bastantes estados e cidades, con máis de cincuenta mil socios e nas que os nosos

24. "Carta de Ramón Suárez Picallo". *Grial,* Ed.Galaxia, Vigo, 1991, nº 111, pp. 397-398.

25. Maiz Vázquez, Bernardo: *Op.cit.*, p.61.

26. Vilar, Pierre: *La Guerra Civil española.* Ed.Crítica, Barcelona, 1990, p. 103. Para unha mellor comprensión reproducimos o parágrafo completo: "Después de los acontecimientos de mayo, Largo Caballero tuvo que ceder la presidencia del Consejo a Negrín y el ministerio de la Guerra a Prieto. Se acordó la disolución del Consejo de Aragón, y como se preveían resistencias, se envió a descansar cerca de Caspe, en donde residía este Consejo, a la formación militar comunista más sólida, la división Líster, dejándole (no sin cálculo por parte de Prieto, sin duda), la responsabilidad de una represión. La liquidación política del Consejo de Aragón no fué difícil: un centenar de detenciones, de las que muy pocas fueron mantenidas".

27. Estase xestionando a "repatriación" dos arquivos de dous significados galegos, mortos en México, e vén de camiño un terceiro, por iniciativa da viúva do asilado en cuestión. Por poder lesionar os intereses dunha familia galego-mexicana, e por petición expresa do responsable dunha institución pública, gardaremos un discreto silencio ata que estes materiais se atopen en Galicia.

paisanos convivían cos demais peninsulares emigrados. O F.P.A.G. de Nova York remesou a territorio republicano ambulancias cos nomes das catro provincias galegas, despois dunha colecta de 5.000 dólares, recaudou outros 10.000 dólares de entradas e donativos nunha velada teatral e incrementou ó longo da guerra o seu número de afiliados, levando incluso a Bibiano Fernández Osorio-Tafall —grande amigo de Picallo— ós EE UU en plena guerra para a realización dunha campaña de propaganda que resultou intensa e eficaz malia a breve duración da mesma[28].

Ramón Mosteiro, presidente do F.P.A.G. ó remate da guerra, fora enviado con axuda material e moral ó territorio republicano no outono de 1938. En decembro regresa ós EE UU na compaña de Ernesto Guerra Dacal e leva no peto a carta do deputado galeguista —republicano, tan querido no mundo da emigración Castelao, convidado igualmente polo F.P.A.G., estivera dando mítines e recabando axuda na compaña de Luís Soto, nun peregrinar constante por diferentes cidades de Norteamérica no verán e outono dese 1938; un labor alentado e dinamizado polo F.P.A.G., afiliado ás S.H.C., co-lideradas por outro galego de Oleiros-A Coruña, de nome Xosé Castro, cun importante protagonismo no frete de barcos e na evacuación rumbo a América, dos refuxiados republicanos en Francia, na primavera e verán do 39[29].

Cando Picallo asina a carta-manifesto que nos ocupa Castelao atópase na Habana, e pouco despois Mosteiro despídese, en Barcelona e Solivella dalgúns galegos antifascistas: de Enrique Líster, Santiago Álvarez, Caridad Mateo, Delgado Gurriarán, Marcial Fernández, Martínez López, Picallo e un longo etc[30].

Cortadas as comunicacións entre Valencia e Barcelona desde abril de 1938, sen axuda exterior, coas Brigadas Internacionais de retirada en outubro e co abandono do Ebro desde o 16 de novembro só faltaba a entrada das tropas franquistas en Barcelona, derradeiro bastión republicano. Suárez Picallo xunto a Castelao, Espasandín, Cabanillas, Soto, Cardama, Dieste e a súa esposa Carmen Muñoz, tiñan unha información de primeira man sobre a situación nas frontes polo contacto directo con Marcial Fernández, Director Xeral de Carabineros, con Martínez López, na mesma Dirección Xeral, con Tobío, no Estado Maior, con Santiago Álvarez, ou con Osorio-Tafall, Comisario Xeral do Exército e home da máxima confianza de Negrín.

28. Maiz Vázquez, Bernardo: *Memoria-Catálogo das publicacións galegas antifranquistas*. Ed. do Castro, Sada. A Coruña, 1989, p. 34.

29. González López, Emilio. *Op.cit.*, p. 318.

30. Álvarez, Santiago: *Memorias II. La Guerra Civil de 1936/1939. Yo fui Comisario Político del Ejército Popular*. Ed. do Castro. Sada. A Coruña 1986, p. 435.

O republicanismo radical de Picallo foi sempre unha angueira para el. Só no contexto cívico e político do estado republicano cabía a esperanza autonomista galega e aquel estatuto "apto no setenta por cen dos seus puntos". Por eso nas batallas militares e políticas da guerra defende sempre o marco da legalidade republicana e as súas conquistas sociais con tanto fervor. A II.ª República en guerra, a finais de 1938 non é viable sen a alianza de clases e o pluralismo do Frente Popular gobernando no territorio español; ese é o senso do manifesto de fé republicana-autonomista proclamado na carta adxunta.

Se ben Picallo se amosa optimista na súa proxección exterior "unidos, fortemente unidos de cara o triunfo", asina esta carta un 20 de nadal de 1938, tras centos de bombardeos aéreos sobre Barcelona e tres días antes de que o exército sublevado iniciase a ofensiva final da guerra: a conquista de Cataluña. Este esperanzado texto non se corresponde coa situación dramática que se reflecte na carta-prólogo ó libro de Marcial Fernández, cando comenta, desde o outeiro da vellicie solitaria: "... después, los días, las noches, las horas y los minutos de angustia en Barcelona, cuando ya era irremediable la gran catástrofe".

Como representante do pobo galego mantivo o tipo ata o remate da contenda. Intimamente, quizais, pensaba na sorte de tantos e tantos compatriotas que a solidariedade do F.P.A.G. de Nova York e das S.H.C. podía brindarlle; de onde o seu empeño en que o cualificado mensaxeiro leve unha pormenorizada visión da loita heroica que se está a dar desde os despachos dos "timoneis da República", nas frontes de guerra e na vida cotiá.

Pero "a gran catástrofe" chegou. O 26 de xaneiro do novo ano as tropas de Franco entraban en Barcelona; o día primeiro de febreiro, ás dez da noite, reuníanse as Cortes por derradeira vez en territorio español, nos sotos do castelo de Figueres, preto da fronteira francesa[31]. E desde alí, polo paso dá Xunqueira ou atravesando os nevados Pirineos máis de cincocentos mil homes, mulleres e nenos encetaron un tristísimo desterro que para aquel rexo loitador sadense foi xa un camiño endexamais desandado, un vieiro sen fin...

E. V. G.

31. Giral, Francisco e Santidrián, Pedro: *La República en el Exilio*. Ed. 99, Madrid, 1977, p. 13.

¿É monte o monte?

Xoán Francisco Fernández

¿Que entendemos por *monte*? ¿Que din os diccionarios? ¿Ten o mesmo significado *monte* en galego que en castelán? ¿Que cambios se observan no seu uso na fala de hoxe respecto ós que foron tradicionais? Facémonos estas preguntas ante o emprego con frecuencia confuso que se está facendo en Galicia da palabra *monte*. Parece como se a palabra baleirase de contidos, nun proceso parello á perda da función das terras a monte.

Limitaremos os nosos comentarios ás acepcións relativas ó uso da terra. O noso punto de vista será o dun falante e lector que coida que os cambios no significado das palabras cambian a realidade mesma que expresan. Isto, que é materia común da que están feitas as linguas, leva sempre detrás razóns e motivos dos homes que as falan. Son estas razóns e estes motivos os que nos traen acó a falar de *monte*.

En primeiro lugar veremos o que din ó respecto os diccionarios. Seguiremos cun comentario sobre o emprego que se lle vén dando á palabra *monte* en Galicia; e remataremos na problemática relación monte-forestal.

OS DICCIONARIOS

Nos diccionarios galegos figuran diversas acepcións de *monte*. Por exemplo, no *Diccionario da lingua* (Instituto da Lingua, Real Academia Galega) aparecen as seguintes: *1. Elevación importante do terreo. 2. Terras altas sen cultivar con árbores, toxos, etc... 3. Conxunto de cousas postas enriba unhas das outras, cantidade de algo posta toda xunta máis ou menos en forma de montaña*. Destas acepcións só nos interesa a *2*, que fai referencia a usos da terra.

Pasemos a outros diccionarios. O de Edicións Xerais da dúas acepcións: 2. *Terreo inculto cuberto de herbas, xestas, etc... e ás veces árbores; bosque, fraga.* 3. *Todo o que non é terreo cultivado.* O de Alonso Estravís: *Terreo inculto cuberto de erva e mato; e, ás veces, árbores.* E o diccionario galego-castelán de Eladio Rodríguez González di: *Tierras incultas cubiertas de árboles, arbustos y matas*, que é a do *Diccionario da Real Academia Española.*

Hai nestas definicións algúns erros evidentes, como cando o *Diccionario da lingua* califica as terras do *monte* de "altas", adxectivo superfluo e non necesariamente aplicable; e o de Xerais que dá na acepción 2 como sinónimos *bosque* e *fraga*, que non o son, nin así se deberan considerar, a pesar de que hoxe se usen frecuentemente como tales; e na 3 fai de *monte* sinónimo de terra inculta, o que tampouco é correcto.

En canto á presencia de árbores no monte consideramos máis axeitadas as definicións de Alonso Estravís e Xerais, en que as árbores son ocasionais —*ás veces*—, matiz que nos pon máis preto da realidade do bo uso de *monte* en Galicia.

Pero a nosa pesquisa nos diccionarios déixanos insatisfeitos sobre todo pola certeza das súas carencias. As súas definicións non nos parecen precisas e abondan en erros. Ademais existen outras acepcións referentes ó uso da terra que, como veremos a continuación, non figuran neles.

O MONTE COMO FORMA DE VEXETACIÓN

Segundo Xaquín Lorenzo Fernández[1] "dáse o nome xeral de monte ao conxunto de prantas, que sen seren arbres medran espontaneamente no chan". Esta acepción non está, curiosamente, nos diccionarios galegos consultados, pero é de uso común en toda Galicia, e básica para entender as outras acepcións de *monte*. E así dise dunha terra con abundancia de herba e maleza que *ten monte*, e dun monte ó que cobre abondosamente o mato, que *o cobre o monte*. Pero se este monte do que estamos a falar cubrise de árbores espontáneas, teriamos que dicir que *cobre de arboredo*, nunca de monte.

Relacionados co monte como forma de vexetación, figuran nos diccionarios as seguintes locucións adverbiais: *quedar, ir, estar, deixar, botar... a monte*. Estas expresións e outras semellantes ás que se lles pode acreditar un uso de séculos[2] significan abandono do cultivo ou dedicación da terra a monte.

1. Esta definición atópase en Lorenzo Fernández, X. "Etnografía. Cultura Material", en *Historia de Galicia* de Ramón Otero Pedrayo (Dir). Tomo II, páx. 288.

2. Citaremos entre outros os seguintes exemplos de documentos antigos publicados: a) "... Unha leira de terreo que iaz *en monte*...", E. Duro Peña. *El Monasterio de San Esteban de Ribas de*

Sinónimos de *a monte* son *a campo, a poula, a bravo,* e *a ermo. A campo* refírese a terreos de cultivo e indica unha primeira fase de abandono non tan intensa como *a monte.* Un uso semellante ten *a poula,* empregada na provincia de Ourense. *Poula* ten a súa orixe no latín *pabulum* e chama a un dos principais caracteres do monte galego: ser terras de pasto do gando. Unha terra cuberta de poula é un *poulo.*

Temos así unha correspondencia na lingua respecto ás etapas intermedias da sucesión da vexetación, desde o cultivo ás formas de arboredo maduras:

[Cultivo] > *A campo* > *A monte* > [Arboredo]
A poula

Bravo ten un senso máis amplo que *monte* e aplícase a terras, plantas e animais. *A bravo,* aplicado ás terras indica que estas están sen cultivo ou que non son doadas de traballar. Dise *monte bravo* do que ten unha vexetación que medra sen control algún[3]; e temos escoitado o seu contrario, *monte manso,* aplicado á vexetación controlada (*amansada*) polo home ou polo gando. *Bravo,* aplicado a animais, é sinónimo de falta de domesticidade; aplicado a plantas, é sinónimo de ser espontáneas, non cultivadas; e a árbores de froito, de non procederen de enxerto.

Relaciónase con esta idea de monte a caracterización do gando en *do monte* e *da casa.* A denominación é aplicable tanto ás vacas como ós cabalos, ás ovellas como ás cabras. Non foi usada nin por Valenzuela Ozores[4] nin por Rof Codina e os técnicos que os seguiron na descrición das poboacións de gando galegas tradicionais e a súa caracterización en razas. O gando de monte era considerado falto de interese económico, dexenerado nas súas características e producto de malas prácticas gandeiras. Unha caste de gando que tiña que desaparecer e da que, polo tanto, non interesaba falar. As *vacas do monte* foron esquecidas ó tratar do gando do país; as ovellas foron chamadas por nomes tales como *churro galego, raza galega variedade de montaña ou montañesa,* etc.; e ó cabalo do monte: *poney galego, poney galaicoasturiano, asturcón,* etc. Para atopar a denominación *de monte,* tan precisa para calificar certas castes

Sil. Ourense. 1977. Docum. nº 87 (1370). b) "...muchos dichos heredados estén en *monte et en yermo...*". D. Mariño Veiras. *Señorío de Santa María de Meira.* A Coruña. 1983. páx. 193. (1508) c) "... de modo que casi todo está *a monte...*" (1640) J. E. Gelebert. *Santiago y la tierra de Santiago de 1500 a 1640.* A Coruña. 1982.

3. É significativa a diferencia entre esta idea de monte bravo e a definición que dan J. Neira y F. G. Mata. *Terminología Forestal. Ministerio de Agricultura.* 1968: "Población muy densa formada por brinzales".

4. Valenzuela Ozores, Antonio. *Memoria geognóstico-agrícola sobre la provincia de Pontevedra.* 1875. Faise unha descrición morfolóxica dos tipos de gando vacuno do país.

de gando, posta na letra impresa, temos que acudir a etnógrafos como Xaquín Lorenzo Fernández ou xeógrafos como Alain Bouhier[5], aínda que foi usada de sempre en documentos como inventarios postmortem, preitos, etc.[6]

A denominación *do monte* aplícase non só ós animais domésticos; úsase tamén de sempre para animais bravos como os cervos da cantiga de Pero Meogo no século XIII:

Pasa seu amigo
que lli ben quería;
o cervo do monte
a auga volvía.

¿Aplicábase entón o calificativo a todo o bravo, non cultivado nin domesticado polo home? Non o podemos responder, pero a expresión segue a ser válida na lingua de hoxe, e coidamos que con idéntica interpretación.

Relaciónase tamén con esta acepción a fórmula *ad montes et ad fontes* dos foros e contratos galegos en latín medieval, a que se transforma máis adiante no galego *a montes e a fontes*; fórmula que tan ben se corresponde coa organización do casal e da nosa paisaxe agraria antiga, co seu significado de abarcar todos os bens comprendidos dentro de límites naturais: os montes e as fontes.

O MONTE COMO TERRA DEDICADA A MONTE

A isto responden as definicións dos diccionarios. Estas son, como xa vimos, xenéricas, e non teñen a precisión que moitas veces desexariamos, pois *monte* pode neste caso responder a realidades distintas.

Se dicimos por exemplo: "A Antón gústalle pasear polo monte", "A casa queda no medio do monte"; ou "Os montes de Galicia non son coma os de Aragón"; falamos dun monte ou montes xenéricos ós que definicións como as anteriores dos diccionarios, debidamente corrixidas dos seus erros, se axustan ben.

Pero se nos referimos concretamente ós *montes galegos*, uns montes que estiveron fortemente vencellados coa agricultura e a gandeiría, entón as definicións dos diccionarios sábennos a pouco por imprecisas, e

5. Ver X. Lorenzo Fernández. *Op. cit.*; A. Bouhier. *La Galice...* La Roche-sur-Yon. 2 Vol. e Mapas. 1979.

6. Numerosas citas de inventarios en Pérez García, J. "Niveles y transformaciones de la ganadería en Galicia en el siglo XVIII". *Cuadernos de Estudios Gallegos;* Vol. XXIII. 1982. Preito por pastoreo en Soaserra en 1788 (Cit. por A. Bohuier. *La Galice...* páx. 947), etc.

gustariamos dunha definición que diga algo semellante a esta de A. Bouhier: "Los montes de Galicia son en realidad landas de tipo atlántico ou subatlántico"[7], na que se define o monte galego, as terras a monte, pola natureza da súa vexetación; ou deixando a un lado palabras estrañas á nosa lingua como *landas* e utilizando ás palabras propias, propoñeriamos, sempre que valesen as redundancias: "Os montes de Galicia son en realidade terras cubertas de *monte*".

A estas terras cubertas de monte é ás que se refire a xeneralidade dos vellos documentos galegos[8], o Catastro de Ensenada, e os escritos de Ilustrados como Cornide ou Somoza de Mousoriu cando falan de *monte*. E son tamén as *terras a monte*[9] expresión coa que se salienta que o feito de ser *monte* é unha dedicación, algo transitorio e transformable, unha condición adxudicada polo home.

Como exemplo do que se entendeu habitualmente en Galicia como *monte* vexamos o que nos di don Joseph Cornide:

> Pueden dividirse los montes de Galicia en montes de Leña, en montes de media Leña, esto es de Tojo para el horno, y montes vajos, la primera clase está generalmente cerrada, y cuidada con la misma atención que si fuese un sembrado... La segunda clase se conserba avierta en aquellos paraxes en que es mui abundante, y es libre a todo vecino el cortar lo que se necesita... pero en los Paises escasos y mui poblados los montes de esta clase se conserban con la misma atención que la primera.
>
> La tercera clase, se halla generalmente franca en todas partes... los arbustos que la componen son algún pequeño tojo, la Carqueixa, la Queiroga, el halecho, la Uz y algunas hierbas Gramináceas poco substantiosas y menos delicadas por haberse producido sin cultivo; estas hierbas y los renuevos de los tojos que vien no salen de la tierra, quando perecen por el diente del ganado, son los famosos aviertos, son los decantados comunes...[10]

7. A. Bouhier. "Las formas tradicionales de utilización del monte", en *Os usos do monte en Galicia*. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. N° 5, 1984.

8. Hai documentos que aparentemente contradín esta concepción de *monte* como a seguinte cita de Mariño Veiras *(Meira, páx. 388)*: "Pedaço de monte... según como está plantado de castaneyros" que pensamos se refire a unha transformación de monte en souto: as plantacións de castiñeiros facíanse frecuentemente sobre monte común aberto, pero só se adquirían dereitos sobre as árbores, xa que o terreo seguía a ser común. Desta outra de P. Saavedra *(Los montes abiertos...)* "... que en las dichas fragas y montes del dho concejo pueden hacer la madera..." soamente cómpre dicir que o monte non tiña por que carecer de arboredo.

9. O termo foi usado con frecuencia polos agrónomos. J. Sanz de Andino en *Tres estudios económicos*. Ministerio de Agricultura. Madrid, 1934. Francisco Sineiro. "A producción gandeira nas terras a monte", en *Os usos do monte en Galicia. Op. cit.* Recentemente Benxamín Casal nun artigo na *Voz de Galicia* (10-5-1992).

10. Joseph Cornide. "Memoria sobre el cultivo de los montes comunes". Editado por M. R. Saurín de la Iglesia en *Reforma y reacción en la Galicia del siglo XVIII*. A Coruña, 1983.

Como se ve, a palabra *monte* era usada e úsase para nomear terreos concretos ós que non só caracteriza a forma de vexetación, senón tamén o seu aproveitamento e coidado. Isto aplícase ás clases de fincas que se corresponderon no pasado cos chamados *montes abertos* e *montes cerrados,* que aparecen continuamente, por exemplo, no Catastro de Ensenada. Claro que desde entón os apresamentos, o aramio de espiño e o abandono de terras déronlle un novo sentido ós cerres como símbolo do *perfeccionamento* da propiedade. A pesar de todo, esta vella clasificación dos monte en abertos e cerrados garda parte do seu anterior interese ó relacionárenas coa extensión superficial e a situación xurídica dos montes. Entre un monte de dous ferrados e outro de duascentas hectáreas hai unha diferencia de magnitude tras a que están realidades diferentes, aínda que ós dous lle chamemos o mesmo.

Temos así, por unha banda montes de gran superficie que foron tradicionalmente abertos (monte aberto, abertal), e non sempre corresponde cun accidente xeográfico. Por exemplo: monte de Leboreiro, da Braña, de Escourido, de Estelo. Moitos deles figuran deste xeito nomeados en documentos de hai setecentos ou oitocentos anos e manteñen hoxe o seu nome [11]. Así son a meirande parte dos montes comúns que chegaron a nós.

Por outra, as parcelas de monte de propiedade particular de non moi grande extensión corresponden ós antiguos montes cerrados, aínda que son moito máis abundantes polos apresamentos e repartos. Para estes é normal usar outros nomes como *chousa, prado, curro, tapada, cerrado*, etc. de acordo coa localidade e utilización.

Pero volvendo a monte como forma de vexetación. ¿Enténdese hoxe por *monte* en Galicia o que se entendeu tradicionalmente?

MONTE EN GALEGO E MONTE EN CASTELÁN

Coidamos que o significado da palabra *monte* varía co papel e conformación das terras incultas nas distintas partes da Península Ibérica en que foi e é de uso común. Visto así, na súa forma máis xenérica, *monte* podería ser a mesma cousa en galego que en castelán. No portugués, *monte* ten no norte do país veciño un uso semellane ó do galego, pero isto é soamente considerado unha variante local, pois nesta lingua úsase normalmente *mato* en lugar de *monte. Mato* emprégase en galego como forma de vexetación pero aplicado só á arbustiva.

11. Poden consultarse diversas colecciòns publicadas de documentos históricos. Por exemplo: X. Ferro Couselo. *A vida e a fala dos devanceiros.* 2 t. Galaxia. 1967; E. Cal Pardo. *Catálogo de los documentos... de la Catedral de Mondoñedo (871-1492).* 1990.

Esta igualdade xenérica da palabra non quere dicir que en todas partes o *monte* teña as mesmas funcións e comprenda exactamente os mesmos tipos de terras. En fin, que o que se poida dicir respecto ó monte en Murcia ou en Castela non ten por que aplicarse sen máis en Galicia.

Tampouco tivo a palabra o mesmo significado sempre. No mesmo castelán parece variar o seu contido co tempo e o lugar, desde versións semellantes á actual de terras non cultivadas ás semellantes a tradicional galega[12].

Os problemas que se veñen dando xa de vello en Galicia coa aplicación de versións castelás da palabra monte son de dous tipos:

1°) A versión castelá comprende os bosques como formas de monte, no que diverxe da apreciación galega que os considera algo distinto, aínda que os límites poidan en casos seren difusos.

2°) a esta concepción do bosque como forma de monte responde unha terminoloxía técnica forestal na que as diversas clases de arboredos teñen a súa correspondencia en termos de monte: *monte alto, monte bajo, monte bravo*...[13] Cada unha destas formas de monte ten o seu tratamento forestal. A este tratamento forestal, coidaron os enxeñeiros de montes e unha cada vez máis importante base social, que non debían escapar os montes galegos.

Pero como ben di Ramón Villares desde unha perspectiva histórica:

> O primeiro que cómpre dicir é que se parte dun principio non sempre evidente para os estudiosos dos bens comunais: que o monte en Galicia significaba algo distinto que noutros territorios peninsulares, dado que se trataba dun espacio próximo ás aldeas e casais, integrado nas mesmas labranzas, agricolamente útil por máis que se catalogue de inculto e ademais humanizado[14].

Esta diferencia de significados do *monte*, deu lugar á esquizofrénica interpretación técnica da que fala M. Luz Corral Uzal:

> Se nos cinguimos a un senso técnico podemos observar que en Galicia se distinguen dúas acepcións da verba monte segundo se fale en galego ou en castelán. No castelán, ó falar de monte pénsase nunha terra orientada á explotación forestal case exclusiva, mentres en galego ten unha aplicación gandeira e agrícola ademais da forestal[15].

12. Ruíz de Torre, J. "Distribución y características de las masas forestales española". *Ecología* (Fóra de serie) n° 1. 1990. páxs. 11-30.

13. *Terminología forestal.* Op. cit.

14. No prólogo ó libro de X. Balboa, *O monte en Galicia.* Ed. Xerais. 1990.

15. M. Luz Corral Uzal. "O espacio forestal na provincia da Coruña...". V Xornadas Agrarias. 1987. Consellería de Agricultura.

Coidamos que convén dicir que a sobredita acepción castelá é soamente a específica do seu vocabulario técnico forestal; pois na práctica común do galego e do castelán en Galicia, cando se usa a palabra *monte*, non se fan distincións segundo a lingua na que se estea falando. A diferencia non está na lingua senón na mente do falante.

A palabra *monte* estivo vencellada ata tempos recentes a usos nos que non figura máis que excepcionalmente o arboredo, xa que as distintas clases de terras arboradas galegas: fragas, carballeiras, soutos, devesas, etc. non formaban parte, en principio, do *monte*.

Pero o monte galego sufriu importantes cambios ó longo dos dous últimos séculos. A paisaxe agraria que trasloce o Catastro de Ensenada ou os escritos dos nosos Ilustrados, a penas pode hoxe recoñocerse en moitas partes de Galicia. O monte común aberto dominante hai 250 anos, deixou en parte de selo para pasar a cerrado e particular, facilitando a expansión do cultivo de árbores, cousa que empezou co piñeiro bravo ou do país. A partir dos anos 20 deste século estendeuse a plantación ó monte común aberto a través de accións como as iniciadas pola Deputación de Pontevedra e continuadas pola Administración Forestal do Estado. Co piñeiro mantíñanse os usos antigos do monte: sementábanse canda o centeo nas estivadas e permitía a producción e recollida dos esquilmos que medraban embaixo deles. Así o monte, malia o arboredo, non deixaba de producir *monte*, de ser *monte* no senso mais tradicional. Por este camiño a palabra monte seguiu a aplicarse ás terras de monte plantadas con árbores.

O proceso de plantación de piñeiros xeneralizouse impulsado pola actuación de institucións públicas e unha reafirmada iniciativa privada; perdéndose a relación estreita do monte coa explotación agraria. Os *montes* plantados dedicáronse á producción de madeira en exclusiva e separáronse, fixéronse *autónomos*, nos seus usos respecto ó resto do sistema agrario, coa madeira como a súa única utilidade económica, tal como propoñían, de acordo cos seus mestres alemáns, ós técnicos forestais españois[16].

Nesta transformación, os montes plantados non deixaron de seren *montes* nin as formacións de arboredo tradicional (fragas, carballeiras, soutos, devesas...) pasaron a ser tales, a ollos das xentes da aldea; pero para moitos nas cidades, desvencellados xa do mundo agrario, o asunto non quedaba como non queda hoxe tan claro.

Finalmente, nos últimos anos, coa destrucción do sistema agrario, o *monte* tradicional deixou a súa función. Non cambiou os seus usos,

16. Convén aclarar que esta separación, non é exclusiva da producción de madeirá; pois o fenómeno non é distinto do que sucede noutras áreas da producción agraria.

perdeunos. O que un día se chamou *crise do monte* era un capítulo do afundimento da agricultura vella.

Así, coa perda de funcións, ten lugar a evolución do uso, neste tempo de cambio, da palabra *monte*. Palabra que, a pesar de todo, segue a ser tan viva e cun contido posiblemente parello ó dos tempos de Pero Meogo.

¿Pero son de hoxe os problemas de uso da palabra *monte*? ¿Vaise manter o senso tradicional en galego ou acabaremos usando exclusivamente, como xa se vén facendo, nun senso semellante ó que propoñen desde o castelán e a súa linguaxe técnica forestal? Responder á primeira pregunta require un pouco de historia, pero da segunda só o tempo dirá, aínda que coidamos que coa urbanización da sociedade galega, a interpretación que se fai desde o castelán e o seu vocabulario técnico forestal pode acabar facéndose a única. Por se serve de proba indirecta digamos que os lumes no monte son hoxe *incendios forestais*.

¿É O MONTE FORESTAL?

O termo *foresta* é de uso relativamente recente no galego como tamén o é no castelán, do que se tomou, e substituíu ó mais antigo e acreditado de *floresta*. Tense proposto sen éxito para o galego esta forma antigua, que é a usada no portugués, segundo recollen algúns diccionarios como o de Alonso Estravís. Pero foi *foresta*, e o seu derivado *forestal*, a forma que asentou no galego.

No *Diccionario da lingua* defínese *forestal* (chamarémoslle entre nos *definición estreita*) como "*relativo ós bosques*", (e así noutros diccionarios galegos); pero o *Diccionario da Real Academia Española* (chamarémoslle *definición ampla)* di: "*relativo a los bosques y a los aprovechamientos de leñas, pastos, etc...* Neste senso máis amplo, o seu uso foi patrocinado polos técnicos forestais desde a creación da profesión no pasado século, chegándose a vencellar o termo a calquera producción espontánea ou natural da terra.

O curioso das dúas definicións, *ampla* e *estreita* de *forestal*, é que de acordo coa *estreita*, o monte galego tradicional dificilmente pode ser considerado un espacio forestal, pero si o pode ser de acordo coa *ampla*.

De acordo co seu punto de vista, unha acepción ampla de forestal é a que sempre quixeron impoñer os técnicos. Esta concepción está vencellada a unha idea de *monte* abarcadora da meirande parte das terras incultas, e coa producción de madeira como o seu máis axeitado destino [17].

17. X. Balboa. *O monte en Galicia*. Op. cit. Dá unha excelente exposición. Tamén *Ciencia y política de los montes españoles (1848-1936)*. J. Gómez Mendoza. ICONA. MAPA. 1992.

A definición que deu de *monte* Lucas Olazábal[18] é ben representativa:

> Monte es un terreno de considerable extensión, cubierto de vegetación espontánea o arbolado artificialmente implantado por la mano del hombre con el fin directo de obtener madera o leñas, o contener los dañosos efectos de la denudación.

Débese sinalar, aínda que sexa de pasada, a outra dimensión, contida na anterior definición, que os forestais atribúen a *monte*: os terreos a protexer da denudación. Esta interpretación, que a penas se considerou en Galicia, tampouco cadra coa nosa concepción tradicional de *monte*.

¿Pero axústase unha definición coma a de Olazábal ó monte galego tradicional? Coidamos que non, pois nel non se nomean dous dos que foron os seus principais fins directos: o cultivo de cereais e o pastoreo do gando. Pásanos isto tamén con definicións como a que dá para *terreo forestal* a Lei de Montes:

> La tierra en que vegetan especies arbóreas, arbustivas, de matorral o herbáceas, sea espontáneamente o procedan de siembra o plantación, siempre que no sean características del cultivo agrícola o fuesen objeto del mismo. *No obstante se exceptuan de los comprendidos en dicho concepto, los terrenos que forman parte de una finca fundamentalmente agrícola y sin estar cubiertos apreciablemente con especies arbóreas o arbustivas de carácter forestal, resultaran convenientes para atender al sostenimiento del ganado de la propia explotación agrícola* y, asimismo, los prados desprovistos sensiblemente de arbolado de la misma naturaleza y las praderas situadas en las provincias del litoral cantábrico.

A definición anterior é moi longa. O lexislador estendeuse pola necesidade en que se viu de intentar precisar unha realidade complexa e abarcala nas súas palabras. Pareceunos interesante expoñela para entender as limitacións dos textos incluso máis próximos a posturas que poderiamos chamar *forestalistas*; pois de acordo co texto anterior, unha discusión sobre se o monte tradicional galego é ou non un terreo forestal debía centrarse no "carácter forestal" de toxos (non sempre espontáneos) e carpazas.

A continuación a mesma Lei di que son *montes* os *terreos forestais* e os que "*sin reunirlas* (as condicións), *hayan sido o sean objeto de resolución administrativa*". Abonda nisto *a Terminología forestal* de Neira e Mata[19] que di

18. Lucas Olazábal. Enxeñeiro de Montes. Autor do libro *Ordenación y valoración de montes* e das Instruccións de Ordenación, de 1890.

19. Neira, M. y otro. *Terminología forestal*. Op. cit.

que un monte é "en sentido legal, un terreno que se ha declarado oficialmente como tal monte por una disposición especial".

¿En que medida corresponden os montes galegos ós montes e terreos forestais da Lei? A cousa non é clara nas palabras, pero na práctica da Administración Forestal montes eran e son os *montes* e os bosques, e todos eles *terreo forestal.*

Pero máis aló das dúbidas que temos sobre a aplicabilidade dos termos legais forestais, é constatable desde hai tempo a confusión no uso común da palabra *monte*, e desta con *bosque* e *forestal.* Esta confusión chega a todos nós. Non é difícil atopar expresións como a seguinte: "O monte..., é dicir o bosque, era o complemento da economía tradicional" nun artigo de periódico; ou fálase de repoboación forestal ó tratar da plantación de castiñeiros na Idade Media, cando era considerado e tratado como árbore froiteira; dáselle o apelido de *froito forestal* á castaña; afírmase que o bosque (por monte) foi lugar de pasto do gando no pasado, etc. Os exemplos pódense multiplicar.

Caso extremo disto son os documentos do Plan Forestal Galego. E non só pola confusión no emprego das palabras, senón polo uso interesado desta confusión. Nel faise *bosque* sinónimo de *monte*; invéntanse termos como o de *cultura forestal* "... entendendo por tal o mecanismo simbólico de integración consensuado das diferentes formas de aproximarse ó monte"; defínese un *monte de vexetación espontánea* (o monte é vexetación espontánea); fálase dun *modelo de monte* que debería chamarse *modelo forestal...* E permítense a pequena trampa de dar como definición de *monte* a que na Lei se dá de *terreo forestal.*

Outra idea estendida é considerar a cuberta de mato dos nosos montes como recente e sen valor. Deste xeito a plantación de árbores é restauración do bosque perdido, de riqueza estragada por malos usos das comunidades gandeiras e labregas; a re-plantación ou *repoboación* (palabra estraña e inexacta pero provista dunha idea rexeneradora que se implantou na terminoloxía técnica e na fala común) veu substituír a máis precisa e tradicional *plantación* ou *plantío.*

Esta idea do *monte* como terras cun uso desaxeitado xa está meridianamente clara nos Ilustrados, xeneralizándose a través de todo o século XIX. Os enxeñeiros de montes, como as outras novas profesións técnicas da época, propuxéronse desde un principio loitar contra os malos hábitos dos labregos, pola conservación de recursos, especialmente o arboredo, e a separación, para mellorar a xestión, do espacio arborado do resto.

As súas ideas penetraron no corpo social do país, especialmente nas clases urbanas, levando ás veces concepcións verdadeiramente curiosas. Tomaremos como exemplo pola súa significación un parágrafo de Castelao en *Sempre en Galiza*, eco ó fin do pensamento común nos galegistas do seu tempo moi influídos polas ideas anteriores:

> A enorme extensión dos nosos montes, antes poboados de árbores (foi Felipe II quen ordeou a última tala) móstranse agora enteiramente calvos e en maldita esterilidade cando podían constituír a nosa fonte principal de riqueza. Nestos montes está presente o ideal de Castela, enemiga dos árbores e dos paxaros[20].

Débese aclarar, malia a súa obviedade, que sobre os bosques autóctonos galegos non foi posible establecer o cultivo e a gandeiría sen a súa destrucción. O bosque natural quedou reducido a lugares difíciles e afastados. De feito, unha das denominacións máis comúns do bosque autóctono é *fraga*, que nos refire a lugar abrupto, penedoso e pouco accesible, significado que ten no S. E. de Galicia e no portugués. Ademais, *esfragarse* significa en galego despenarse. E respecto da *maldita esterilidade* do monte, débese dicir que este monte, coa súa herba e mato, foi riqueza: soporte do cultivo e da gandeiría tradicional, e fonte de moitos rasgos de nosa personalidade colectiva. ¿Podería entenderse a nosa sociedade labrega sen o papel que na súa vida xogou o monte?

A MODO DE REMATE

Tratamos algúns aspectos do uso de palabra *monte* no pasado e no presente. A nosa pretensión foi observar algo das luces e sombras que caen sobre o seu uso. Estamos nunha encrucillada na que conflúen o abandono e os cambios nos usos do monte e o terreo agrario en xeral; na que campa a idea cada vez máis xeralizada no medio urbano de *monte* como equivalente, sen matices, a non cultivado; na que as propostas de manexo do monte fanse en base a un vocabulario técnico feito especialmente a partir do castelán, e que en moitos aspectos chocou e choca coa realidade tradicional galega do monte; na que é aceptada socialmente unha asociación de monte e arboredo: as discrepancias hai que buscalas no tipo de bosque[21]; e na que se impón o feito da separación do arboredo respecto do resto do espacio agrario. Moitos os camiños e moitas as incitacións de dispersión. E aquí, nesta encrucillada, preguntámonos: ¿É hoxe *monte* o *monte*?

X. F. F.

20. Alfonso R. Castelao. *Sempre en Galiza*. Libro Terceiro. V.

21. As discrepancias entre grupos ecoloxistas e Administración Forestal sitúanse no tipo de bosque e as súas funcións. En xeral, os primeiros non se cuestionan posibilidades de uso do monte distintas do arboredo.

Blanco Amor diante dun xuíz ausente

● GONZALO ALLEGUE. *Eduardo Blanco Amor (biografía), diante dun xuíz ausente.* Editorial Nigra. Vigo, 1993.

Estamos todos de acordo: a obra dos escritores (que queda) é máis importante que a súa vida (que pasa). Mais, ¿que non dariamos por saber algo da vida amorosa de Manuel Antonio, por exemplo? Sábese (desde Proust, *Contra Saint Beuve*) que non se pode explicar a obra dun escritor á luz da súa biografía. Pero a biografía pode explicar como naceron determinadas obras. Isto non o puido negar nin o lingüista Roman Jakobson, léase o seu *O caso Maiakovski.* Con todo, a biografía como xénero literario foi desprezada, e aínda o é, por certa crítica. Esquécese que a biografía forma parte da crítica literaria, é unha forma de crítica.

Pódese, porén, afirmar que hoxe non se len as biografías dos escritores para informarse de como naceu esta ou aquela obra dese ou daquel outro escritor. Hoxe, que non se le poesía, que case non se len novelas, que non se vai ó teatro, lense —nas literaturas normalizadas— moitas biografías. É a gran manía contemporánea. Pode acontecer que un personaxe —o exemplo paradigmático pode ser a pintora mexicana Frida Khalo— sexa máis coñecido por unha biografía que foi éxito de vendas, que pola súa propia obra. Esta manía contemporánea, pouco a pouco, está a chegar a Galicia. Non é que non contemos con biografías (e foto-biografías) dos nosos próceres e escritores, mais a maioría oscilan entre o libro de encargo e a haxiografía ben feita. A concepción, americana, de investigalo e dicilo todo non chegara ós nosos lares. Esta concepción, base de popularidade actual das biografías, moi matizada por outra parte, pode ser o "pivote" do éxito dunha excelente biografía: *Eduardo Blanco Amor (biografía), diante dun xuíz ausente*, de Gonzalo Allegue.

Allegue, para escribir a biografía de Blanco Amor, comezou por sentir unha atracción case que irresistible cara ó seu personaxe. Logo, compartiu a súa existencia, desde o momento de nacer —en realidade un pouco antes— ata o día da súa morte. Para compartir a existencia de Blanco Amor, o autor aprendeu todo sobre el. Acumulou documentos, e testemuños orais, de parentes, de achegados, de amigos, de inimigos. Introduciuse en correspondencias e arquivos, viaxou alí e acolá, baleirou periódicos, revistas, hemerotecas. Tomou nota de todo dato que servise para a súa obra. Pero non por un proído máis ou menos erudito; moitos datos, vese, quedaron no tinteiro. Non se serviu de todos os datos e testemuños que tiña (demasiados datos non farían máis que engordar o libro, esquecendo, ou non deixando ver, o fundamental: os personaxes). Allegue serviuse dos datos para colocarse na posición que é

fundamental: a do autor omnisciente. Pero tivo a coraxe de escoller. Escolle, da masa de información que dispuña, aquilo que tiña sentido, que aportaba luz á biografía do seu personaxe.

O libro divídese en dezaseis capítulos. Deles pódense tirar os escolios máis importantes da vida de Blanco Amor. Nacemento, infancia e descubrimento da propia sexualidade, o nacemento do escritor, a emigración, Blanco Amor e a emigración galega, a república e —sobre todo— a guerra civil española, viaxeiro por América, as derivas políticas, o nacemento das súas novelas, o retorno a Galicia, a morte. Gonzalo Allegue vai narrando —o libro lese como unha apaixonante novela— o ambiente que arrodea a Blanco Amor, as súas polémicas con outras faccións da emigracións galega, os seus amores, o compromiso coa república e coa causa republicana durante a guerra civil, os enfrontamentos da colectividade galega de Bos Aires, as súas relacións tirantes —pero sempre respectuosas— con Castelao, as derivas políticas persoais de Blanco Amor (fascínao Perón, achégase a elementos franquistas en Bos Aires, el, que escribira que a solución era o comunismo). Desmonta lendas ben tecidas arredor de Blanco Amor, do Consello de Galicia —ó cabo, resulta que non só o galeguismo do interior non estaba de acordo coa manobra de Castelao—, do galeguismo bonaerense. Desennovela medias verdades e medias mentiras, explica as contradiccións do escritor ourensán, as súas relacións amor-odio con Galicia (e o seu idioma). Narra —nunha bela escena— a amizade do seu personaxe con Suárez Picallo; o "gansterismo" dalgúns autonomeados líderes do galeguismo. Descúbrenos a súa volubilidade e a egolatría, as súas fraquezas e as súas grandezas. Nunha palabra, Gonzalo Allegue restitúe a verdade do seu personaxe, a súa complexidade, pero tamén a súa coherencia.

Mais, aparte de información —non hai un só dato que non estea debidamente contrastado— hai nesta biografía creación. Creación e recreación, por exemplo, nas páxinas que tratan da infancia e adolescencia en Ourense de Blanco Amor. Ou na reconstrucción do seu encontro, e nacemento dunha amizade profunda, con R. Suárez Picallo. Nestas páxinas —e noutras— o autor usa do diálogo como se se tratase dunha biografía novelada. Porén, nada soa a falso; e é que eses diálogos, inventados, son tan seguros como actas de notario. Pode ser que non sexan reais, pódese acusar ó autor de que son inexactos. Non importa, son algo máis, son *verdadeiros*.

Outro dos acertos do autor é a súa posición. O lector nunca sabe cando fala el. Ás veces quen narra é facilmente identificable: X. C., L. C., Dalila (quizabes o mellor capítulo do libro, "Dalila en guerra")... Para Allegue a biografía é unha arte literaria maior que esixe do autor que este desapareza para deixar paso á idea (á vida) en movemento. (En realidade, nalgún momento o autor faise presente: é cando emite xuízos críticos sobre a obra de Blanco Amor). De aí, quizabes, o "diante dun xuíz ausente". Ben que, segundo versións, o xuíz ausente é unha alusión a *A esmorga*. Xuíz ausente porque non se presenta no proceso, xa que el mesmo recopilou todas as probas a favor e todas as probas en contra do encausado. Tal vez xuíz ausente porque esta espléndida biografía non é anatema nin haxiografía, nin artefacto arroxadizo contra aqueles que, desde a mesma banda, non concordaban con Blanco Amor.

Logo de ler *Blanco Amor diante dun xuíz ausente* quizabes se comprenda o por que as biografías están a substituír, na predilección do público, á novela. Tal vez sexa porque nas biografías, cando menos nesta, existe o que non é moda na novela: arte do relato e o retrato. E odio e amor, amizade, paixón, o pasar dos días que se fan e desfán, miseria individual dentro da grandeza —e a traxedia— colectiva, grandeza individual dentro da miseria colectiva, ale-

gría, dor, gusto polo detalle, e unha escrita que engaiola ó lector. Unha escrita nada forzada, sinxela, usando dos modismos "americanos" que se introducen, á forza, en moitos capítulos, coma linguaxe normal, non como exotismo ou curiosidade. Unha escrita que oscila entre a creación de linguaxe da novela e a sinxeleza lingüística das mellores reportaxes periodísticas.

Estase, xa que logo, perante unha biografía case definitiva de Blanco Amor. En próximas edicións Allegue debe corrixir certos erros que se introducen máis por despiste que por falta de información[1]. Non se trata dunha biografía definitiva porque Gonzalo Allegue, e este é outro dos seus grandes acertos, deixa ó lector o dereito á súa propia versión.

XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ

O cego de Pumardedón

● FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO. *O cego de Pumardedón*. Ir indo, Vigo, 1992.

O labor que Francisco Fernández del Riego levou a cabo ó longo dos seus oitenta anos, nos diversos eidos da cultura supóñoo ben coñecido polos lectores da revista *Grial*, da que tamén foi co-director nos seus primeiros cen números. Pero ademais da súa dedicación á cultura galega, Fernández del Riego tivo vagar para ser un gran lector das obras literarias dos distintos países europeos, lecturas das que foi dando conta en moitos artigos no *Faro de Vigo* e na *Voz de Galicia*, algúns dos cales aparecen recollidos no libro *Letras do noso tempo* (1974).

A última das facetas con que Fernández del Riego nos acaba de sorprender é a de autor dunha novela, *O cego de Pumardedón*, na que rememora gran parte das experiencias vividas ó longo da súa vida: a guerra civil, a loita galeguista e aconteceres da existencia individual.

A historia ten por protagonista a Mauro, un home cego a causa da explosión dunha granada durante a guerra. Nada se di sobre a idade do personaxe pero si que, durante a contenda, estaba recén licenciado, e como o tempo da historia parece discorrer na posguerra, andará polos trinta anos de idade. A guerra marcouno fondamente, non só polo deterioro físico en que o deixou, senón polas consecuencias psíquicas. É un home cheo de amargura e desánimo que leva unha vida retirada lonxe do mundo urbano, no lugar de Pumardedón, xunto a súa muller Laura, coa que casou despois da guerra.

1. Os cincuenta mil exemplares de *Os biosbardos*, cos que está moi feliz Blanco Amor, e con Euros, que editou o libro en español co título *Las musarañas* (páx. 326), non son tal. Do libro do ourensán que se editan cincuenta mil exemplares, é da versión española de *A esmorga (La parranda)*, que publicou o Círculo de Lectores. Na mesma páxina, Allegue escribe que en novembro do 75 contrata *Xente ao lonxe* con Carlos Barral. Contratouna con Seix Barral, editorial que Carlos Barral abandonara en 1969.

A narración está contada en terceira persoa por un narrador alleo ós acontecementos, que non participa na acción, pero que coñece ben o pensamento do protagonista. É un narrador ambivalente, obxectivo na minuciosa descrición que vai facendo dos espacios e da paisaxe nos que se sitúa o personaxe, e, ó mesmo tempo, subxectivo pola súa identificación co pensamento do protagonista. De tal forma quedan identificados narrador e personaxe que a historia resulta un monólogo interior relatado polo protagonista dos acontecementos en terceira persoa. No continuado matinar de Mauro a acción e os espacios do tempo pasado na guerra alternan na narración co devir da historia actual, mais sempre recreado a través da terceira persoa. Só nunha ocasión o propio protagonista aparece como o auténtico narrador e utiliza a primeira persoa para recordar os acontecementos da guerra diante dun narratario. Foi na visita a Pumardedón de Leonardo, un dos compañeiros universitarios de Mauro, que pasara a guerra con el. Pero o discurso vai precedido da presentación do narrador extradiexético con esta frase:

> Mauro, sen agardar resposta, segue a mante-lo seu monólogo: Vexetabamos baixo a terra como as teipas. Nós, os demais, non eramos imaxes de homes, senón cabezas de desenterrados.

Toda a narración está centrada nos acontecementos vividos polo protagonista durante a guerra e as consecuencias pertubadoras que lle ocasionaron na súa existencia actual. De tal maneira a vella historia da guerra constitúe a auténtica narración que os acontecementos do presente a penas teñen relevancia narrativa. Acontecementos como as actividades políticas de Santiago, que implica a Mauro na acción, e que os levará á cadea por un tempo; a morte de Laura, ou as relacións amorosas de Mauro coa criada Xenerosa son feitos illados que aparecen como consecuencias do tempo pasado. Suceden a través do discurso narrativo como datos para a interpretación do triste existir de Mauro e das causas do seu comportamento, pero sen desenvolvemento na narración.

Os personaxes do entorno de Mauro: a súa muller, os amigos Leonardo e Santiago, o caseiro e a súa filla, ou Xenerosa, non son máis ca figuras de apoio na historia do protagonista. Non teñen existencia individualizada fóra da presencia de Mauro. Aparecen e desaparecen en función do proceso existencial deste, e non sabemos nada do que pensan ou senten. Incluso Laura, o personaxe de maior presencia na historia é como unha sombra que aparece ós requerimentos de Mauro, ou de súpeto, para interesarse pola saúde deste e preguntar se necesita algunha cousa, cando abandona o espacio ocupado por Mauro, deixa de ter existencia, igual que o resto dos personaxes. A chegada de Laura anúnciase a través do ruído das pisadas:

> Os tacóns de Laura resoan no vestíbulo.
> —¿Como te atopas arestora?, pregúntalle
> —Es moi amábel, Laura, só que...

Intercambian dúas frases máis sobre a saúde de Mauro e de seguida o narrador di:

> Procura a man da muller. Despois de todo, quizais fora inxusto con ela. Aprétalle rexamente os dedos. Pasado un momento longo, Laura ceiba vagorosamente a man dos dedos que a acariñan, e érguese.
> —Vou vixia-la marcha da casa. ¿Non necesitas nada?
> —Non.

Alúdese á ausencia de relacións sexuais entre a parella e á tristura de Laura quen, nunha soa ocasión, chora desconsoladamente, pero Mauro non pode vela e non chegamos a saber o motivo do seu desespero, xa que non é indicio de ningunha acción posterior. Efectivamente, Laura ten razóns abondo para chorar desconsoladamente, leva unha vida triste ó lado dun home anguriado que a penas ten comunicación con ela, pero non hai datos no transcorrer narrativo do personaxe de Laura para saber da causa da súa tristeza. Na última parte da novela, antes da morte desta, hai unha reflexión, sempre en terceira persoa, sobre a situación do matrimonio de Mauro e Laura:

> Durante o día móstrase moi atento coa súa muller. Viviran moito tempo ensarillados en mañas e disimulos. Na xeometría conxugal mantiveran a distancia entre o primeiro recoñecemento mudo dunha desavenencia, e a súa confesión. Fora tan grande como a distancia entre a fe inicial e a primeira dúbida. Conforme se ía afastando, Mauro comezara tamén a ollar a Laura como un ser humano. A sentir por ela afectuosidade e aversión, en troques de aceptala como un moble relativamente movíbel. Laiábase de que, despois de varios anos de relacións conxugais, chegasen a se alonxar tanto un do outro.

O cego de Pumardedón puidera ser a biografía xeracional dos galeguistas que viviron a guerra do trinta e seis á que pertenceu Fernández del Riego. A figura do cego é metafórica da perda de valores en que quedou a sociedade e a cegueira na que os protagonistas daquela triste historia da loita civil se viron obrigados a vivir despois do alborexar galeguista dos últimos anos da República. As alusións a Galicia e á loita galeguista non son moi frecuentes na novela, con todo, dise que o protagonista fora un estudiante preocupado polo país e a presencia de Santiago, o vello compañeiro de universidade e de actividade política, reinicia a loita pola defensa dos intereses do país, dos que non se fala na narración. Soamente no diálogo en boca de Santiago se fai mención ó tipo de actividade no que parecen andar os dous personaxes:

> —Pertenzo ao mundo galego. Naturalmente, loito porque se lle recoñezan os seus dereitos. O contido do meu pensar céntrase no feito de que o noso país ten unhas características de seu. Unhas características esenciais que se lle negaron ao longo de moitas décadas, pola interferencia dominante de intereses foráneos. Sobre esta realidade teño matinado arreo desde a miña primeira mocidade.

Despois da declaración de fe galeguista de Santiago, o narrador explica a semellanza de ideais que une ós dous amigos:

> Ámbolos dous coinciden na devoción apaixonada pola personalidade diferenciada da terra á que se deben. Mantéñena, pese á desfeita na que se viron mergullados. Pese ó cansanzo amoreado por tantos desacougos. Por riba dos desaforos sufridos, non perderon a fe.

O texto da novela está elaborado cun discurso moi coidado, en secuencias curtas separadas por puntos seguidos que describen as situacións nas que se sitúa o protagonista e os movementos que fai, indecisos e torpes, propios dun cego. É un tipo de discurso que recorda as descricións dos espacios teatrais nos que se van desenvolver as diferentes accións dos personaxes:

> Mauro pídelle a Laura que peche a fiestra. Supetamente ámbolos dous amósanse moi retesados. Fóra refrescara. O borboriño do aire desprazado apágase ao pecha-la vidreira. Laura queda de pé ollando a Mauro. Este atópase sentado no diván, coas pernas encollidas. Ao pouco, ela procura un lugar á súa beira /.../ Mauro volta a ficar só. Na súa soidade bota man da botella, unha vez e outra.

E así segue a descrición interrompida, por veces, por curtos diálogos.

Para nomear cada un dos obxectos, das plantas ou dos paxaros, que o narrador vai describindo con moita minuciosidade, e caracterizándoos con precisa adxectivación, o autor botou man dun léxico moi rico, cheo de matices significativos. Con todos estes elementos o resultado é un texto estilisticamente ben elaborado, froito maduro de quen tivo nas palabras a materia prima da súa presencia en Galicia.

CAMINO NOIA

Prometo a Flor de Loto

● LUZ POZO GARZA. *Prometo a Flor de Loto*. Premio de Poesía Miguel González Garcés. Publicacións da Deputación Provincial da Coruña. A Coruña, 1992.

Cando algo fire tanto como a descuberta da realidade da morte, da nada que unicamente se pode encher de lembranzas, urxe a necesidade de encerrarse nun tempo de silencio. Mais cando o prazo se cumpre rómpese o silencio para plantarlle cara á vida —a morte— con rabia poética, con ademán firme, con trazo digno e seguro porque o recordo fortalece a vontade e dá enerxías para emprender a tarefa de reconciliación e a catarse que tantas veces confiren as palabras. *Prometo a Flor de Loto*, o último libro de poemas de Luz Pozo, é unha preciosa mostra de verbas "que compoñen unha longa elexía", un "canto para acordar a morte" sostido nunha voz persoalísima que increpa e suplica a un "ti" para que lle fale "dende a morte".

Para entrar neste poemario temos que facer denantes un pequeno percorrido pola tradición para regalarnos co sentido do título; lembremos o sinfín de poemas da literatura occidental que acudiron ó símbolo da "rosa" buscando expresar a vida na súa plenitude, o labirinto perfecto e inescrutable suxerido pola disposición dos seus pétalos, o inmorrente do seu nome a pesar da caducidade da súa beleza... Pois ben, este libro acode á tradición oriental e dela toma a idea similar de vida nacente que recolle a "flor de loto": unha promesa intuída, incerta e desexada que se procura como remedio á inquietude e ó desacougo, e resólvese nun argumento que atrapa ó lector pola ambigüidade do seu contido:

Coa prometida flor
escribimos ausencia...

Prometo a Flor de Loto é, pois, o deseño poético dese anceio trenzado en tons cheos de asonancias literarias recreadas a partir dos versos doutros autores. Non é novidosa a mestura de tons que se concilian nos poemas desta autora; xa coñecimos na súa obra (*Concerto de outono, Códice Calixtino...*) a destreza para facer unha escala que tan pronto se detén en conceptos intelectualizados, coma en imaxes populares, en versos que parecen seguir a norma senequista —convalidada por Petrarca— do ideal da "imitatio" para conquerir a orixinalidade: aunar nun só ton todas as voces escoitadas. Aí están os clásicos San Juan, Fray Luis, Garcilaso, as pegadas bergsonianas, a lembranza de autores contemporáneos e a presencia continua de Eduardo Moreiras, razón do libro, da fraxilidade do ánimo con que está escrito, de polarizar os contidos entre os conceptos VIDA / MORTE nomeados de continuo para facelos reais tentando, quizais aprender "a escoitalos sen pranto".

Discorren os versos entre silencios, preguntas que non teñen resposta, incertezas que medran nun xeito de monólogo que tenta ser diálogo coa ausencia presentida, búsqueda do "enunciado perdido onde poñer amor". E pasan as páxinas e un "Sumario" marca o fin da elexía e o inicio das lembranzas que enchen o ánimo xa sobreposto; cada un destes poemas semella unha "pausa na memoria", unha evocación de momentos narrados poeticamente, con símbolos lúcidos salteados entre ritmos populares; todo isto vai fiando un argumento xustificado no retrouso "por amor" que lle presta unidade a última serie do libro.

Xa dixemos que *Prometo a Flor de Loto* é o relato poético trazado coa urxencia de romper o silencio que arranca dunha ausencia rompendo, á súa vez, a promesa anunciada no título; mais tamén é a testemuña dunha descuberta que axuda a procurar de novo a ansiada flor: descubrir o amor, descubrir a morte, constatar que "ela existe e ama" tamén é constatar a certeza de que un sente que aínda está "aprendendo a vivir".

PILAR CASTRO

A poesía popular nos séculos XVIII e XIX a través dos textos

● DOMINGO BLANCO. *A poesía popular en Galicia. 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica.* 2 vols. Xerais, Vigo, 1992.

Desde que algúns ilustrados do século XVIII comezaron a interesarse pola cultura popular e transcribiron as cántigas que oían, moitas son as recopilacións e escolmas que se teñen feito dos xéneros literarios populares, algunhas realmente destacadas. Trátase, maiormente, de vizosas mostras etnográficas, rescatadas das lembranzas dos informantes, que pretenden ser testemuño da memoria colectiva e mais da organización social na que cumprían unha función de seu. As máis recentes, feitas en razón do xénero —*¿Que cousa é cousa...? Libro das adiviñas* (1985), de Paco Martín—, dun ciclo anual importante —os maios, o entroido, o nadal...— ou dunha área xeográfica —*Contos populares da*

provincia de Lugo (1963)—. Sen embargo, Domingo Blanco preferiu escolmar de entre o noso patrimonio oral só *formas poéticas* —maioritariamente coplas— e non *cántigas* —vehículos de comunicación oral onde se emparellaban a un tempo a literatura e a música, aínda que tamén podían ser recitadas—. Transcribe, "en orde cronolóxica, tódolos textos de literatura popular en verso, escritos en galego, que puiden atopar impresos ou manuscritos no período comprendido entre 1745, data en que o Padre Sarmiento emprendeu a redacción do *Viaje a Galicia* (1745), e 1885, en que foi publicado o *Cancioneiro* de Pérez Ballesteros, coa exclusión desta última publicación" (p. 11). Daquela, non se trata dun labor etnográfico, senón dunha recopilación de textos xa transcritos, carentes de calquera referencia a un informante, ó lugar de procedencia, ó seu valor funcional ou, se a houber, á música (o elemento máis esquecido cando se fala de cántigas populares).

O estudio inicial da obra constitúe un documentado percorrido diacrónico que nos achega ó marco histórico, á mentalidade e mais ó interese que moveu a cada autor a preocuparse polas manifestacións literarias populares e, xa que logo, infravaloradas, cando non rexeitadas. Comeza no século ilustrado, o XVIII, dominado pola falta de literatura culta en galego e que, ben visto, debe circunscribirse prioritariamente ás abundantes e interesantes mostras de literatura oral, as verdadeiras mantedoras da literatura na nosa lingua durante os catro séculos escuros —*grosso modo*, a metade do tempo que abrangue a historia da nosa literatura—, e merecentes, tamén, dunha atención máis vagarosa e profunda nos estudios teóricos. Esta introducción histórica remata no século XIX, o do noso segundo xurdimento literario, momento de verdadeiro esplendor da recuperación e revalorización do folclore por mor do movemento romántico e no que, como ben se ten recoñecido, a literatura de fistor —creada por autores anónimos e populares— serviron de cimentación para as máis das mostras cultas deste século: *Cantares gallegos*, de Rosalía, en primeiro lugar, pero tamén de Curros, de Pintos, de Añón... Como subliña Domingo Blanco, de entre estudiosos do XVIII, Sarmiento é o máis destacado e tamén o máis analizado (por Pensado). Do XIX, cómpre non esquecer o papel que desenvolveu a Sociedade El Folklore Gallego, tan reivindicado por Alonso Montero, e que difundiu importantes estudios sobre a literatura, entre elés o *Cancioneiro* de Pérez Ballesteros. Cos traballos xerados ó abeiro desta sociedade e cos doutros estudiosos, como Saco, confírmase unha etapa de esplendor dos estudios folclóricos e mais a revalorización das formas orais, que terá continuación na prensa galeguista máis importante do século XX antes da guerra, onde se comentaban ou transcribían habitualmente mostras deste tipo (foi exemplar a sección fixa "Archivo filolóxico e etnográfico da Galiza" na revista *Nós)* e que fará callar posteriormente movementos poéticos cultos de forte inspiración popular.

O groso da obra confórmao a recopilación de todas as mostras que atopou documentadas (as variantes inclúense a pé de páxina). É preciso subliñar que se rescatan algúns inéditos recollidos por Rosalía, que pola súa forma non acaían ben á estructura dos poemas de *Cantares gallegos* (pp. 175-180), e de Casal. O criterio adoptado para o ordenamento dos textos, a orde *rigorosamente cronolóxica*, é o único discutible pois resulta un manual difícil de manexar e fai del un verdadeiro universo de entropía. A única información que nos proporciona esta orde é a que se apunta no limiar: a exposición do proceso de aparición de textos orais populares no mundo da escritura (p. 7-8). Sen embargo, non parece que este criterio, importante cando se trata de textos cultos, se poida aplicar á analise dos textos populares, caracterizados tanto polo anonimato como pola imposibilidade de datalos (a non ser nuns poucos casos e

dunha maneira aproximada), mesmo neste caso, en que as mostras proceden de fontes escritas, xa que nin sequera se respectan as colleitas unitarias, e en calquera caso, a orde de aparición cronolóxica sería facilmente deducible a partir da introducción histórica que acompaña a recopilación.

Malia tratarse dunha obra aberta, primordialmente descritiva, que non pretende determinar os aspectos máis relevantes da súa forma, estructura ou contido (p. 8), bótase en falta, alomenos, a axuda dalgúns índices. O máis necesario é o temático —este sería o criterio máis interesante para estructurar o corpus recollido—, concebido dun xeito amplo, xa que case todos os textos poden entrar en diferentes apartados dunha clasificación temática simultaneamente. Daquela, neste índice terían cabida tanto os temas tratados coma as palabras clave, pois hai moitas series nas que sempre intervén un mesmo personaxe, que aparece especificado en razón da súa profesión, condición ou nome, ou mesmo topónimos —un exemplo de bo índice temático en razón do corpus recollido é o do *Cancioneiro popular das terras do Tamarela* (1989), de Rico Verea. Esta función non a desempeña en ningún caso o índice de primeiros versos, que, todo o máis, serve para atopar variantes dun texto no que o primeiro verso permaneza inalterado —o que limita aínda máis as posibilidades—. O outro índice que axudaría a facer máis manexable o manual é o dos autores recollidos, pois, malia estaren ordenados cronoloxicamente non aparecen en capítulos diferenciados nin destacados de maneira ningunha, o que dificulta a consulta.

No que toca ás características formais dos textos recopilados aparecen reseñadas con acerto nas conclusións (p. 513); trátase maioritariamente de coplas, unha estrofa de alto rendemento polo seu carácter polivalente e á que lle acae ben a maioría das formas musicais tradicionais.

A poesía popular en Galicia. 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica, froito do ingrato labor de recoller e depurar, será a partir de agora obra de referencia obrigada para cantos se interesen pola literatura popular, en calquera dos seus xéneros, por cousa do seu estudio preliminar, da súa recopilación e mais do importante e amplo apartado bibliográfico, do que esperemos tiren partido os estudiosos que se acheguen á literatura oral para facela obxecto de estudio tamén da teoría da literatura, pois se ben temos recollido un corpus rico e variado, as aproximacións que se fixeron son maiormente descritivas. É preciso delimitar dun xeito global a interacción entre poesía popular e poesía culta feita ó xeito popular (co caso ben coñecido de "Cántiga" de Curros Enríquez ou dos *Cantares gallegos* de Rosalía, pero que, a bo seguro ocorreu con outros autores, e non só no XIX), o papel dos receptores e as características deste código: a brevidade e reducida variabilidade na forma; a función que desempeñan os elementos cotiáns, naturais e metereolóxicos; a súa dimensión de literatura de tese; a ironía subxacente (sería interesante analizar o valor das mensaxes con dobre sentido —case sempre con intención sexual— por exemplo, o verbo *abalar* relacionado coas árbores foiteiras ou coa roseira)... só cando teñamos estudios que analicen teórica e globalmente as constantes e as particularidades dos nosos textos populares teremos un verdadeiro coñecemento da producción dos nosos fistores.

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

A vida cotiá en Galicia

● PEGERTO SAAVEDRA. *A vida cotiá en Galicia de 1550-1850*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela, 1992.

A Universidade de Santiago de Compostela acaba de publicar na súa colección Biblioteca de Divulgación este fermoso libriño do profesor Pegerto Saavedra, pioneiro nunha temática ata o de agora inédita na nosa historiografía. Ó longo de pouco máis de duascentas páxinas o lector ten cumprida ocasión de mergullar nun mundo tradicionalmente máis invocado do que propiamente coñecido, desvelado aquí en toda a súa gamma de matizes e variantes, mesmo por veces insospeitadas. Os labores, ritos e crenzas, a organización familiar coas súas estratexias de supervivencia, as angurias e leceres e tantos outros aspectos do universo material e mental dos nosos devanceiros, xentes sinxelas e humildes do país, aparécensenos retratados con expresivas pinceladas salferidas, acá e acolá, dunha miguiña de humor ou picardía, mais libres en todo caso dos tópicos e lugares comúns que tan a miúdo teñen distorsionado a súa verdadeira dimensión.

Falar da vida dos galegos daqueles tempos é falar, ante todo e sobre todo, da Galicia rural, dos campesiños. O autor sábeo moi ben. De aí que explicite claramente como propósito da obra expoñer a situación na que discorría a vida dos labregos dos séculos XVI-XVIII. Unha estructuración do libro disposta en tres capítulos, precedidos dunha introducción, tenta de dar conta do devandito propósito ou plano inicial.

No apartado introductorio, titulado "O País e as Xentes, Verdades e Apariencias", Pegerto Saavedra detense a describir algúns rasgos xerais de tipo demográfico, antropolóxico e xeográfico, como preparando ó lector antes de entrar en materia: o número de habitantes, características do poboamento, aspecto físico dos galegos, ordenación do territorio... Cérrase esta especie de adro ou limiar cun repaso ás opinións vertidas polos contemporáneos sobre Galicia e os seus moradores.

Chégase así de contado ó primeiro capítulo en sentido estricto da palabra. Nel éntrase de cheo nas bases materiais da comunidade aldeá, sen esquecer unha análise das clases sociais enraizadas no campo e as relacións entre elas. A Galicia tardo-feudal, de labregos e rendistas, de vasalos e señores, é aquí rigorosa e pormenorizadamente radiografada. A variedade de cultivos e espacios agrarios, mesmo de réximes de tenencia da terra (con predominio do foro) non empecen a percepción dunha sociedade inzada de tensións e contradicións entre opresores e oprimidos: foreiros e rendeiros, campesinos abastados ou bodegueiros dunha banda; eclesiásticos, nobres ou fidalgos intermediarios doutra. Pagamento de rendas, dezmos e dereitos de vasalaxe como norma de conducta nunha sociedade xerarquizada; mais de cando en vez —e máis veces do que se pensa— tamén insubmisión.

Os recursos básicos da economía agraria reciben tamén oportuna atención neste apartado, seguidos dunha ampla descrición dos "traballos e sazóns" o seu ritmo estacional e organización, alén dos hábitos alimentarios dos galegos.

Particularmente interesante é o segundo capítulo: "A Familia e as Idades da vida". E digo interesante por dous motivos. En primeiro lugar, pola grande cantidade de información, moita dela novidosa, que aporta a respecto da estructura familiar, os comportamentos sociais, a relación entre o home (ou a comunidade) e o medio natural, e tantas outras cousas. Moito me temo que a

raíz da aparición deste libro teñamos que revisar máis dun concepto, suposición ou apriorismo acerca das devanditas cuestións[1]. En segundo lugar, paréceme destacable a énfase posta polo autor no feito da *diversidade*; nomeadamente nos diferentes tamaños, concepcións e actuacións da familia segundo as zonas, dependendo da súa relación cos recursos disponibles.

Remata a obra cun delicioso terceiro capítulo adicado a "Relixión e Cultura". Preside este apartado unha óptica ó meu entender antropolóxica ou, cando menos, de a cabalo entre a historia e a antropoloxía. Penetrar na mentalidade e o sentir das xentes do pasado é sempre angueira difícil, e máis se se trata de homes e mulleres do común, dos que non hai testemuños directos. Por iso a aportación deste tramo final da obra resulta especialmente valiosa. Escrito con todas as cautelas necesarias e cheo de referencias á sabedoría popular (ditos e refráns, mitoloxía, folclore), o capítulo vai debullando pouquiño a pouco as claves principais da relixiosidade aldeá; unha relixiosidade *sui generis* mesturada con cultos á natureza e á astroloxía, e concebida sobre todo como un feito social, antes que individual[2], na que, ó cabo, terminou impóndose o *carnaval* sobre da *cuaresma*, isto é, a pervivencia dunha vizosa "civilización rural tradicional", capaz de crear e conservar unha cultura popular de carácter profano que resistiu as embestidas do rigorismo da xerarquía eclesiástica (...). Estaba ben ir á misa, rezar o rosario cumprir as ofrendas persoais e os encargos dos defuntos... Pero tamén había que vivir e celebrar, con rixo e destemperanza, as poucas "horas fáciles" que os anos deparaban.

Xunto con esta peculiar vivencia relixiosa, un progresivo afán por acceder ós mecanismos da cultura escrita caracterizou, a xuízo do autor, ó campesiñado galego a medida que entramos na recta final do Antigo Réxime.

Para concluír estas liñas quixera salientar uns cantos aspectos da obra que me parecen merecedores dun breve comentario.

O primeiro deles é a constatación do carácter diverso do país. Xa me referín a este feito no tocante á familia rural. Pero a cousa vai máis alá diso. Da lectura de *A vida cotiá en Galicia de 1550-1850* emana a visión dunha Galicia múltiple, plural, tanto nas súas estructuras familiares como no poboamento, usos, costumes, nivel de vida e un longo etcétera. País pequeno, pois, mais de certo variado e multiforme, moito máis do que con certa frecuencia se tende a pensar.

Outro aspecto meritorio é a contribución desta obra á superación dos inevitables e persistentes tópicos proxectados sobre o noso pasado. Nin familias moi numerosas, nin casamentos a idade temperá, nin carácter inmutable da paisaxe, as devocións relixiosas ou os cultivos agrícolas, por pormos algúns exemplos. No seu canto, evolución, movemento. Tomemos nota.

1. Por exemplo, a presuntamente baixa esperanza de vida dos galegos da época, ou o elevado número de fillos por familia, extremos os dous que se demostran falsos.

2. Aclara ó respecto o autor: "O carácter colectivo das vivencias está na raíz mesma do papel que tiña a parroquia, que era algo máis que unha comunidade de fieis sometida por completo ó cura. Os rectores da correspondente freguesía ían vindo e marchando, os veciños morrían ou émigraban; pero a igrexa, os santos avogosos, os obxectos que daban lustre ós actos de culto, as tumbas que gardaban os ósos dos causantes... seguían no seu sitio, onde estiveran sempre, desde o fondo dos tempos (...) 'co gallo da misa —di Otero Pedrayo— encontrábanse os veciños sen obxecto algún de particular, mais co sentimento de se confirmaren e fortaleceren como membros activos da parroquia, pousar na ruda e illada vida para decatárense de que son, que existen no mundo e na historia'" (pp. 207 e 209).

En terceiro lugar, chama a atención unha moi lograda conxunción entre amenidade e rigor no discurso, o que confire á lectura un notorio atractivo sen que se resinta a seriedade do método do historiador. De algo así como pequena frivolidade calificaba o seu autor este libro, en conversa privada que ambos os dous mantivemos. Véxome obrigado a manifestar o meu desacordo. Creo que, tendo en conta o seu carácter de obra de divulgación, A *vida cotiá en Galicia de 1550-1850* cumpre de maneira sobranceira os seus obxectivos. E digo máis: teño a convicción de que en determinados momentos é socialmente máis necesario e importante publicar traballos deste tipo, orientados a un público amplo, que estudios eruditos unicamente destinados a doctos e sesudos especialistas en historia, a capacidade de incidencia dos cales na realidade presente —e non digamos futura— do seu país adoita ser nula.

Unha última consideración: o libro está escrito cun grande cariño cara ás xentes que nel desfilan. Quizais un tributo do autor a un mundo que tan ben debeu coñecer antes de ser profesor universitario.

CARLOS VELASCO

Guía bibliográfica da emigración galega

● J. HERNÁNDEZ BORGE e F. R. DURÁN VILLA. *Guía Bibliográfica da Emigración Galega*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1992.

Rematou un ano emblemático para o Estado español en xeral e comezou outro para Galicia en particular. O Xacobeo 93 supón unha magnífica oportunidade para repasar e recrear os aspectos sobranceiros da nosa historia colectiva contemporánea. Entre eles ninguén esquece un fenómeno tan impactante na conformación do propio ser galaico como é o do movemento migratorio desde Galicia para distintas partes do planeta, sobre todo no que atinxe as saídas masivas dos dous últimos séculos, e co continente americano como destino preferente e preferido.

Polo tanto, non é casualidade a publicación polo laborioso Servicio de Publicacións da Universidade compostelana deste oportuno e suxerente esforzo de compilación bibliográfica sobre a emigración galega. Desde logo, o momento non deixa de ser ideal para cubrir unha lagoa innegable, desde hai tempo sentida, no que xa é un frondoso panorama de estudio sobre os galegos que viven e traballan alén das nosas fronteiras.

A compilación é suficientemente exhaustiva. A criterio de quen escribe, poucas referencias dignas de figurar nun traballo desta guisa, polo alcance e ubicación editorial da súa mensaxe, quedaron á marxe (tal vez, iso si, bastantes aportacións presentadas a congresos ou seminarios de relevancia en diversos eidos do coñecemento universitario). Os incluídos están integrados e acompasados con boa lóxica distributiva. Así, aparecen títulos e órganos de expresión non recoñecidos e recoñecibles preto do noso entorno, senón tamén naqueles —caso dos países iberoamericanos— de acollida e asentamento da colectividade galega.

A obra ten, como mandan os cánones básicos das guías bibliográficas, dúas partes fundamentais que se sustentan, respectivamente, no exame sinóptico do fenómeno polos mesmos autores, non precisamente advenedizos no seu tratamento teórico, e na sucesión ordenada e exquisitamente referenciada de cantos libros, artigos e monografías foron obxecto de listado para culminar a tarefa.

A crónica da primeira é sinxelamente a dunha introducción axeitadamente redactada e comedidamente secuenciada, tendo presente o obxecto substantivo do traballo. Razón de máis para que a sucesión dos apartados epígrafes que serven de entrada e desenvolvemento —sempre ponderado en magnitude— dos datos imprescindibles que sitúan historicamente a emigración galega, sexa un relato de trinta e seis páxinas, incluíndo o achegamento cuantitativo que se fai das saídas cara a América, Europa e mesmo o interior de España, onde se atopa un bo compendio (xunguindo con lucidez distintos aspectos estudiables da emigración con notables referencias bibliográficas no estudio do tema central) de teorías, hipóteses, correntes, e aínda causas explicativas que foron facendo deste un campo tan propicio á investigación interdisciplinar como é hoxe.

Seguen, conformando a segunda parte, unhas páxinas dedicadas a ordenar as obras sobre emigración, desde as máis xerais, onde se inclúe a referencia dos libros sobre emigración española —para enmarcar o movemento migratorio galego dentro do estatal—, ata outros complementarios a modo, dino os propios asinantes da recopilación, de caixón de xastre e onde aparecen mencionados nada menos que cento vinte traballos nos que o guión ou argumento medular xira arredor da nosa diáspora.

Engádese a continuación unha interesantísima relación de publicacións periódicas galegas, en número superior as trescentas, editadas fóra de Galicia (que van desde revistas e boletíns ata memorias publicadas por centros galegos). É doado decatarse da enorme importancia que teñen hoxe para a investigación estes órganos de expresión. Sen eles non sería posible ningún proceso serio de indagación sobre determinados aspectos da vida da colectividade. Cómpre recoñecer neste senso o esforzo, aínda inacabado (e para o que se necesita unha decidida axuda das institucións), de búsqueda, catalogación e custodia feito por importantes bibliotecas como as correspondentes da Universidade de Santiago de Compostela (a Sala "América" é un exemplo a seguir), da Fundación Penzol, do Museo de Pontevedra, ou a do Instituto Padre Sarmiento, entre outras. Sen marxinar en terras americanas, por máis que reclamemos desde aquí a súa rexeneración e dignificación, a biblioteca do Centro Galego de Bos Aires.

Pero dito isto tamén vai sendo hora de manifestar —chama a atención a falta reivindicativa de mellores voces e plumas— unha ausencia que non teñen curiosamente outros pobos con experiencia histórica de moita menos envergadura no que atinxe á cuestión migratoria. Estoume referindo á creación dunha institución ou organismo, que puidera ter rango de Instituto Superior, deseñado e definido para cumprir a misión única de recopilar, inventariar, catalogar, custodiar e, definitivamente, dar pulo ó estudio sistemático e rigoroso deste legado singular, aínda realidade palpitante, do pobo e da cultura de Galicia. Coidamos que se precisa xa un esforzo colectivo de concienciación e cooperación sincera entre as instancias de dentro e de fóra, que poden facer posible —polos medios que a empresa demanda— unha iniciativa nesa dirección. Do que se trata é de asegurar o mellor coñecemento da diáspora galega nas súas diversas etapas, coas súas implicacións e consecuencias no discorrer do país. Pero non ha servir só para iso, senón tamén para situar conveniente-

mente (o que reclama estudio interdisciplinar) agora e mañá as claves interpretativas, os puntos críticos, e os pilares fundamentais na abordaxe efectiva dos problemas que afectan ós nosos compatriotas no exterior.

Contribucións coma esta guía que comentamos son unha invitación a seguir profundizando e descubrindo novos camiños no estudio da emigración galega. Estamos seguros de que esta riqueza de traballos coa que hoxe contamos estimulará, continuando unha tendencia apreciable no último lustro, moitas máis liñas e proxectos de interese investigador, xunto cun posible acicate das empresas editoriais do país galego, que se poida traducir na mellor demanda de relatos, crónicas, testemuñas, e orixinais en xeral vencellados a ese mundo tan propio e condicionador de Galicia.

Pódese dicir, entón, que contamos cunha boa base documental desde a aparición desta guía a cargo dos profesores Hernández Borge e Durán Villa. O importante agora é que dea pulo, como insinuabamos antes, a novas empresas de traballo indagador, alén de calquera reduccionismo académico, acerca de tan significativa búsqueda para todos nós.

MIGUEL ANXO SANTOS REGO

A interesante arte de intitular

■ SARAIVA ARNALDO. *O Livro dos Títulos (À Falta de Melhor Título)*, Edições Foco, Porto, 1992.

Como unha conxuntura que semella adecuado calificar de próspera, son máis de cada vez nos últimos tempos as calas e as eséxeses que ollan cara a áreas do feito literario antes xulgadas, case en xeral, de importancia pobre ou de mero carácter anecdótico. Entre outras mostras que se xuntarían para testemuñar tal proceso, convén dicir que iso aconteceu especialmente cos títulos, ós cales, por exemplo, en difícil enigma, malia o esforzo acostumado por parte dos escritores co propósito de os achar idóneos para as súas obras, os vaivéns do porvir non lles soeron deparar sempre análoga estrela. En efecto, os títulos nunhas ocasións conseguen disfrutar dunha posteridade feliz, avalada por unha moda de emulacións e remedos despois de se comprobar que encandearon a xente, en tanto que noutras, polo contrario, non chegan a ter a sorte propicia a fin de seren gardados fielmente na memoria dos lectores.

En calidade de probas da primeira circunstancia posible, sobrancearían en período recente *Crónica dunha morte anunciada*, de Gabriel García Márquez, ou *A insustentable levidade do ser*, de Milan Kundera, ambos os dous títulos de inmensa fortuna en infinitas imitacións, unha boa parte delas en titulares xornalísticos, que axudaron a fixalos na mente das persoas que os leron e ata das que non pasaron de os atopar citados nalgures. Na literatura galega, sinalaríase no pasado inmediato *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, seica título concordante coa experiencia autobiográfica do autor durante a xénese do primeiro poema que integra o libro, entre as paredes dunha cela do convento de Celanova, mudado en cárcere durante a Guerra Civil, por canto axiña ese

enunciado derivou, cun éxito popular inusitado, nunha expresión interpretada polo común contra a duradeira noite da dictadura franquista. Por suposto, pouco elegante viría ser o indicar casos de títulos que, ata pertencendo a moi interesantes obras, se sentiron afectados pola circunstancia inversa, isto é, o implacable esquecemento ou o recordo maltreito, pero precísase avisar que non resultaría un exercicio laborioso, nin tampouco inútil, que cadaquén reparase neles para tirar algunha lección.

O simple destino dispar dos títulos acaso pareza unicamente unha cuestión sen relevancia, a penas de carácter accesorio na comprensión estética dunha obra. Sen embargo, en realidade non deixa de supor un indicio bastante ilustrativo, igual que o cumio visible dun iceberg, de que pagaba a pena mergullarse neste mar inédito por ver de dilucidar o celme variado dos títulos. Porque un título é un auténtico microtexto que, por debaixo da tona que se inscribe nas cubertas dos libros, establece a miúdo unha complicada rede de relacións significativas co material que intitula, o autor e mais o lector, incluso, estrañamente, en propostas tan extremas como as de Raymond Smullyan, con *Este libro non necesita título*, Irene Lisboa, con *Título Qualquer Serve*, ou Adélia Pinto, con *Um Livro sem Título*. Poida que fique por unha opinión hiperbólica, e, emporiso, correspondería evocarmos na súa probable transcendencia as seguintes palabras de Michel Hausser dedicadas ós títulos: "Antes do texto está o título, despois do texto queda o título".

Non ten de desconcertar, xa que logo, que a interesante, e complexa, arte de intitular, inherente á propia creación de literatura, se erixise na actualidade en obxecto de análise con seriedade e rigor. Está en marcha a tituloxía, pese ó abraio comprensible dalgúns, unha disciplina de flamante desenvolvemento no ámbito dos estudios literarios modernos, pero encamiñada paseniñamente a arroxar moita luz sobre os nomes dos libros. Abundantes páxinas sobre a materia xa non faltan, e, en lugar destacado, hai que mencionar *A marca do título. Dispositivos semióticos dunha práctica textual,* do holandés Leo H. Hoek, e *Elocuencia dos títulos*, do norteamericano C. Kantorowicz, así como o excelente capítulo "Os títulos" que aparece no libro *Seuils,* do francés Gérard Genette. Como responsables de abordaxes de menor extensión acerca dos títulos, mesmo que tamén espléndidas, aínda sería obrigatorio enumerar a autores da categoría de Riffaterre, Spang, Grimaud, Dillon, Fisher, Georges Jacques ou Carlos Reis, unha nómina con abondo prestixio para comprendermos que non cómpre desviar enteiramente a atención con respecto á tituloxía.

Arestora sumouse de maneira segura á relación devandita de estudiosos o profesor universitario portugués Arnaldo Saraiva, gracias a un opúsculo de pouco máis de sesenta follas, intitulado *O Livro dos Títulos (À Falta de Melhor Título)*, que se presenta sólido e irónico, certeiro e suxestivo. Escrupuloso investigador da historia literaria portuguesa contemporánea e dono xa dunha ampla e vizosa bibliografía, Saraiva ten dirixido o seu múltiple interese, principalmente, ás figuras de Fernando Pessoa, Mário de Sá-Carneiro, Carlos Drummond de Andrade, Sophia de Melo Breyner Andresen e Eugénio de Andrade. Debruzouse, así mesmo, sobre as pegadas da recepción da obra de Rilke en Portugal e no Brasil e, nun vasto proxecto que se tornou de consulta forzosa, ó fenómeno das vangardas luso-brasileiras. Non obstante, de cando en vez Saraiva tamén se veu entregando sen academicismos a propósitos curiosos de exigua magnitude en aparencia, concebidos talvez como alivios que minguasen o efecto das fatigas do frío pesquisador literario. Dese modo xurdiron libros seus de títulos e temas tan insólitos como *Um Nome para o seu Filho, Encontros Des Encontros, Os Hinos Nacionais, Literatura Marginal izada* ou *Un Nome para o seu Filho e para a sua Filha, Seguido de Os*

Escritores e os Nomes. En *O Livro dos Títulos*, por conseguinte, non debe sorprender que Saraiva de novo mesturara a erudición e o enxeño en doses proporcionadas, agora con motivo de ofrecer unha reflexión pormenorizada verbo da fasquía dos títulos.

Unha menciñeira pretendía compor cultamente, a través de libros fascinantes, a unha muller grávida con arelas de planificar o sexo do fillo que habería ser: recoméndalle para unha filla a lectura de *A filla da florista*; se desexar un fillo, a de *O fillo do pescador;* se quixese ter dous fillos, pois *Os dois irmáns*, e se xemelgos, *Os xemelgos*... A nai vindeira, por fin, esmorece e vén ó chan, xa que a verdade era que andaba ás voltas con *Alí Babá e os corenta ladróns*, un título abofé perigosamente oportuno para que dese cumprimento exacto ó seu devezo maternal. Na Francia seiscentista, o cardeal de Richelieu, ministro do rei Luís XIII, preguntaba con indisimulada expectación a Le Camus, bispo de Belley, o seu xuízo de *O príncipe*, de Jean-Louis Guez de Balzac, e de *O ministro*, de Silhou. Tras dubidar en principio por mor da prudencia, Le Camus ceibou con avesa determinación, ó cabo, a malévola resposta seguinte: "Opino que o príncipe non vale nada, e que o ministro aínda vale menos". Brincadeiras chispeantes desta agudeza, a última delas documentada no libro *Bons Ditos de Reis, Príncipes e Outras Personagens Portuguesas e Estrangeiras,* sen se faceren inexcusables ó longo das argumentacións teóricas fornecidas, encóntranse a eito no libro de Saraiva. Por ventura, el non se abandonou ante a tentación conveniente de adobiar o seu discurso con sucesos e ditos pracenteiros, que, inevitablemente, prenden do lector e acaban por o engadar.

É correcto advertir, así a todo, que en *O Livro dos Títulos* predomina a meditación ponderada máis alá das ocorrencias. Saraiva non acomete con frivolidade o comentario dos títulos, pois demostra sentir enorme respecto ante un tema que quizais noutras mans, menos comedidas, só aportase como resultado unha acumulación de trivialidades. Cre de fixo na importancia dos títulos, trata de a documentar con testemuños e acontecementos, e, en definitiva, procura vencer cun magnífico desenlace o pasmo inicial dos moitos que ata agora non albiscaron neles, na mellor das conxecturas, máis ca unha sinxela marca identificativa dos libros. Ata sostén Saraiva que ás veces posuír un título apropiado dá lugar a planear mellor unha obra, ou polo menos, tras ser superado o esvaradío transo de intitular, a aproveitar a inspiración con maior rendemento mentres aquela está en xestación. Esa vantaxe ben a reflectiu Camilo Castelo Branco nun episodio verídico, cando, a prol da súa facilidade fabuladora, lle confesou ó seu amigo Xavier de Novais sobre a concepción dunha nova novela súa: "Há-de chamar-se o dito romance *Camisa de Onze Varas*. Agrada-te? Ainda não tenho o enredo; mais quem faz um livro de trezentas páginas é o título, que ocupa uma linha". No polo oposto situaríase a experiencia do extraordinario novelista Virgílio Ferreira, quen, por se adoitar sentir agoniado cando lle ha aplicar un título á obra que está a facer, opina que a tarefa de intitular, unha deliberación arriscada, é a primeira que se realiza e a postremeira que se decide. Por esa razón, o autor de *Manhã Submersa* ten por método escribir, en sucesivos intres en tanto que constrúe a novela, unha longa lista de títulos eventuais que, con todo, logo despreza paradoxalmente en beneficio do último que lle vén á cabeza a piques de rematar a obra. No xusto medio, se cadra, entre a desenvoltura de Castelo Branco e a contrariedade de Ferreira, no tocante ós títulos, cumpriría colocar a historiña daquel autor portugués que finalizara unha novela á que non lle daba elixido un título que o agradase. Decidiu solicitarlle consello a un bo amigo, e este, despois de o someter a un curto e inxenuo interrogatorio sobre se na novela había algún tambor ou algunha trompeta, acordou o que coidaba o máis marabilloso dos

títulos: *Sem Tambor nem Trombeta.* Por certo, na narración do nacemento de título tan lóxico pódese rexistrar unha espléndida evidencia do estilo sutilmente retranqueiro co que Arnaldo Saraiva enfrontou en moitas pasaxes a redacción de *O Livro dos Títulos*: "A história do título *Sem Tambor nem Trombeta* ouvi-a pela primeira vez talvez en tempo de serviço (militar), que, como é sabido, mesmo por quem o não fez (por razões que irão do pé chato até à abertura sexual, à coluna ou à mente doentes, à objecção de consciência, e à inconsciência das cunhas), é um tempo eminentemente cultural, propício, por exemplo, à arte de lidar con canhões ou com palavrões".

Xunto con eses tres que agora recollemos, Saraiva disemina suficientes exemplos e alegacións ó longo do seu libro, e tráeos sempre a colación coa vontade de inducir desde os sucesos concretos, e non ó revés, o procedemento de enxergar algunhas hipóteses que colaboren a profundar nos títulos. Así lembra con toda a formalidade que Jean Ricardou definiu o título, no eido da teoría da literatura, como o verdadeiro nome do texto —"onomatexto"—, ora ampliando o seu sentido por referencias internas da obra mesma —"ultranome"—, ora restrinxíndoo por certa clave que logo dispón o autor en calquera fragmento —"antinome"—. Pero Saraiva maniféstase realmente consciente, e necesario é o salientarmos, que o exorbitante inventario de títulos que construíu a historia literaria permite con maior bondade o exame especulativo ca un labor de completa catalogación. No devir de tantos séculos, a práctica textual dos títulos foi conformando un confuso caixón de xastre que, por numeroso e versátil, se resiste duramente á taxonomía por moito que con presupostos semióticos se teña pretendido o facer. Desde denominacións medianamente longas como *Prendas da Adolescência Prendada com as Prendas, Artes, e Curiosidades mais teis, Deliciosas e Estimadas em Todo o Mundo,* de Baptista de Almada, e *Grinalda de Flores Enfeitada, e Composta de Boninas Diferentes, que se Colherão em uma Manhã de Maio no Delicioso Jardim da Sabedoria dos Filósofos,* de António da Silva, ou de orixe matemática como *Deseja-se Mulher - 1+1= 1 e K4 o Quadrado Azul,* as dúas de Almada Negreiros, ata monosilábicas como *Só,* de António Nobre, e *Mas...,* de Ferreira de Castro, ou abreviadas como *V.*, de Thomas Pynchon, e *S.*, de John Updike, houbo e haberá moreas de títulos a cada cal máis distinto. A marxe de orixinalidade á hora de intitular unha obra vaise reducindo sen cesar, mentres que, na mesma medida, medran no presente as ansias de inventar outros títulos que tendan novidosamente á rareza para apreixaren o público. Ambos os dous feitos enmarañan sen remisión calquera tentativa clasificatoria desde unha posición crítica, e decatarse diso, sen se contradicir, é virtude de Saraiva en *O Livro dos Títulos,* dándolle a razón á plenitude conceptual daquela sentencia do escritor brasileiro Machado de Assis: "O melhor dos títulos é ainda aquele que não precisa de explicação".

Por iso, a final de contas, nesta obra permanece a intelixencia e a pericia de quen sabe ser, ademais de estricto investigador literario, cronista asisado do mundo dos títulos con ideas perspicaces, as cales veñen engrosar con brillantez a tituloxía. O lector pode ben distinguir que o volumiño deita de contino moita sabedoría valiosa disfrazada de amenidade, posto que aquí abrolla, a carón de rexos postulados, un finísimo humorismo que converte estas páxinas nunha lambetada intelectual. Para nos ratificar ó mellor en tal impresión definitivamente, Arnaldo Saraiva púxolle a fin ó seu libro con esta leria derradeira que, por se esquecermos o título, busca non haber na casa do ferreiro coitelo de pao: "Digam lá: qual é o título deste livro?" Pois velaí: *O Livro dos Títulos (À Falta de Melhor Título).*

XOSÉ MANUEL DASILVA

A nación como discurso e doce discursos sobre a nación

● JULIO CABRERA VARELA, *La nación como discurso. La estructura del sistema ideológico nacionalista: el caso gallego.* CIS / Siglo XXI de España Editores, Madrid, 1992.

Julio Cabrera vén de publicar un excelente libro, *La nación como discurso*, orixinariamente a súa Tese de Doutoramento. Cómpre avisar que, tanto o autor, coma o seu director de Tese, e mais o seu codirector, son compañeiros de Departamento e mesmo de Facultade, o que fai incómodo o labor do recensionista, pois o que poida haber de laudatorio será atribuído á amizade e o que poida haber de negativo ás mesquiñas querelas que, con frecuencia, xorden na vida corporativa universitaria.

Confesada a excelencia do libro, que prestixia ó autor e ós que con el colaboraron, o meu comentario centrarase nos aspectos de discrepancia e non de concordancia. Comezando abruptamente, eu diría que gusto do libro no que non entendo e non gusto no que entendo. Digo isto, porque hai xa anos abondo escribín algunhas cousas relativas ó nacionalismo galego, ou a temas próximos. Ben ruíns debían ser a xulgar polo escaso eco que tiveron na literatura posterior. Unha das razóns que pode explicar esta cativeza do meu traballo é a utilización dunha metodoloxía abondo sinxela. Eu escribín no calco dunha literatura que trataba o nacionalismo, na perspectiva das ideoloxías e dos movementos político-sociais, cun instrumental reducido ás regras da lóxica trivial.

En cambio, *La nación como discurso*, de Julio Cabrera, fai unha análise léxica, semántica e semiolóxica, en base a datos tratados estatisticamente e cun esforzo grafosemiolóxico, que atribúen, ó seu libro, un gran valor metodolóxico independente do tema concreto que trata. Por iso dicía que nisto, que eu non entendo, gosto moito do libro. Coas cautelas derivadas da miña escasa competencia específica neste tema, farei algunhas observacións.

Cabrera conceptualiza a nación como mito, no sentido barthesiano. O mitoloxema nacional sería un "sistema semiolóxico segundo", no que a significación mítica nunca é arbitraria. Que a nación pouse nun mito non quere dicir —di o autor, abrindo o seu libro e invocando a Recalde— que sexa unha ficción ou un invento. Polo contrario, sería unha realidade social, e nesa medida, segundo Cabrera e o seu inspirador, resultado dun proceso de decantación histórica, que Recalde, asombrosamente para min, ousa chamar "modo de organización nacional", que precedería lóxica e xeneticamente á propia "construcción da nación". Combinar a Barthes e Recalde seméllame empresa de formidable alquimia. Se Julio Cabrera acertou no intento, merece extraordinaria felicitación. De todos xeitos, non houbera estado mal unha utilización máis extensa da teoría sobre o nacionalismo propiamente dito, virtualmente reducida no libro ó citado Recalde máis Maiz, Pérez-Agote e Ruiz Olabuénaga.

O mito nacional constitúese en discurso: *La nación como discurso*, chámase o libro. A este respecto, non digo que o autor non o teña claro, pero temo que o lector non particularmente informado non se aclare abondo sobre a súa opinión respecto da relación a establecer entre a contextura da "realidade social" en xeral, e a contextura da "realidade nacional", en particular. Algunha invocación de Berger e Luckman e sobre todo de Schutz deitan máis dúbidas que esclarecemento. ¿Toda realidade social é unha construcción mental, sobre a

base dun proceso de comunicación intersubxectiva ou, como pretendeu Miguel Beltrán, hai "realidades reais" e "realidades menos reais", meras representacións ou sinxelas aparencias? Abruptamente, ¿cal é a diferencia, se hai diferencias, entre a "realidade nacional" e outras "realidades sociais", poñamos por caso a clase social, o Estado ou outras formas de dominación política, etc.?

Descendo a terreos triviais, nos que me sinto máis seguro, toda a imponente construcción metodolóxica de Julio Cabrera vén erixida a propósito da análise de doce entrevistas con outros tantos intelectuais nacionalistas galegos, o que, a primeira vista, me suxire unha certa desproporción, que quizais mereza máis loanza que crítica, entre metodoloxía e obxectivo final. En todo caso, ó chegar á análise semiolóxica, tense a impresión de que todo o esforzo de análise léxica a semántica precedentes ou era innecesario ou non é suficientemente explotado. Noutras palabras, a análise semiolóxica do autor non parece ofrecer resultados diferentes daqueles ós que se chegaría cunha metodoloxía trivial.

Cabrera parte da hipótese, moi xeneralizada, de que os intelectuais xogan un papel moi relevante nos procesos de construcción nacional, e nese sentido a súa selección de entrevistados é irreprochable. Mesmo que o esteroetipo de "intelectual" ofreza con moita frecuencia problemas definitorios, a selección do autor é abondo convincente. Dos doce entrevistados, dez son profesores de ensino medio ou universitario, outro, Ramón Piñeiro, poderiamos calificalo de profesor "honorario" ou "particular", co que só resta Xan López Facal cun perfil profesional relativamente diferenciado. Pero, ben que non haxa dúbida sobre a común condición de intelectuais de todos os entrevistados, a súa relación coa actividade política é ben diferente. Francisco Rodríguez, por exemplo, é tan profesor coma Gómez Segade, pero todo semella indicar que o segundo é moito menos "político" do que é o primeiro.

A cuestión ten transcendencia porque cando Julio Cabrera dispón os seus entrevistados sobre un eixo de radicalidade nacionalista é doadamente observable que entre os menos radicais predominan os "menos políticos" e entre os máis radicais predominan os "máis políticos". O sorprendente non é a selección dos entrevistados nin a súa disposición sobre o eixo da radicalidade, senón que o autor non evoque, mesmo de paso, a posibilidade de que os resultados das súas análises poidan estar mediatizados por esta maior ou menor entrega á actividade partidaria.

Máis sorprendente me resulta aínda que o autor tematice as disposicións sobre o eixo de radicalidade nacionalista en termos prestados da dimensión esqueda-dereita. Os menos radicalmente nacionalistas serían liberais, os intermedios, esquerda moderada, e os máis radicalmente nacionalistas serían esquerda radical. De acordo con que esta é a autoidentificación dominante na ideoloxía nacionalista galega, pero asumila nun traballo científico supón caer na trapela da ideoloxía que se pretende estudiar. Pódese admitir que a disposición que fai Julio Cabrera, de maior a menor radicalidade, verifica a correción do seu método pero identificala cunha disposición dereita-esquerda cumpriría dalgunha xustificación e, a primeira vista, seméllame que presenta calificacións disparatadas.

O mesmo, cando menos, cumpriría dicir da calificación que o autor ofrece para a distribución dos seus entrevistados, segundo a súa filiación política, onde mestura termos procedentes de ordes conceptuais heteroxéneas: liberal/centro, socialdemócrata, frontista, e independentista. Un liberal pode ser independentista, do mesmo xeito que un independentista pode ser socialdemócrata. Un frontista pode ser calquera cousa, na dimensión esquerda-dereita, e ta-

mén pode ser independentista. Os que Júlio Cabrera chama frontistas son os que son, ou eran, do Bloque, ¿pero é o Bloque unha verdadeira fronte?, ¿hai posibles modelos de fronte diferentes do Bloque? Esta clasificación non é, por tanto, só imprecisa, senón, o que é máis grave, unha vez máis fica prendida na gratuíta pretensión ideolóxica de que existe unha correspondencia unívoca entre esquerda e independentismo galego e dereita e centralismo español.

Malia estas obxeccións, de diversa natureza e consistencia, o libro é excelente. Convido á súa lectura, tanto os que teñan interese na metodoloxía léxico-semántico-semiolóxica da análise social coma os interesados no coñecemento e discusión das particulares concepcións de Galicia nos máis caracterizados intelectuais nacionalistas, discusión que aquí sería impertinente.

J. VILAS NOGUEIRA

TEATRO

¿Móvese algo no teatro galego?

OBRA: Galileo Galilei
AUTOR: Bertolt Brecht
TRADUCCIÓN: Cándido Pazó
REPARTO: Ernesto Chao, Raúl Varo, Luma Gómez, Xavier Estévez, Serxio Pazos, Carlos Blanco Vila, Rebeca Montero, Xosé Vilarelle, Diego Varela, Inma Antonio, Tuto Vázquez, Pepe Soto.
DRAMATURXIA, ILUMINACIÓN E DIRECCIÓN: Eduardo Alonso
ESCENOGRAFÍA, VESTIARIO E ATREZZO: Paco Conesa

Entre as oportunidades culturais que nos brinda o proxecto Compostela 93 cómpre destacar o froito da colaboración entre a compañía Teatro do Noroeste e o Consorcio da Cidade de Santiago, que deu como resultado a posta en escena dunha particular versión do *Galileo Galilei* de Bertolt Brecht.

Brecht escribiu a primeira versión do *Galileo* en 1939. Posteriormente, amañou unha versión abreviada para o público norteamericano que foi protagonizada por Charles Laughton. A versión definitiva data de 1955 e foi estreada dous anos despois polo *Berliner Ensemble*: os ensaios foron dirixidos polo propio Brecht ata o momento da súa morte, o 14 de febreiro de 1956. Nesta ocasión, o texto chega a nós nunha correcta e coidada traducción de Cándido Pazó, só deslucida ás veces pola pésima fonética dalgún dos actores. A versión galega contribúe a salientar a contundencia e a directa inmediatez dun texto que se nega a si mesmo todo protagonismo, concebido para obrigar ó lector a penetrar no senso profundo da historia que se lle quere contar.

A calidade do traballo actoral está por riba da media á que nos ten afeitos un teatro como o galego, escravo adoito da improvisación e o voluntarismo. Así, a profesionalidade de Ernesto Chao axúdalle a construír un convincente *Galileo*. Ó seu carón, abouxa un chisco o exceso de enerxía co que Raúl Varo pretende facerse pasar por un rapaz de once anos, que é a idade que ten Andrea Sarti ó comezo da obra. Luma Gómez e Serxio Pazos, moito máis sobrios do que acostuman, gustan e convencen, especialmente este último na súa excelente interpretación dun freire entrañable e contradictoriamente humano. Pero coido que por riba do aceptable nivel medio do conxunto actoral sobrancean Carlos Blanco no papel de Federzoni, quen demostra como se constrúe un personaxe a base de pequenos pero engaioladores matices, e Xosé Vilarelle interpretando a Barberini (primeiro cardeal, logo Papa Urbano VIII), sorprendente pola solidez dos seus recursos. Quizais no que fallou cla-

ramente o director foi na elección e formulación da figura do narrador: a Inma Antonio fáltalle forza e sóbralle afectación, non chega a funcionar nunca como axitadora das conciencias dos espectadores, nin sequera como simple correa de transmisión entre espectáculo e público. Péxaa a carga planfletaria do texto orixinal (que nesta versión se traslada en boa parte ás súas intervencións, alixeirando así as dos personaxes), que ela pretende gobernar a base dunha entre sofisticada e irónica frivolidade que só consegue desconcertar o espectador.

Nesta ocasión, coma case sempre, Eduardo Alonso apoiouse no seu equipo habitual e, polo mesmo, non quixo prescindir de Paco Conesa como o responsable dunha concepción plástica axeitada ós obxectivos dramatúrxicos do director. Conesa realiza un labor impecable, aínda que as roupaxes e máscaras coas que se engalanan os antroidos saben un pouco a reseso, resultan demasiado coñecidas para un público que non se deixa sorprender polos seus fogos de artificio estéticos, pois xa lle coñece de abondo os trucos. Tampouco se entende o vello recurso da mestura atemporal de modas, que semella distanciamento brechtiano pois, efectivamente, desfai a ilusión de verosimilitude; mais coido que, de ser esa a intención, daquela debérase ter procurado unha fórmula máis radical, pois hai momentos nos que o sabor a época resulta excesivamente descompensador como, por exemplo, nas escenas que transcorren no baile do cardeal Barberini.

Posiblemente haxa que agradecerlle á solidez do texto brechtiano o ritmo sostido con que transcorre a obra, quizais algo lento de máis ó comezo por un exceso de fidelidade ás farragosas paroladas científicas do protagonista no texto orixinal. Pero en conxunto, o traballo de adaptación é axeitado: suprime escenas coma a das deliberacións do Colexio Romano, que se nos dan resumidas por algún personaxe, e resolve con habelencia o problema da abundancia de personaxes do texto orixinal, prescindindo dalgúns que non pasan de seren simples comparsas (o Gran Duque Cosme de Médici, por exemplo) e facendo que todos os actores, agás Ernesto Chao, representen dous ou máis papeis. Algúns recursos escénicos xa convencionais, coma o de transladar a acción ó patio de butacas, rachan a progresión lineal da obra, o que contribúe a incrementar o distanciamento. Decepciona en cambio a representación do entroido que cae no manierismo e peca de cutre, reducindo á anécdota unha escena fundamental no conxunto da obra e intrinsecamente brechtiana.

Galileo Galieli é un texto inzado de mensaxes éticas e políticas. Tendo en conta os tempos que corren, se cadra habería que cuestionar a vixencia das devanditas mensaxes. E aquí acerta outra volta o traballo dramatúrxico pois, consciente da imposibilidade de transmitirlle ó espectador a totalidade das inquedanzas do autor, opta por subliñar aquelas que mellor poden conectar co público actual. Así, só se insinúa a rivalidade entre as cidades italianas, moito máis evidente no texto orixinal, e non aparecen por ningures os intentos mercantilistas, disfrazados de liberalismo político, de utilizar a Galileo e os seus inventos. Na miña opinión, o eixo arredor do que xira este *Galileo* é o do conflicto individual entre razón e superstición (entendida esta, nun senso amplo, como necesidade do "marabilloso"), representado aquí polas posicións diverxentes de Andrea e Galileo. Ante o laio espontáneo do primeiro, que se queixa dun mundo que non ten heroes, Galileo opón a súa consciente rebelión ante a necesidade que ese mesmo mundo ten de heroes, negándose a ser un deles e reivindicando simplemente (e xa é abondo) a súa condición humana.

DOLORES VILAVEDRA

Instituto de Filosofía Luso-Brasileira

Por iniciativa de 12 pensadores e investigadores portugueses (Afonso Botelho, Alexandre Fradique Morujão, António Braz Teixeira, António Quadros, Eduardo Abranches de Soveral, Francisco da Gama Caeiro, José Esteves Pereira, Leonel Ribeiro dos Santos, Manuel Cândido, Paulo Borges, Pedro Calafate e Pinharanda Gomes) e outros tantos brasileiros (Ana Maria Moog Rodrigues, António Paim, Aquiles Côrtes Guimarães, Constança Marcondes César, Italo Jóia, Luís Alberto Cerqueira, Luís António Barreto, Miguel Reale, Nelson Saldanha, Paulo Mercadante, Ubiratan de Macedo e Vamireh Chacon) foi creado, en Lisboa, o quince de xullo pasado, o Instituto de Filosofía Luso-Brasileira.

O nacemento desta nova asociación cultural, que ten por finalidade incentivar o estudio e a investigación no pensamento filosófico luso-brasileiro e promover a reflexión e o diálogo especulativo entre pensadores dos dous países, culmina un proceso de aproximación e efectivo diálogo filosófico entre Portugal e Brasil, iniciado en 1981 coa realización en Braga do I Congreso Luso-Brasileiro de Filosofía e continuado máis tarde pola creación, en Rio de Janeiro, do CELBRA (Centro de Estudos Luso-Brasileiros), pola edición da Enciclopedia Filosófica *Logos* e mais polos Coloquios sobre Tobias Barreto (Lisboa, xuño de 1990), Antero de Quental (Recife e Salvador, setembro de 1991) e Gonçalves de Magalhães (Lisboa e Évora, outubro de 1992).

Na primeira Asemblea Xeral do novo Instituto foi elixido o seu presidente de honra, o filósofo e profesor brasileiro Miguel Reale, así como os seus órganos sociais. Así, a dirección asumiuna Francisco de Gama Caeiro (presidente), Afonso Botelho (vicepresidente), António Quadros, José Estevez Pereira e António Braz Teixeira; así como António Paim, que preside a mesa da Asemblea Xeral e Alexandre Morujão como presidente do Consello Fiscal.

Do programa de actividades do Instituto para os próximos meses destaca a realización dunha sesión dedicada a celebrar o sexto centenario do nacemento do Infante Don Pedro, un ciclo de conferencias sobre filosofía luso-brasileira dos séculos XIX e XX, a creación dun grupo de estudio sobre a saudade (que será coordinado por Afonso Botelho e deberá abranguer non só as expresións portuguesa e brasileira deste sentimento e a súa dimensión especulativa, senón tamén a galega e mais a dos países africanos lusófonos) e unha exposición itinerante sobre a filosofía luso-brasileira que terá como principais destinatarios, fundamentalmente, a xuventude universitaria.

Está tamén na intención do Instituto a creación dun Centro de Documentación de Filosofía Luso-Brasileira e a edición dunha revista e mais dunha colección de obras representativas do pensamento luso-brasileiro e estudios que estean relacionados con el.

A sede provisional do Instituto está instalada no palacio de S. Cristovão, sito no Largo de S. Sebastião, 8, Paço do Lumiar. 1600 Lisboa.

ÍNDICE DE COLABORADORES

ROBERTO L. BLANCO VALDÉS. A Estrada, 1957. Profesor de Dereito Constitucional na Universidade de Santiago de Compostela, onde se doctorou con premio extraordinario. É autor de numerosos traballos —entre os que se contan libros, artigos e informes sobre comportamento político- electoral en Galicia—, dos que poden destacarse os seguintes libros: *Rey, Cortes y fuerza armada en los orígenes de la España liberal (1808-1823)*, *La ordenación constitucional de la defensa* e *Los partidos políticos*. Ten sido investigador visitante na Georgetown University (Washington) e na Universitá de la Sapienza (Roma).

XAVIER CARRO. Santiago de Compostela, 1942. Licenciado en Filoloxía Románica pola Universidade Complutense de Madrid. Colaborador habitual da prensa galega, deuse a coñecer como poeta e narrador cos libros *El dolor de la carne* e *Las horas y los días*. En galego publicou en 1973 *As calexas do cigurath* e recentemente o libro *A obra literaria de Eduardo Blanco-Amor*.

XOÁN FRANCISCO FERNÁNDEZ. Maniños (Fene), 1947. Enxeñeiro Agrónomo.

XULIO RÍOS. Moaña, 1958. Cursou estudios de Dereito e graduado Social na Universidade de Santiago de Compostela. Director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI). Comentarista de temas de política internacional en *A Nosa Terra* e *El Correo Gallego*. Ten publicado os libros *A conversión de Polonia*, *¿Que foi daquel soño?* e *Galicia e a Sociedade das Nacións*.

MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ. Profesor de Filosofía nun instituto de Vigo. Membro do Consello de Redacción de *Grial*, na que publicou "O misterio de conocer. A propósito da libertade contemplativa" e "Risco e o pensamento filosófico".

CLARA TORRES MARTÍNEZ. Areas de Tui, 1942. Licenciada en Filoloxía Hispánica. Graduada e Especialista en Lingua e Literatura Galega. Coordenadora dun Seminario Permanente de Renovación Pedagóxica. Neste momento, bolseira da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para Investigación.

MARCOS VALCÁRCEL LÓPEZ. Ourense, 1958. Doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. É autor de *A prensa en Ourense e a súa provincia*, coautor con X. R. Quintana de *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*, e autor do estudio "*Dos años da agitación política" (Basilio Álvarez no Parlamento)*. A súa tese doutoral versa sobre a vida política e o movemento obreiro na Segunda República en Ourense.

ELIXIO VILLAVERDE GARCÍA. O Irixo, 1954. Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Colaborador da prensa galega e do suplemento cultural do xornal mexicano *Excelsior* con traballos sobre historia de Galicia e emigración galega. Ten publicados *A Terra de Orcellón e O Irixo* e *Ramón Martínez López. Pola universalidade de Galicia.*

galaxia